PLAN DE
ORDENACIÓN
DO LITORAL

XUNTA
DE GALICIA

TÍTULO VIII

INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL (ISA)

1. RESUMO NON TÉCNICO

2. INFORME DE SOSTIBILIDADE AMBIENTAL

3. ANEXO 1: INDICADORES DE SOSTIBILIDADE TERRITORIAL

PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

XUNTA DE GALICIA

TÍTULO VIII

CAPITULO 1

Resumo non técnico

1. RESUMO NON TÉCNICO 05

1.1. Introdución 05
1.2. Determinación do ámbito de influencia 05
1.3. Análise obxectiva do contorno 05
1.4. Definición de obxectivos 05
1.5. Análise de alternativas 06
1.6. Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio 06
1.7. Deseño de medidas 07
1.8. Establecemento do plan de seguimento 07
1.9. Informe sobre a viabilidade económica 07
1.10. Análise de coherencia 07

Embarcación tradicional galega. Gamela.

1. RESUMO NON TÉCNICO

O presente documento contén o Informe de sostibilidade ambiental (en diante ISA) do Plan de ordenación do litoral de Galicia (en diante POL).

Unha vez analizado con detalle o contido do POL, realízase tal e como establece a Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre a avaliación dos efectos de determinados plans e programas, un diagnóstico no que se identifican, describen e avalían os efectos significativos que poidan producirse no medio derivados da aplicación do plan, Ademais disto, a dita Lei inclúe a elaboración dunha serie de alternativas que sexan razoables, técnica e ambientalmente viables. Entre estas alternativas ten que incluírse a alternativa cero que mostra a situación da non realización do plan.

Deste xeito, e en cumprimento da citada Lei, a amplitude, o nivel de detalle e o grao de especificación do presente ISA defínese atendendo ao alcance e contido do propio POL, así como ao Documento de Referencia (DR) elaborado pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible (en diante DXDS) tras identificar e consultar as Administracións públicas afectadas e o público interesado.

A seguir, preséntase un breve resumo, seguindo o esquema do ISA de cada un dos apartados desenvolvidos en profundidade no presente documento.

1.1. INTRODUCIÓN

Nesta primeira epígrafe descríbese o procedemento da Avaliación ambiental estratéxica (en diante AAE), o cal se debe facer paralelamente á elaboración do plan, de forma que interactúe ao longo de todo o proceso de desenvolvemento e toma de decisións.

A seguir, preséntase a metodoloxía que se leva a cabo ao longo deste documento, así como os procesos administrativos que a acompañan ata a súa aprobación definitiva e a súa posta en marcha.

1.2. DETERMINACIÓN DO ÁMBITO DE INFLUENCIA

Este apartado presenta o ámbito de estudo como o territorio comprendido dentro das primeiras bacías vertentes expostas ao mar e que comprenden o espazo que podemos denominar litoral, no que se identifican unha gran variedade de elementos tanto físicos como antrópicos cuxa amplitude e extensión fai referencia á gran complexidade desta comunidade Autónoma, que posúe a fachada litoral máis extensa do territorio español.

É importante destacar que o ámbito de estudo definido polo POL representa un 7,3% da superficie de Galicia, e que como se puido observar posúe realidades territoriais moi diferentes que teñen como nexo común a súa relación co mar.

Outra cuestión importante é destacar que para a elaboración do POL se traballou a unha escala de detalle de 1:5.000, o cal facilitará moito o traballo para unha planificación futura e para unha posterior xestión das determinacións do documento.

1.3. ANÁLISE OBXECTIVA DO CONTORNO

Na terceira epígrafe analízase o ámbito arredor de tres puntos:

- Análise da situación actual: atendendo ás variables (Solos, Paisaxe, Patrimonio natural, Patrimonio cultural, Sociedade, Economía, Atmosfera, Ciclo hídrico, Enerxía, Ciclo de materiais, Cambio climático e Mobilidade) e realízase unha breve descrición atendendo á normativa en vigor relacionada con cada unha delas.

- Breve resumo dalgún dos plans que exercen a súa influencia dentro do ámbito e que poderían afectar ao planeamento.

- Atendendo ás variables que marca o Documento de Referencia (en diante DR), identifícanse cales son os seus elementos estratéxicos no territorio, e tendo en conta os criterios de sostibilidade, que de novo establece o DR, identifícase unha serie de obxectivos xerais en relación con cada variable. Estes obxectivos permiten incorporar desde os primeiros momentos da planificación as consideracións relativas ás variables de sostibilidade.

1.4. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS

Unha vez presentados na epígrafe anterior os obxectivos xerais do POL en relación con cada variable, relaciónanse mediante unha táboa os seus elementos estratéxicos cos criterios de sostibilidade de cada variable do DR. É dicir, crúzanse

Praia do Trece. Camariñas.

os elementos estratéxicos que establece o POL cos criterios de sostibilidade do DR, ademais de relacionar cada variable coa súa homóloga, identifícanse aqueles elementos estratéxicos que interactúan con outras variables.

Con isto, ponse de manifesto a necesidade dun modelo que atenda tanto o territorio, como a poboación que vive nel e a economía que se xera.

Ademais, neste punto descríbense, para cada variable, tanto os criterios de sostibilidade do DR como os obxectivos do POL atendendo á importancia que os elementos estratéxicos teñen sobre o territorio.

1.5. ANÁLISE DE ALTERNATIVAS

Para a elaboración desta quinta epígrafe defínense cada unha das opcións que se tiveron en conta para a elección da alternativa máis adecuada con que elaborar o POL.

Defínense polo tanto as alternativas máis viables establecendo previamente un marco común, adaptado á escala do POL, que posibilitan a súa valoración e comparación.

As seguintes alternativas foron as que finalmente se estudaron:

- Alternativa 0: non realización do dito plan.
- Alternativa 1: protección de 500 metros dende a ribeira do mar cara ao interior.
- Alternativa 2: protección ambiental.
- Alternativa 3: protección ambiental e criterios de ordenación urbanística no litoral.
- Alternativa 4: modelo de xestión do litoral baseado no recoñecemento dos valores e elementos identitarios, incorporando a protección ambiental e criterios de ordenación xunto co establecemento dunha área de mellora ambiental e paisaxística, e os corredores ecolóxicos e funcionais.

Polo tanto, neste apartado amósase o grao de integración dos criterios de sostibilidade para cada obxectivo proposto. Todo iso expresado de tal xeito que se indica se estes se cumpren a través dun Plan sectorial, ou se o fai dunha maneira pouco eficaz, eficaz ou eficaz e innovadora.

Finalmente, despois desta análise, a alternativa seleccionada foi a cuarta, é dicir, o modelo de xestión do litoral baseado no recoñecemento dos valores e elementos identitarios, xa que se considerou a opción máis acertada para a consecución dos obxectivos previstos, e a que integra un maior número de criterios de sostibilidade.

1.6. IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO

Nesta epígrafe, identifícanse e caracterízanse os efectos máis significativos do POL sobre cada unha das variables de sostibilidade.

Preséntase, polo tanto, as variables identificadas para o POL en relación cos aspectos clave que son necesarios considerar na valoración da afección sobre cada unha delas.

Incorpórase ademais unha serie de reflexións nas que se realiza unha valoración acerca da afección sobre as variables consideradas para facilitar a súa comprensión.

Enumérase a seguir unha serie de aspectos clave que servirán para detectar as posibles interaccións (tanto positivas como negativas) existentes nas determinacións establecidas polo POL e polas variables de sostibilidade.

- Desequilibrios no litoral
- Intereses sectoriais predominantes
- Análise sistemática e multidisciplinar do litoral
- Actuacións carentes de planificación

1.7. DESEÑO DE MEDIDAS

A sétima epígrafe céntrase en analizar as medidas preventivas para garantir unha adecuada consideración dos efectos extraídos no apartado anterior de identificación e caracterización dos efectos sobre o medio.

Polo tanto, garante a incorporación dos criterios de sostibilidade territorial que suxire o POL, tanto mediante instrumentos de planificación sectorial ou doutras figuras de planeamento de rango inferior que desenvolvam o modelo territorial, como mediante o correcto funcionamento da planificación territorial en cachón no seu conxunto.

1.8. ESTABLECEMENTO DO PLAN DE SEGUIMENTO

Neste apartado, trátase de establecer indicadores e métodos que permitan coñecer a evolución das variables de sostibilidade para, dunha banda, controlar os efectos producidos sobre as ditas variables e, doutra, comprobar o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos propostos para cada unha delas.

1.9. INFORME SOBRE A VIABILIDADE ECONÓMICA

Ao ser o POL un instrumento de ordenación territorial de carácter estratéxico e desenvolverse as súas determinacións a través doutras figuras de planeamento, non esixe da implementación de medidas económicas concretas. Malia iso, o POL incorpora un Programa de Actuación recollido no Capítulo 1 do Título VI que serve de marco para a coordinación dos proxectos para desenvolver no litoral.

1.10. ANÁLISE DE COHERENCIA

Esta décima epígrafe refírese á relación entre todos e cada uno dos pasos decisivos deste proceso, atendendo tanto á súa coherencia externa, é dicir, a súa compatibilidade externa, como a interna.

PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

XUNTA DE GALICIA

TÍTULO VIII

CAPITULO 2

Informe de sostibilidade ambiental

1. INTRODUCIÓN 05

1.1. Procedemento 06
1.2. Metodoloxía para a elaboración do ISA 07

2. DETERMINACIÓN DO ÁMBITO DE INFLUENCIA 11

3. ANÁLISE OBXECTIVA DO CONTORNO 23

3.1. Análise obxectiva da situación actual 23
3.2. Relación cos plans vixentes ou en proceso de elaboración ou revisión 34
3.3. Identificación dos elementos estratéxicos do territorio 43

4. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS 45

4.1. Solo 45
4.2. Paisaxe 45
4.3. Patrimonio natural 45
4.4. Patrimonio cultural 46
4.5. Sociedade e economía 46
4.6. Atmosfera 46
4.7. Ciclo hídrico 46
4.8. Enerxía 47
4.9. Ciclo de materiais 47
4.10. Cambio climático 47
4.11. Mobilidade 47

5. ANÁLISE DE ALTERNATIVAS 51

5.1. Alternativa 0 52
5.2. Alternativa 1 55
5.3. Alternativa 2 56
5.4. Alternativa 3 58
5.5. Alternativa 4 60

6. IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO 71

6.1. Efectos da ordenación do territorio no litoral 71

7. DESEÑO DE MEDIDAS 75

7.1. Consideración da previsible interacción con outro planeamento 75
7.2. Medidas para o desenvolvemento en cachón con criterios de sostibilidade 75

8. ESTABLECEMENTO DO PLAN DE SEGUIMENTO 81

8.1. Indicadores de desenvolvemento e implantación 81
8.2. Indicadores de sostibilidade territorial 81
8.3. Enquisa de percepción territorial e urbanística 83
8.4. Órganos para o seguimento 83

9. INFORME SOBRE A VIABILIDADE ECONÓMICA 85

10. ANÁLISE DE COHERENCIA 87

10.1. Coherencia externa (análise da compatibilidade estratéxica) 87
10.2. Coherencia interna 93

Honckenya peploides, *vexetación propia dos areais.*

1. INTRODUCIÓN

As institucións europeas están fortemente comprometidas e convencidas de promover a introdución de criterios de sostibilidade, non só como obxectivo último senón tamén como punto de partida das decisións políticas. Nese sentido, a aplicación da Directiva 2001/42/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de xuño de 2001, supón un cambio significativo para os países membros da Unión Europea na maneira de elaborar os Plans e Programas. A completa transposición desta directiva conclúese en España o 30 de abril de 2006 coa entrada en vigor da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente (BOE nº 102, do 29 de abril de 2006).

Asumindo os seus principios reitores, as Directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral redefinen o marco conceptual da estratexia galega de desenvolvemento sostible introducindo nela a perspectiva territorial que, definida na Carta Europea de 1983 como “a expresión espacial da política económica, social, cultural e ecolóxica de toda a sociedade”, converte os instrumentos de planificación urbana e rexional nunha excelente ferramenta para avanzar cara á sustentabilidade.

Outorgando esta mesma consideración, a Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e de litoral de Galicia (DOG do 16 de maio de 2007), establece no seu Capítulo II os instrumentos de ordenación do territorio e de planeamento urbanístico obxecto de avaliación ambiental estratéxica. Así, no apartado a) do artigo 6 establece que os instrumentos de ordenación do territorio regulados na Lei 10/1995, do 23 de novembro, así como os proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal que non desenvolvan as previsións dun plan sectorial previamente sometido a Avaliación ambiental estratéxica segundo a Lei 9/2006, serán obxecto de avaliación ambiental estratéxica.

A Avaliación ambiental estratéxica é un proceso de avaliación ambiental que se debe integrar na propia elaboración do Plan, de forma interactiva ao longo do seu proceso de desenvolvemento e de toma de decisións. Deste xeito é necesario entender a planificación como un proceso continuo.

A AAE introduce non só criterios ambientais desde as primeiras etapas do deseño e a elaboración dos plans e programas, senón que tamén toma en consideración a interacción con variables económicas e sociais chegando así a un concepto máis amplo de avaliación. Esta idea impleméntase mediante o mantemento dunha interacción positiva e creativa entre a planificación e a avaliación durante todo o proceso de formulación

Floración no litoral.
Fondo escénico coas Illas Sisargas.

e redacción do plan. Polo tanto, os plans e programas deben ser flexibles, é dicir, capaces de internalizar mecanismos e procedementos de actualización deles sen que isto provoque a perda de eficacia en acadar os obxectivos propostos, pero a mesma flexibilidade debe mostrar a avaliación ao tratar normalmente con complexas interrelacións de variables cuxa valoración final non é sempre evidente.

Do mesmo xeito, é imprescindible a comunicación e a coordinación entre os diferentes entes e órganos da Administración implicados no plan ou programa.

Para unha integración efectiva da dimensión ambiental no proceso do plan, é necesario considerar a variable ambiental ao mesmo nivel de detalle e importancia que as outras variables sociais e económicas.

Vista desde o faro do Cabo Vilán.

1.1. PROCEDEMENTO

O proceso de AAE do Plan de ordenación do litoral comeza coa elaboración do Documento de inicio (en diante DI) do 2 de febreiro de 2009, no que se recollen de forma sumaria os principais obxectivos e a problemática á que se pretende dar resposta. Tras consultar as administracións públicas afectadas e o público interesado durante un mes, elabórase, con data 3 de abril de 2009, pola daquela Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible o Documento de referencia, que guiará o procedemento de AAE.

O DR ten por obxecto garantir a integración dos criterios de sostibilidade ambiental na toma de decisións do POL. Para iso determina as variables e criterios de sostibilidade que servirán de base para a análise das alternativas e propostas para a avaliación dos efectos da alternativa finalmente seleccionada.

O estudo das posibles alternativas mediante a súa confrontación cos criterios establecidos nas variables ambientais, así como a selección da alternativa finalmente considerada como proposta definitiva do POL plasmarase nun Informe de sostibilidade ambiental (ISA). A amplitude e o nivel de detalle deste veñen determinados polo DR.

O DR establece os seguintes contidos:

1. Determinación do ámbito de influencia.
2. Análise obxectiva do contorno.
   a) Análise obxectiva da situación actual.
   b) Relación cos plans, programas e estratexias vixentes ou en proceso de elaboración e revisión.
   c) Identificación dos elementos estratéxicos do territorio en función das variables de sostibilidade e caracterización da súa funcionalidade.
3. Definición de obxectivos.
4. Análise de alternativas.
5. Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio.
6. Deseño de medidas.
7. Establecemento do plan de seguimento.
8. Informe sobre a viabilidade económica.
9. Análise de coherencia.
10. Resumo non técnico.

O documento de aprobación inicial do POL (do que forma parte integrante o ISA) someterase a información pública, a un procedemento de participación e consultas. Como resultado dese proceso realizarase un informe sobre a participación e as consultas e xustificarase como se toman en consideración as observacións e alegacións realizadas, así como os informes sectoriais recibidos.

Unha vez realizadas as consultas, con carácter previo á aprobación provisional remitiráselle ao órgano ambiental o documento de POL para a aprobación provisional, do que forma parte o ISA, xunto co informe sobre a participación e consultas, así como unha proposta de Memoria Ambiental.

Con esta información, o órgano ambiental redactará (nun prazo de 3 meses) a Memoria Ambiental.

1.2. METODOLOXÍA PARA A ELABORACIÓN DO ISA

O POL é un instrumento de ordenación territorial, máis concretamente un Plan territorial integrado que ten por obxecto no contexto do marco xurídico recollido no Capítulo 1 do Título I da Memoria e, de conformidade co establecido na Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, e do acordo de Consello da Xunta do 24 de maio de 2007, establecer os criterios, principios e normas xerais para unha ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

Para unha mellor comprensión do ISA, é necesario coñecer o contido da memoria do POL e, en concreto, os criterios metodolóxicos para a súa formulación recollidos no Capítulo 2 do Título I da Memoria, así como das análises e estudos previos recollidos na dita memoria.

1.2.1. Determinación do ámbito de influencia

A análise das zonas costeiras conforme a delimitación das bacías vertentes recollida no Título II da Memoria concretou a delimitación do ámbito de estudo do POL. Para facilitar a comprensión deste documento, colleuse este ámbito de estudo como o espazo de referencia no que avaliar a influencia do POL e os seus efectos.

1.2.2. Análise obxectiva do contorno

a) Análise obxectiva da situación actual.

Consiste en poñer de manifiesto os condicionantes ambientais, económicos e sociais de partida no ámbito de estudo recollido. Para iso, recolléronse as reflexións contidas na Memoria do POL nos capítulos destinados á análise.

b) Relación cos plans, programas e estratexias vixentes ou en proceso de elaboración e revisión.

O POL debe analizarse no contexto das políticas e programas con el relacionados no nivel europeo, estatal e autonómico. Esta relación é a que se recolle neste apartado, desde unha serie de reflexións e instrumentos indicados no DR.

c) Identificación dos elementos estratéxicos do territorio en función das variables de sostibilidade e caracterización da súa funcionalidade.

O DR previamente estableceu unha serie de variables que se consideran claves para promover a sostibilidade. Estas variables son:



Contorno do Castro de Baroña.

Paisaxe, Patrimonio Natural, Patrimonio Cultural, Sociedade, Economía, Mobilidade, Enerxía, Atmosfera, Ciclo hídrico, Ciclos materiais e Solo.

En función do tipo de documento, unhas poden ter máis peso que outras, considerárense de maneira integral ou teren un carácter singular. Así, no documento do POL partiuse do entendemento da paisaxe como unha variable integradora do sistema natural e humano no que a sociedade e a súa maneira de percibila forma parte fundamental del.

Por outra banda, valorouse de maneira conxunta sociedade e economía posto que o alcance do POL nestas variables é máis ben estratéxico, xa que non ten uns efectos directos sobre elas. O POL non é un documento que regule o contido das políticas ou accións económicas, a súa regulación é só relativa ao lugar da súa implantación.

Polo tanto, e en xeral, poderiamos dicir que calquera instrumento que proporcione racionalidade ao consumo de solo terá unha valoración social e económica favorable na medida que este é un recurso escaso e non renovable e ten efectos significativos para a calidade de vida das poboacións.

Posto que o POL é un instrumento de ordenación territorial, recolléronse os conxuntos de elementos (agrupacións) e os elementos estratéxicos para a definición do modelo territorial necesario. Isto permitirá con posterioridade, como veremos, desagregar os obxectivos xerais noutros máis detallados e valorar finalmente o grao de cumprimento dos criterios de sostibilidade establecidos no DR para cada un deles nas distintas alternativas propostas.

1.2.3. Definición de obxectivos

A lóxica global do proceso de AAE precisa dunha definición de obxectivos cuantificables tanto para a globalidade da planificación como para cada unha das variables establecidas no DR e os elementos estratéxicos (agrupacións e elementos). Estes obxectivos deben manter, reforzar ou ambas cousas a funcionalidade dos elementos estratéxicos identificados.

Os Obxectivos do POL veñen dunha banda do contexto xurídico descrito no Capítulo 1 do Título I da Memoria, de conformidade co establecido na Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, e o acordo de Consello da Xunta do 24 de maio de 2007; e doutra, dos principios reitores para unha protección sostible recollidos no apartado segundo do Capítulo 2 do Título I da Memoria do POL.

1.2.4. Análise de alternativas

Para alcanzar estes obxectivos existen múltiples opcións que se poden plasmar en diferentes alternativas que terán que ser valoradas en función da integración dos criterios de sostibilidade establecidos no DR. Estes criterios foron os que se recollen na táboa 1.

Cada alternativa escollida, neste caso 4 ademais da alternativa 0, valorouse tendo en conta o grao de integración dos criterios de sostibilidade nunha serie de obxectivos específicos para cada elemento estratéxico no marco dos obxectivos xerais establecidos. Este método permítenos un achegamento gradual e obxectivo á valoración dos criterios, normas e principios xerais que un documento como o POL ten que establecer. Non debemos esquecer que o POL está suxeito a un marco xurídico, descrito no Capítulo I do Título I da Memoria e que, polo tanto, o seu alcance garda relación coas posibilidades que esta lexislación lle outorga. Polo tanto, estes obxectivos detallados servirannos como criterios de valoración das distintas alternativas.

VARIABLES	CRITERIOS DE SOSTIBILIDADE
SOLO	Promover un desenvolvemento que non supere a capacidade de carga do espazo litoral Promover o mantemento das funcións da estrutura do solo Promover un desenvolvemento do territorio litoral ordenado e eficiente Considerar a mobilidade como unha variable fundamental na análise de alternativas
PAISAXE	Favorecer a integridade paisaxística Contribuír á recuperación dos compoñentes ou elementos que favorezan a calidade paisaxística Preservar e protexer os valores e elementos de interese paisaxístico
PATRIMONIO NATURAL	Garantir a integridade funcional dos sistemas naturais Favorecer a conectividade ecolóxica Procurar a recuperación dos elementos que conforman a natureza Evitar a introdución e proliferación de especies foráneas
PATRIMONIO CULTURAL	Preservar e poñer en valor os elementos patrimoniais
SOCIEDADE	Fomentar a cohesión e a inclusión social, mediante a vertebración social Perseguir o uso equilibrado dos equipamentos e dotacións Fomentar a participación efectiva e o acceso ás redes de información e coñecemento Asegurar unha boa gobernanza
ECONOMÍA	Procurar a compatibilidade das actividades económicas coa capacidade de carga do litoral Fomentar a diversificación das actividades económicas Favorecer iniciativas endóxenas Garantir a participación das comunidades locais dos beneficios obtidos co uso dos recursos Procurar un uso eficaz dos instrumentos financeiros
ATMOSFERA	Procurar a mellora da calidade do aire Minimizar as emisións
CICLO HÍDRICO	Asumir os obxectivos de DMA Favorecer o estado das masas de auga Promover un uso racional dos recursos hídricos Adecuar o modelo económico-produtivo á dispoñibilidade dos recursos hídricos
ENERXÍA	Perseguir a redución das necesidades enerxéticas Procurar a diversificación do sistema enerxético Promover o desenvolvemento das fontes de enerxía renovables
CICLOS MATERIAIS	Ser coherente coa planificación en materia de xestión de recursos Promover un desenvolvemento prudente do consumo de recursos na xeración de residuos
CAMBIO CLIMÁTICO	Considerar os estudos e previsións sobre os efectos do cambio climático na toma de decisións do planeamento Prever e/ou reducir os efectos dos riscos que implica o cambio climático Promover a redución das emisións de gases efecto invernadoiro no deseño do Plan
MOBILIDADE	Perseguir a redución das necesidades enerxéticas Procurar a diversificación do sistema enerxético Promover o desenvolvemento das fontes de enerxía renovables

Táboa 1: criterios de sostibilidade.

Así, todas as alternativas, agás a 0, deben cumprir os obxectivos xerais propostos, pero como é lóxico, non todas elas chegan a incorporar cada un destes obxectivos detallados establecidos. A alternativa 0 consiste en valorar o grao de cumprimento dos criterios de sostibilidade no caso do que o POL non se levase a efecto, é dicir, no caso de que as cousas seguisen como están.

Finalmente explícase razoadamente como a alternativa seleccionada contribúe aos obxectivos establecidos con anterioridade.

1.2.5. Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio

O POL incorpora neste ISA a Análise de compatibilidade estratéxica definida no ISA das DOT para valorar a incorporación de criterios de sostibilidade territoriall adoptados, o proceso de toma de decisións e a relación cos elementos territoriais estratéxicos.

Pero, ademais, como instrumento de planificación que desenvolve o marco territorial establecido nas Directrices de ordenación do territorio (en diante DOT), o POL presentará os mesmos efectos sobre as variables da sostibilidade que é previsible que se produzan a través da implementación de estratexias ou plans de ordenación territorial.

É necesario traballar desde a perspectiva dunha consideración dos efectos previsibles nas sucesivas escalas de planificación territorial, xa que as determinacións establecidas no POL levaranse a cabo a través do desenvolvemento dos instrumentos de planeamento urbanístico. Para a identificación destes efectos que deben considerar os intrumentos, enumeraranse os aspectos clave que han ser especialmente considerados na valoración da afección sobre cada variable da sostibilidade.



Arco Bergantiñan.

1.2.6. Deseño de medidas

Tendo en conta o carácter estratéxico do POL, non resulta operativo o establecemento de medidas correctoras ou mitigadoras que serán máis apropiadas nos niveis de planificación que desenvolvan o POL e que posúan un maior nivel de detalle. Por iso, óptase polo establecemento de medidas preventivas que garantan a incorporación dos criterios de sostibilidade territorial que inspiran o POL, tanto se se trata por interacción doutros instrumentos de planificación sectorial, como se se trata de figuras de planeamento de rango inferior que desenvolvan o modelo territorial das DOT concretado polo POL para o ámbito do litoral galego.

1.2.7. Establecemento do plan de seguimento

O plan de seguimento seguirá a mesma metodoloxía establecida no ISA das DOT. Ao tratarse dun plan territorial, asumiranse os indicadores que se utilicen para medir a sostibilidade territorial segundo o decreto de seguimento das DOT ao que fai referencia o artigo 10.10 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, e instará a que, para a súa concreción, se consideren dunha maneira especial determinadas dinámicas do litoral para a interpretación dos resultados.

Ofrécese unha batería de indicadores de apoio para o sistema de seguimento da sostibilidade territorial (art 15.2 da Lei 9/2006). Para evitar duplicidades e gañar eficiencia, poderían utilizarse mecanismos de seguimento xa existentes.

1.2.8. Informe sobre a viabilidade económica

Analízase neste apartado a valoración económica e a súa conseguinte viabilidade das medidas correctoras dirixidas a fomentar os efectos positivos, minimizar os efectos negativos e establecer un plan de seguimento do POL. Para iso, o ISA toma como punto de partida o Programa de Actuación recollido no Título VI da Memoria. Débese ter en conta para comprender o enfoque deste apartado o alcance do POL, que como xa dixemos é limitado posto que os seus efectos necesitan na maioría dos casos da adaptación e a aplicación do planeamento urbanístico.

1.2.9. Análise de coherencia

Trátase de facer un repaso de coherencia no proceso de toma de decisións. Para iso, describiremos a coherencia dos contidos finais do POL con todos os pasos previos que permitiron chegar ao resultado final.

Xenericamente, explicaremos a través dunha figura o proceso de toma de decisións en cada paso e poremos algúns casos que exemplifiquen a coherencia en cachón (do POL coas DOT), a coherencia horizontal (do POL con outros plans sectoriais) e de como as medidas incorporadas inciden na planificación territorial de carácter inferior ao POL para garantir a consideración das variables de sostibilidade territorial en todo o planeamento.

1.2.10. Resumo non técnico

Debido á complexidade deste documento, creuse oportuno, mellorando o establecido no DR, situar este resumo como un capítulo previo e diferenciado do resto do propio documento do ISA co obxectivo de facilitar a súa localización e comprensión, xa que consiste nun breve resumo, con linguaxe simplificada, é dicir non técnica, dos apartados anteriores, ao mesmo tempo que facilita o acceso a contidos concretos.

Atardecer no Océano Atlántico na Costa da Morte.

2. DETERMINACIÓN DO ÁMBITO DE INFLUENCIA

A Comunidade Autónoma de Galicia forma parte do espazo Atlántico Europeo constituído polos estados de Portugal, España, Francia, Irlanda e Reino Unido, cuxo ámbito máis significativo é o ecotón terra-mar. Existe unha liña de traballo comprometida con contribuír ao desenvolvemento equilibrado e sostible deste espazo atlántico que vai desde o estreito de Xibraltar ata o norte de Escocia, consolidando un eixo prioritario de actuación: protexer, reforzar e mellorar o contorno mariño e costeiro de maneira sostible.

Considerando o conxunto das rexións que compoñen o espazo atlántico europeo, o galego trátase do único ámbito litoral que aínda carece dunha ordenación litoral específica, entendendo como tal a determinación duns obxectivos e parámetros normativos que contribúan a definir o modelo de protección e desenvolvemento deste territorio.

Porén, o ámbito litoral de Galicia ata hoxe nunca foi considerado como un sistema territorial en si mesmo. A delimitación por primeira vez dun ámbito de estudo litoral (máis alá do comprendido polos municipios regados polo mar) adquire mediante a redacción do POL unha personalidade propia que lle permite garantir a conservación da súa excelencia ambiental e favorecer ao mesmo tempo o desenvolvemento sostible.

Non obstante, a delimitación do ámbito de xestión do POL vén determinada tanto na Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, como no acordo do Consello da Xunta do 24 de maio de 2007, que circunscriben o ámbito do POL ao necesario para establecer os criterios, principios e normas xerais para unha ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras no marco dos 82 municipios recollidos no dito acordo.

O litoral de Galicia é dunha gran variedade e, ao mesmo tempo, dunha gran complexidade. Trátase dun conxunto de formas que se repiten no territorio pero de maneira aleatoria. Iso propicia a unión entre formas rochosas e areosas; de sectores levantados e afundidos; de rías e esteiros; e de esteiros asociados a formacións dunares, entre outros. Debemos ter en conta que Galicia posúe un litoral cunha lonxitude de 2.541 quilómetros, incluíndo 418 quilómetros de illas, 464 de marismas e 1.659 de costa, converténdoa na Comunidade Autónoma española coa fachada litoral máis extensa.

Sintetizando, pódese dicir que o litoral galego se caracteriza por:

a) A desigual extensión das distintas unidades morfolóxicas, ou sexa das chairas litorais, das serras ou dos outeiros ou vales. Polo xeral, as chairas acadan certo desenvolvemento na Mariña lucense, na ría de Arousa ou nalgúns sectores da de Muros e Noia ou na Costa Sur. As serras litorais acadan certo desenvolvemento na Capelada, O Morrazo ou na Groba, mentres que os vales están presentes en todos os lugares aínda que o seu perfil varíe duns lugares a outros nunha rede fluvial que se foi encaixando progresivamente no terreo desde hai millóns de anos.

b) A desigual distancia entre o litoral e a serras prelitorais nos diferentes sectores é o que explica o dito anteriormente en referencia ás chairas.

c) Dito o anterior, hai que salientar un terceiro elemento para ter en conta na planificación: as pendentes das ladeiras que presentan as formas do relevo que se orientan cara ao mar, que adoitan ser maiores naqueles lugares nos que as serras están preto do litoral e menores, nos que están máis afastadas. Isto non pode ser obviado nunca porque a maior pendente maior velocidade van adquirir as augas, moi especialmente en momentos de temporal de chuvia. E, a maior estreitez dos vales, feito que está en relación cos procesos de encaixamento, maior presión hidrostática sobre as ladeiras e maior ve-

Cantís.

Senda costeira das Furnas. Cangas.

locidade e forza das augas cando chegan ao litoral. Diso dan fe as inundacións ocorridas en Galicia nos últimos anos.

Queda claro polo tanto que para analizar os valores, procesos e dinámicas das zonas costeiras é necesario definir o ámbito en que se desenvolven atendendo á natureza e á diversidade da costa de Galicia.

Neste sentido, como base metodolóxica, tal e como se recolle no Título II, Capítulo 02, As Paisaxes, utilizaranse as bacías-vertentes como unidade básica de delimitación do ámbito de estudo. Trátase de áreas perfectamente marcadas no territorio polas que discorren as augas dos diferentes ríos ou regatos que verten ou verteron directamente ao mar. Neste último caso trátase de paleoformas.

No seu conxunto, é posible dicir que son áreas que:

a) Se abren cara o litoral.
b) Verten as súas augas directamente no mar aínda que sexa en momentos puntuais.
c) As ladeiras de cada conca están expostas directamente á influencia mariña.
d) Sobre elas construíronse unidades de paisaxe ben individualizadas.
e) É posible cartografalas a escala de detalle.
f) Pódense medir os caudais que achega cada bacía e planificar o seu uso, tanto como apoio ás actividades do litoral, como a posibles elementos de risco.
g) Nalgúns casos, as augas que achegan son empregadas para o consumo.



Ámbito de estudo.

Isto permitirá establecer coa máxima resolución unha liña divisoria de auga en cada unha das bacías. Este ámbito de estudo do POL pode resultar diferente ao ámbito administrativo establecido no acordo de Consello da Xunta do 24 de maio de 2007, pois pode incluír a totalidade ou non dos termos municipais nel recollidos, mesmo incorporar unicamente, para os efectos do estudo, solos doutros municipios incluídos nestas bacías vertentes. De feito este ámbito de estudo contempla 84 dos 82 municipios do ámbito de xestión.

A partir desta metodoloxía, o POL definiu o seguinte ámbito de estudo de aproximadamente 215.865 hectáreas, que representan o 7,3% da superficie de Galicia.

Trátase dun ámbito que, como se pode observar, abrangue realidades territoriais diferentes, condicionadas todas elas por un nexo común: a relación co mar.

É importante clarificar neste punto que a Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, suspendía a tramitación e aprobación dos plans especiais de reforma interior, plans parciais, plans de sectorización e instrumentos de equidistribución que tivesen por obxecto a transformación urbanística de terreos situados a unha distancia inferior a 500 metros, medidos en proxección horizontal terra dentro, desde o límite interior da ribeira do mar dos municipios. Esta medida ten que entenderse como unha medida cautelar para permitir unha estabilidade dos desenvolvementos urbanísticos mentres se redactaba o presente documento; esta medida polo tanto non leva implícito ningún modelo territorial e non responde á realidade do litoral de Galicia.

Esta cifra dos 500 metros provén do artigo 58 do Real Decreto 1471/1989, do 1 de decembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral para Desenvolvemento e Execución da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas. O POL propón porén unha ordenación do territorio costeiro de Galicia que, como indicamos responde a límites físicos comprendidos dentro dun ámbito de estudo.

O xeito no que se realizou a análise territorial para a redacción do POL pretende superar as limitacións metodolóxicas e espaciais da división administrativa ou comarcal. Utilizar criterios paisaxísticos e xeomorfolóxicos para delimitar áreas funcionais permite unha aproximación máis realista e eficaz que a elección de límites meramente administrativos, o que ao longo posibilita a creación dun modelo de ordenación territorial máis coherente coa tradición histórica e social da costa galega.

Outra cuestión tamén importante é a escala de análise como mecanismo para a aproximación á realidade territorial que abrangue este ámbito.

Para iniciar os labores encamiñados á elaboración do Plan de ordenación do litoral fíxose necesario optar por unha metodoloxía concreta e ben fundamentada. Iso supuxo, en primeiro lugar, definir a escala de traballo á que se ían analizar os diferentes espazos, o que levou a decidir de maneira diáfana o grao de detalle con que se levarían a cabo todos os estudos previos.

Había, polo menos, dúas opcións ben definidas. Unha, centrar a análise en grandes áreas; outra, ampliar o *zoom* e traballar a escala de detalle. No primeiro caso, sería necesario utilizar escalas 1:100.000 ou 1:50.000, o que obrigaba a traballar desde unha óptica rexional; no segundo, o nivel de análise situaríanse por debaixo do 1:10.000, o que permitiría realizar o traballo desde unha formulación ecoxeográfica, centrada en unidades de paisaxe. A primeira opción é válida para planificar grandes áreas urbanas ou infraestruturas; a segunda faise necesaria se o que se pretende é ordenar o territorio convertendo a paisaxe no eixo da planificación. A análise a escala 1:100.000 ou 1:50.000 permite definir as grandes unidades do relevo, a rede fluvial ou os usos do solo, neste caso, diferenciando, como moito, áreas cultivadas, monte baixo ou monte arborado, pero non outros elementos claves nas paisaxes como o tipo de cultivo ou de ocupación vexetal, ou mesmo a distribución dos diferentes elementos en cada paisaxe. Por iso, optouse pola segunda opción debido á gran diversidade deste litoral, xa qué a paisaxe unicamente se pode estudar a escala de detalle para poder afondar en todos os elementos que interactúan no territorio, e con este coñecemento facilitarase no futuro a planificación do territorio considerándoo desde o punto de vista dinámico e non como un escenario estático onde se levan a cabo as actividades humanas.

Por estes motivos anteriormente descritos, houbo que realizar un protocolo de actuación a tres niveis, como se explica con máis detalle no Título II, Capítulo 02, As Paisaxes.

A intensa humanización do espazo en Galicia, en xeral e no litoral en concreto, unida á fragmentación do relevo xerou unha enorme variedade de paisaxes. Este feito obrigou a levar a cabo unha caracterización e delimitación de unidades a unha escala de traballo que pode resultar excesiva pero que, non obstante, para chegar a establecer determinacións concretas nunha costa tan extensa e complexa como a de Galicia non o é. Empregar as escalas 1:50.000 ou 1:25.000 facilitaría sen dúbida realizar unha cartografía temática pero nunca unha de detalle, que é a necesaria para plasmar de maneira clara e precisa cada unidade de paisaxe existente no litoral, as súas características e elementos, para logo así poder valoralos e regulalos.

Por iso, no POL utilizouse a escala 1:5.000 para cartografar as diferentes unidades de paisaxe que, se ben supuxo un enorme traballo, facilita unha ferramenta moito máis precisa para a planificación no futuro. Isto permitiu tamén achegarse ao recoñecemento dos distintos usos do solo e os seus valores tanto naturais como construídos.

Finalmente, no marco deste ámbito de estudo as determinacións do Plan de ordenación do litoral circunscríbense ao seu ámbito de xestión definido no capítulo 2 do Titulo II, e que recolle o territorio dos 82 municipios recollidos na orde do Acordo do Consello da Xunta do día 24 de maio de 2007, que se atopa incluído no ámbito de estudo exposto. A seguir, exponse o ámbito de estudo e a súa relación coas unidades de paisaxe delimitadas.

Provincia	Concello	Comarca	Sector	Nome	Tipo
Lugo	Ribadeo	Mariña Lucense	Ría de Ribadeo	Esteiro do Eo	Litoral
	Trabada	Mariña Lucense		Esteiro do Eo	Litoral
	Ribadeo	Mariña Lucense		Esteiro dos ríos Grande e Pequeno	Litoral
				Ove	
				Ribadeo	
			Mariña Oriental	Costa de Rinlo	
	Barreiros	Mariña Lucense		As Catedrais	Litoral
	Ribadeo	Mariña Lucense		As Catedrais	Litoral
	Barreiros	Mariña Lucense		Costa de Benquerencia	Litoral
			Ría de Foz	Esteiro do Masma	
	Foz	Mariña Lucense		Esteiro do Masma	Litoral
			Mariña Occidental	Costa de San Martiño	
				Fazouro	
	Burela	Mariña Lucense		Costa de Cangas	Litoral
	Cervo	Mariña Lucense		Costa de Cangas	Litoral
	Foz	Mariña Lucense		Costa de Cangas	Litoral
	O Valadouro	Mariña Lucense		Costa de Cangas	Litoral
	Burela	Mariña Lucense		Burela	Litoral
	Cervo	Mariña Lucense		Burela	Litoral
	Foz	Mariña Lucense		Burela	Litoral
	Burela	Mariña Lucense		Cabo Burela	Litoral
	Cervo	Mariña Lucense		Cabo Burela	Litoral
	Burela	Mariña Lucense		Costa de Daián	Litoral
	Cervo	Mariña Lucense		Costa de Daián	Litoral
				Costa de San Cibrao	
				Ría de Lieiro	
				Enseada de Lago	

Táboa 2: Relación do ámbito de estudo coas unidades de paisaxe estudadas.

Provincia	Concello	Comarca	Sector	Nome	Tipo
Lugo	Xove	Mariña Lucense	Mariña Occidental	Enseada de Lago	Litoral
				Costa de Morás	
				Enseada de Portocelo	
				Roncadoiro	
				Vilachá	
		Rías Altas	Ría de Viveiro	Monte das Modias	
				Enseadas de Meitón e Muiñelo	
	Viveiro	Rías Altas	Ría de Viveiro	Enseada do Esteiro	Litoral
	Xove	Rías Altas	Ría de Viveiro	Enseada do Esteiro	Litoral
	Viveiro	Rías Altas	Ría de Viveiro	Monte Faro	Litoral
	Xove	Rías Altas	Ría de Viveiro	Monte Faro	Litoral
	Viveiro	Rías Altas	Ría de Viveiro	Faro	Litoral
				Area	
	Xove	Rías Altas	Ría de Viveiro	Area	Litoral
	Viveiro	Rías Altas	Ría de Viveiro	O Castelo	Litoral
				Esteiro do Landro	
	Xove	Rías Altas	Ría de Viveiro	Esteiro do Landro	Litoral
	Viveiro	Rías Altas	Ría de Viveiro	Covas	Litoral
				Cantís do Cargadoiro	
	O Vicedo	Rías Altas	Ría de Viveiro	Abrela	Litoral
	Viveiro	Rías Altas	Ría de Viveiro	Abrela	Litoral
	O Vicedo	Rías Altas	Ría de Viveiro	Cantís do Facho	Litoral
	Viveiro	Rías Altas	Ría de Viveiro	Cantís do Facho	Litoral
	O Vicedo	Rías Altas	Ría de Viveiro	Area Grande de San Román	Litoral
				Costa da Ventosa	
			Ría do Barqueiro	Vixía do Vicedo	
				Illa Coelleira	
				Xilloi	
				Monte da Atalaia	
				O Vicedo	
	O Vicedo	Rías Altas	Ría do Barqueiro	Esteiro do Sor	Litoral
A Coruña	Mañón	Rías Altas	Ría do Barqueiro	Esteiro do Sor	Litoral
	Ortigueira	Rías Altas	Ría do Barqueiro	Esteiro do Sor	Litoral
	Mañón	Rías Altas	Ría do Barqueiro	O Barqueiro	Litoral
				Punta do Santo	
				Punta do Castro	
				Pena do Campelo	
				Bares	
			Costa de Bares e Picón	Estaca de Bares	
				O Esteiro	

Provincia	Concello	Comarca	Sector	Nome	Tipo
A Coruña	Ortigueira	Rías Altas	Costa de Bares e Picón	O Esteiro	Litoral
				Costa de Picón	
			Ría de Ortigueira	Mazorgán	
				Castro de Espasante	
				Espasante	
				Cantís do Picoto	
				Ría de Ladrido	
	Cariño	Rías Altas	Ría de Ortigueira	Esteiro do Río Maior	Litoral
	Ortigueira	Rías Altas	Ría de Ortigueira	Esteiro do Río Maior	Litoral
				Val do Mera	Prelitoral
	Cariño	Rías Altas	Ría de Ortigueira	Esteiro de Sismundi	Litoral
				Punta do Frade	
				Monte Mazanteo	
				Cariño	
				Punta dos Aguillóns	
			A Capelada	Tributarios das enseadas de Mera e Esteiro	Prelitoral
	Cedeira	Rías Altas	A Capelada	Tributarios das enseadas de Mera e Esteiro	Prelitoral
	Cedeira	Rías Altas	A Capelada	Tributarios das enseadas de Mera e Esteiro	Prelitoral
	Ortigueira	Rías Altas	A Capelada	Tributarios das enseadas de Mera e Esteiro	Prelitoral
	Cariño	Rías Altas	A Capelada	Rego de Lourido	Prelitoral
	Cedeira	Rías Altas	A Capelada	Rego de Lourido	Prelitoral
	Cariño	Rías Altas	A Capelada	Cantís da Capelada	Litoral
	Cedeira	Rías Altas	A Capelada	Cantís da Capelada	Litoral
				Cantís da Capelada	
				Montes da Candieira	
				Río Condomiñas	Prelitoral
				Fontes do Condomiñas	
			Ría de Cedeira	Cedeira	Litoral
				Monte da Croa	
				Vilarrube Este-Río das Mestas	
	Valdoviño	Rías Altas	Ría de Cedeira	Vilarrube Este-Río das Mestas	Litoral
				Vilarrube Oeste	
				Punta Chirlateira Este	
			Costa Norte de Ferrol	Punta Chirlateira Oeste	
				Baleo	
				Punta da Gabeira	
				Pantín	
				Cantís de Prados	

Provincia	Concello	Comarca	Sector	Nome	Tipo
A Coruña	Narón	Rías Altas	Costa Norte de Ferrol	A Frouxeira	Litoral
	Valdoviño	Rías Altas	Costa Norte de Ferrol	A Frouxeira	Litoral
				Portiño de Meirás e Punta Frouxeira	
				Ría de Meirás	
	Ferrol	Rías Altas	Costa Norte de Ferrol	Montes da Lagoa e Campelo	Litoral
	Narón	Rías Altas	Costa Norte de Ferrol	Montes da Lagoa e Campelo	Litoral
	Valdoviño	Rías Altas	Costa Norte de Ferrol	Montes da Lagoa e Campelo	Litoral
	Ferrol	Rías Altas	Costa Norte de Ferrol	Ponzos	Litoral
				Santa Comba	
				O Prioiro	
				Cabo Prior	
				Areal da Mariña	
				Monte de San Xurxo	
				Doniños	
				Cantís do Pieiro e Monte Ventoso	
		Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	Porto Exterior de Ferrol	
				San Cristovo	
				Montes de Brión	
				A Graña-Brión	
				A Malata	
				Ferrol	
				A Gándara	
	Narón	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	A Gándara	Litoral
	Ferrol	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	Esteiros do Xubia e O Freixeiro	Litoral
	Narón	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	Esteiros do Xubia e O Freixeiro	Litoral
	Neda	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	Esteiros do Xubia e O Freixeiro	Litoral
				Marismas do Belelle	
	Cabanas	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	Fene	Litoral
	Fene	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	Fene	Litoral
	Neda	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	Fene	Litoral
	Ares	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	O Seixo e Maniños	Litoral
	Cabanas	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	O Seixo e Maniños	Litoral
	Fene	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	O Seixo e Maniños	Litoral
	Mugardos	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	O Seixo e Maniños	Litoral
	Ares	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	Mugardos	Litoral
	Mugardos	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	Mugardos	Litoral
	Ares	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	Enseada do Baño	Litoral
	Mugardos	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	Enseada do Baño	Litoral
	Ares	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	Cantís da Palma e do Segaño	Litoral
	Mugardos	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	Cantís da Palma e do Segaño	Litoral

Provincia	Concello	Comarca	Sector	Nome	Tipo
A Coruña	Ares	Golfo Ártabro	Ría de Ferrol	Enseada de Chanteiro	Litoral
			Ría de Ares e Betanzos	Punta Coitelada	
				Cantís de Cervás	
				Cantís das Mirandas	
				Ares	
	Mugardos	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Ares	Litoral
	Ares	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Costa de Redes	Litoral
	Cabanas	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Costa de Redes	Litoral
	Fene	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Costa de Redes	Litoral
	Mugardos	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Costa de Redes	Litoral
	Cabanas	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Esteiro do Eume	Litoral
	Pontedeume	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Esteiro do Eume	Litoral
				Pontedeume	
	Miño	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Cantís da Centroña	Litoral
	Pontedeume	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Cantís da Centroña	Litoral
	Miño	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Ver	Litoral
	Pontedeume	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Ver	Litoral
				Costa da Illa Carboeira	
	Miño	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Perbes	Litoral
	Pontedeume	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Perbes	Litoral
	Miño	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Bañobre	Litoral
				Marismas do Río Baxoi	
				Miño	
				Marismas do Lambre	
	Paderne	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Marismas do Lambre	Litoral
				A Ínsua	
	Bergondo	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Marismas de Betanzos	Litoral
	Betanzos	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Marismas de Betanzos	Litoral
	Paderne	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Marismas de Betanzos	Litoral

Provincia	Concello	Comarca	Sector	Nome	Tipo
A Coruña	Bergondo	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Moruxo	Litoral
				Bergondo	
	Sada	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Bergondo	Litoral
	Bergondo	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Sada	Litoral
	Oleiros	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Sada	Litoral
	Sada	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Sada	Litoral
				Costa de Carnoedo	
				Punta de San Mamede	
				Praia de San Pedro	
	Oleiros	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Praia de Cirro	Litoral
	Sada	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Praia de Cirro	Litoral
	Oleiros	Golfo Ártabro	Ría de Ares e Betanzos	Lorbé	Litoral
				Punta Torrella	
				Costa de Dexo	
			Ría da Coruña	Enseada de Canaval	
				Puntas de Mera e Meán	
				Mera	
	Sada	Golfo Ártabro	Ría da Coruña	Mera	Litoral
	Oleiros	Golfo Ártabro	Ría da Coruña	Castro de Cabreira	Litoral
				Costa de Breixo	
				Santa Cruz	
	Sada	Golfo Ártabro	Ría da Coruña	Santa Cruz	Litoral
	Oleiros	Golfo Ártabro	Ría da Coruña	Bastiagueiro	Litoral
	A Coruña	Golfo Ártabro	Ría da Coruña	Esteiro do Mero	Litoral
	Cambre	Golfo Ártabro	Ría da Coruña	Esteiro do Mero	Litoral
	Culleredo	Golfo Ártabro	Ría da Coruña	Esteiro do Mero	Litoral
	Oleiros	Golfo Ártabro	Ría da Coruña	Esteiro do Mero	Litoral
	A Coruña	Golfo Ártabro	Ría da Coruña	A Coruña	Litoral
	Culleredo	Golfo Ártabro	Ría da Coruña	A Coruña	Litoral
	A Coruña	Arco Bergantiñán	Costa de Caión	Costa de San Pedro	Litoral
				Costa de Bens	
	Arteixo	Arco Bergantiñán	Costa de Caión	Costa de Bens	Litoral
	A Coruña	Arco Bergantiñán	Costa de Caión	Costa de Nostián	Litoral

Provincia	Concello	Comarca	Sector	Nome	Tipo
A Coruña	Arteixo	Arco Bergantiñán	Costa de Caión	Costa de Nostián	Litoral
				Rego de Suevos	
				Porto de Suevos	
				Punta Lagosteira	
				Porto Exterior da Coruña	
				Sabón-Oseiro	
				Praia de Alba	
				A Corveira	
				Valcovo	
				Barrañán	
				Sorrizo	
				Monte do Moucho	
	A Laracha	Arco Bergantiñán	Costa de Caión	Xermaña	Litoral
	Arteixo	Arco Bergantiñán	Costa de Caión	Xermaña	Litoral
	A Laracha	Arco Bergantiñán	Costa de Caión	Caión	Litoral
				A Curviña	
	Carballo	Arco Bergantiñán	Costa de Caión	A Curviña	Litoral
				Costa de Leira	
			Seo de Baldaio	Baldaio	
				Razo	
	Malpica de Bergantiños	Arco Bergantiñán	Seo de Baldaio	Razo	Litoral
	Carballo	Arco Bergantiñán	Costa de Malpica	Costa de Santa Mariña e Os Riás	Litoral
	Malpica de Bergantiños	Arco Bergantiñán	Costa de Malpica	Costa de Santa Mariña e Os Riás	Litoral
				Costa de Cambre	
				Cantís de San Miro	
				Cantís da Rega e Punta Pepino	
				Cantís de Xareira	
				Cantís das Neves	
				Malpica de Bergantiños	
				Seaia	
				Este da Península de San Hadrián	
			Illas Sisargas	Illas Sisargas	
		Costa da Morte	Costa de San Hadrián a Roncudo	Oeste da Península de San Hadrián	
				Beo	
				Seiruga	
				Barizo	
				Monte Nariga	
				Monte da Lagoa	

Provincia	Concello	Comarca	Sector	Nome	Tipo
A Coruña	Ponteceso	Costa da Morte	Costa de San Hadrián a Roncudo	Monte da Lagoa	Litoral
	Malpica de Bergantiños	Costa da Morte	Costa de San Hadrián a Roncudo	Enseada de Niñóns	Litoral
	Ponteceso	Costa da Morte	Costa de San Hadrián a Roncudo	Enseada de Niñóns	Litoral
				Santa Mariña e Niño do Corvo	
				A Arbosa	
				Enseada da Barda	
				O Roncudo	
			Ría de Corme e Laxe	O Aguillón	
				Corme	
				Brañas de Gondomil	
				Cantís do Canteiro	
				Praia de Balarés	
				Monte Branco	
	Cabana de Bergantiños	Costa da Morte	Ría de Corme e Laxe	Esteiro do Anllóns	Litoral
	Ponteceso	Costa da Morte	Ría de Corme e Laxe	Esteiro do Anllóns	Litoral
	Cabana de Bergantiños	Costa da Morte	Ría de Corme e Laxe	Monte de Taboído	Litoral
				Costa das Furnas	
				Enseada de San Pedro e Rebordelo	
				Cantís do Cabalo	
	Laxe	Costa da Morte	Ría de Corme e Laxe	Cantís do Cabalo	Litoral
	Cabana de Bergantiños	Costa da Morte	Ría de Corme e Laxe	Laxe	Litoral
	Laxe	Costa da Morte	Ría de Corme e Laxe	Laxe	Litoral
				Cabo de Laxe	
			Costas de Traba e Vilán	Monte da Ínsua e Petón do Castro	
				Soesto	
				Val de Soesto	Prelitoral
				Cantís do Castrallón e Arnado	Litoral
				Traba	
	Vimianzo	Costa da Morte	Costas de Traba e Vilán	Traba	Litoral
	Camariñas	Costa da Morte	Costas de Traba e Vilán	Camelle	Litoral
	Laxe	Costa da Morte	Costas de Traba e Vilán	Camelle	Litoral
	Vimianzo	Costa da Morte	Costas de Traba e Vilán	Camelle	Litoral

Provincia	Concello	Comarca	Sector	Nome	Tipo
A Coruña	Camariñas	Costa da Morte	Costas de Traba e Vilán	Arou	Litoral
				Santa Mariña	
				O Trece	
				Reira	
				Cantís da Pedrosa e Arneliña	
				Cabo Vilán	
				Arco do Vilán	
			Ría de Camariñas	Praia de Lago	
				Portocelo	
				Camariñas	
				Enseada da Vasa	
				Rego de Trasteiro	Prelitoral
				Monte da Ínsua	Litoral
				Enseada de Xaviña	
				Esteiro do Río Grande	
	Muxía	Costa da Morte	Ría de Camariñas	Esteiro do Río Grande	Litoral
	Vimianzo	Costa da Morte	Ría de Camariñas	Esteiro do Río Grande	Litoral
	Muxía	Costa da Morte	Ría de Camariñas	Leis de Nemancos	Litoral
				Praia do Lago	
				Merexo	
				Enseada de Merexo	
				Costa de Chorente	
				Muxía	
			Costas de Touriñán e Fisterra	Area de Lourido	
				Rego Vadalaxe	
				Monte Buitra e Cachelmo	
				Cuño	
				Cantís de Viseo	
				Moreira	
				Touriñán	
				Monte Gordo	
				Nemiña	
				Seo de Nemiña	
	Cee	Costa da Morte	Costas de Touriñán e Fisterra	Ría de Lires	Litoral
	Fisterra	Costa da Morte	Costas de Touriñán e Fisterra	Ría de Lires	Litoral
	Cee	Costa da Morte	Costas de Touriñán e Fisterra	Cantís da Canosa e Lires	Litoral
				Praia do Rostro	

Provincia	Concello	Comarca	Sector	Nome	Tipo
A Coruña	Fisterra	Costa da Morte	Costas de Touriñán e Fisterra	Praia do Rostro	Litoral
				Cantís de Castromiñán e Denle	
				Praia de Arnela	
				Cabo da Nave	
				Praia do Mar de Fóra	
				Fisterra Oeste	
			Seo de Corcubión	Fisterra Este	Litoral
				Fisterra	
				Praia da Langosteira	
				Monte da Serra	
				Praia do Sardiñeiro	
	Cee	Costa da Morte	Seo de Corcubión	Praia de Estorbe	Litoral
	Corcubión	Costa da Morte	Seo de Corcubión	Praia de Estorbe	Litoral
	Fisterra	Costa da Morte	Seo de Corcubión	Praia de Estorbe	Litoral
	Cee	Costa da Morte	Seo de Corcubión	Redonda	Litoral
	Corcubión	Costa da Morte	Seo de Corcubión	Redonda	Litoral
				A Oliveira	
	Cee	Costa da Morte	Seo de Corcubión	Corcubión	Litoral
	Corcubión	Costa da Morte	Seo de Corcubión	Corcubión	Litoral
	Cee	Costa da Morte	Seo de Corcubión	Cee	Litoral
	Corcubión	Costa da Morte	Seo de Corcubión	Cee	Litoral
	Cee	Costa da Morte	Seo de Corcubión	Brens	Litoral
	Dumbría	Costa da Morte	Seo de Corcubión	Brens	Litoral
	Cee	Costa da Morte	Seo de Corcubión	A Ameixenda	Litoral
				Monte de Caneliñas	
				Baleeira de Caneliñas	
				Gures	
				Ézaro	
	Dumbría	Costa da Morte	Seo de Corcubión	Ézaro	Litoral
	Carnota	Costa da Morte	Seo de Corcubión	Esteiro do Xallas	Litoral
	Dumbría	Costa da Morte	Seo de Corcubión	Esteiro do Xallas	Litoral
	Carnota	Costa da Morte	Seo de Corcubión	O Pindo	Litoral
			Costa do Pindo a Monte Louro	Illas Lobeiras e Carrumeiro	Litoral
				Quilmas	
				Marismas de Carnota e Caldebarcos	
	Muros	Costa da Morte	Costa do Pindo a Monte Louro	Marismas de Carnota e Caldebarcos	Litoral
	Carnota	Costa da Morte	Costa do Pindo a Monte Louro	Lira	Litoral
				Susiños, Suresca e Seda	
				Praia de Lariño	

Provincia	Concello	Comarca	Sector	Nome	Tipo
A Coruña	Muros	Costa da Morte	Costa do Pindo a Monte Louro	Praia de Lariño	Litoral
				Lagoa de Louro	
			Ría de Muros e Noia	Monte Louro	
				Enseada de San Francisco	
				Enseada da Cova	
				Muros	
	Carnota	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Esteiro de Serres	Litoral
	Muros	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Esteiro de Serres	Litoral
				Boavista	
				O Salto	
				Enseada de Bornalle	
				Costa de Tal	
				Esteiro	
	Outes	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Esteiro	Litoral
	Muros	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Enseada de Esteiro	Litoral
	Outes	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Enseada de Esteiro	Litoral
	Muros	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Punta Carreiro e Illa Quiebra	Litoral
	Outes	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Punta Carreiro e Illa Quiebra	Litoral
				O Freixo	
				Esteiro de Bendimón	
				Picouto	
				Costa de Outeiro	
				Esteiro de Outes	
	Lousame	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Esteiro do Tambre	Litoral
	Noia	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Esteiro do Tambre	Litoral
	Outes	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Esteiro do Tambre	Litoral
	Noia	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Costa da Barquiña	Litoral
	Lousame	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Esteiro de Noia	Litoral
	Noia	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Esteiro de Noia	Litoral
				Taramancos	
	Lousame	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Punta Batuda	Litoral
	Noia	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Punta Batuda	Litoral
	Porto do Son	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Punta Batuda	Litoral
	Lousame	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Portosín	Litoral
	Porto do Son	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Portosín	Litoral
	Boiro	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Praia de Aguieira	Litoral
	Lousame	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Praia de Aguieira	Litoral

Provincia	Concello	Comarca	Sector	Nome	Tipo
A Coruña	Porto do Son	Rías Baixas	Ría de Muros e Noia	Praia de Aguieira	Litoral
				Monte Caveiro	
				Praia de Caveiro	
				Porto do Son	
				A Arnela	
			Costas do Son e Corrubedo	Baroña	
				Praia das Seiras	
				Furna da Laxe	
				Lagoas de Xuño e Muro	
				Cabo Corrubedo	
	Ribeira	Rías Baixas	Costas do Son e Corrubedo	Cabo Corrubedo	Litoral
	Porto do Son	Rías Baixas	Costas do Son e Corrubedo	Dunas e marismas de Corrubedo	Litoral
	Ribeira	Rías Baixas	Costas do Son e Corrubedo	Dunas e marismas de Corrubedo	Litoral
				Punta do Couso	
			Ría de Arousa	Aguiño	
				Ribeira	
				Praia de Coroso	
	Pobra do Caramiñal	Rías Baixas	Ría de Arousa	Palmeira	Litoral
	Ribeira	Rías Baixas	Ría de Arousa	Palmeira	Litoral
	Pobra do Caramiñal	Rías Baixas	Ría de Arousa	Praia da Corna	Litoral
	Ribeira	Rías Baixas	Ría de Arousa	Praia da Corna	Litoral
	Pobra do Caramiñal	Rías Baixas	Ría de Arousa	A Pobra do Caramiñal	Litoral
	Ribeira	Rías Baixas	Ría de Arousa	A Pobra do Caramiñal	Litoral
	Pobra do Caramiñal	Rías Baixas	Ría de Arousa	Ríos Lérez e Pedras	Litoral
	Ribeira	Rías Baixas	Ría de Arousa	Ríos Lérez e Pedras	Litoral
	Boiro	Rías Baixas	Ría de Arousa	Escarabote	Litoral
	Pobra do Caramiñal	Rías Baixas	Ría de Arousa	Escarabote	Litoral
	Boiro	Rías Baixas	Ría de Arousa	Esteiro de Boiro	Litoral
				Enseada de Boiro	
				Enseada de Rianxo	
				Esteiro de Beluso	

Provincia	Concello	Comarca	Sector	Nome	Tipo
A Coruña	Rianxo	Rías Baixas	Ría de Arousa	Esteiro de Beluso	Litoral
				O Burato do Río Te	
				Rianxo	
				Enseada de Rial	
				As Tres Cruces	
				O Peirán de Quintáns	
	Dodro	Rías Baixas	Ría de Arousa	Esteiro do Ulla	Litoral
	Rianxo	Rías Baixas	Ría de Arousa	Esteiro do Ulla	Litoral
Pontevedra	Catoira	Rías Baixas	Ría de Arousa	Esteiro do Ulla	Litoral
	Valga	Rías Baixas	Ría de Arousa	Esteiro do Ulla	Litoral
	Catoira	Rías Baixas	Ría de Arousa	Catoira	Litoral
	Valga	Rías Baixas	Ría de Arousa	Catoira	Litoral
	Catoira	Rías Baixas	Ría de Arousa	Abalo	Litoral
	Vilagarcía De Arousa	Rías Baixas	Ría de Arousa	Abalo	Litoral
	Catoira	Rías Baixas	Ría de Arousa	Bamio	Litoral
	Vilagarcía de Arousa	Rías Baixas	Ría de Arousa	Bamio	Litoral
				As Malveiras e Illa Cortegada	
				Vilagarcía	
				Enseada do Rial	
				As Sinas	
				Vilanova	
	A Illa de Arousa	Rías Baixas	Ría de Arousa	Illa de Arousa e arquipélago de Rúa e Os Guidoiros	Litoral
	Cambados	Rías Baixas	Ría de Arousa	Deiro	Litoral
	Vilanova de Arousa	Rías Baixas	Ría de Arousa	Deiro	Litoral
	Cambados	Rías Baixas	Ría de Arousa	Cambados	Litoral
	Vilanova de Arousa	Rías Baixas	Ría de Arousa	Cambados	Litoral
	Cambados	Rías Baixas	Ría de Arousa	Esteiro do Umia	Litoral
	Meaño	Rías Baixas	Ría de Arousa	Esteiro do Umia	Litoral
	Ribadumia	Rías Baixas	Ría de Arousa	Esteiro do Umia	Litoral
	Vilanova de Arousa	Rías Baixas	Ría de Arousa	Esteiro do Umia	Litoral
	Cambados	Rías Baixas	Ría de Arousa	Bico da Ran	Litoral
				Esteiro de Dena	
	Meaño	Rías Baixas	Ría de Arousa	Esteiro de Dena	Litoral
	Sanxenxo	Rías Baixas	Ría de Arousa	Esteiro de Dena	Litoral
				Marismas da Arnosa	
	O Grove	Rías Baixas	Ría de Arousa	O Vao	Litoral
	Sanxenxo	Rías Baixas	Ría de Arousa	O Vao	Litoral

Provincia	Concello	Comarca	Sector	Nome	Tipo
Pontevedra	O Grove	Rías Baixas	Ría de Arousa	A Lanzada	Litoral
	Sanxenxo	Rías Baixas	Ría de Arousa	A Lanzada	Litoral
	O Grove	Rías Baixas	Ría de Arousa	Marismas do Grove	Litoral
				Illas da Toxa e Beiro	
				O Grove	
				Lagoa Bodeira	
				Costa de Sajn Vicente	
				San Vicente do Mar	
	Sanxenxo	Rías Baixas	Ría de Arousa	Punta Faxilda	Litoral
				Praia Magor	
				Rego do Souto	Prelitoral
				Aios	Litoral
				Montalbo	
				Cavicastro	
				Portonovo	
				Rego de Fabaíños	Prelitoral
				Sanxenxo	Litoral
	Meaño	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Areas	Litoral
	Sanxenxo	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Areas	Litoral
	Poio	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Raxó	Litoral
	Sanxenxo	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Raxó	Litoral
	Meaño	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Costa de Samieira	Litoral
	Poio	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Costa de Samieira	Litoral
	Sanxenxo	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Costa de Samieira	Litoral
	Poio	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Illa de Tambo	Litoral
				Combarro	
	Pontevedra	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Combarro	Litoral
	Poio	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Campelo	Litoral
				Enseada de Lourido	
				Esteiro do Lérez	
	Pontevedra	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Esteiro do Lérez	Litoral
				Rego de Louriñas	
	Marín	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Loiurizán	Litoral
	Pontevedra	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Loiurizán	Litoral
	Marín	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Marín	Litoral
	Pontevedra	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Marín	Litoral
	Marín	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Costa de Mogor	Litoral
				Aguete	
				Loira	
				Cantís da Cova	
	Bueu	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Lapamán	Litoral
	Marín	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Lapamán	Litoral

Provincia	Concello	Comarca	Sector	Nome	Tipo
Pontevedra	Bueu	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Costa de Cela	Litoral
	Moaña	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Costa de Cela	Litoral
	Bueu	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Enseada de Bueu	Litoral
	Cangas	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Enseada de Bueu	Litoral
	Bueu	Rías Baixas	Ría de Pontevedra	Altos de Ermelo	Prelitoral
				Beluso	Litoral
				Cabo Udra	
			Ría de Aldán e Costa da Vela	Enseadas de Ancoradouro, Pouso e Cano da Cunca	
				Costa de Bon	
	Cangas	Rías Baixas	Ría de Aldán e Costa da Vela	Costa de Bon	Litoral
				Costa de Sartaxéns	
				Porto de Aldán	
	Bueu	Rías Baixas	Ría de Aldán e Costa da Vela	Aba da Serra da Madalena	Prelitoral
	Cangas	Rías Baixas	Ría de Aldán e Costa da Vela	Aba da Serra da Madalena	Prelitoral
				Pinténs	Litoral
				Praia Castiñeira	
				Punta do Couso	
				Costa de Soavela	
				Costa da Vela	
	Ribeira	Rías Baixas	Illas Atlánticas Exteriores	Arquipélago de Sálvora, Vionta e Sagres	Litoral
	Bueu	Rías Baixas	Illas Atlánticas Exteriores	Ons exterior e Onza	Litoral
				Ons interior	
	Vigo	Rías Baixas	Illas Atlánticas Exteriores	Cantís das illas de Monteagudo e do Faro	Litoral
				Conxunto areoso das illas de Monteagudo e do Faro	
				Cantís da Illa de San Martiño	
				Praia de San Martiño	
	Cangas	Rías Baixas	Ría de Vigo	Praia de Melide	Litoral
				Costado de Barra	
				Enseada da Barra	
				As Eiras	
				Enseada de Liméns	
				Darbo	
	Bueu	Rías Baixas	Ría de Vigo	Cangas	Litoral
	Cangas	Rías Baixas	Ría de Vigo	Cangas	Litoral
	Moaña	Rías Baixas	Ría de Vigo	Cangas	Litoral
	Bueu	Rías Baixas	Ría de Vigo	Cabeceira do Rego Bouzos	Prelitoral
	Moaña	Rías Baixas	Ría de Vigo	Cabeceira do Rego Bouzos	Prelitoral
	Cangas	Rías Baixas	Ría de Vigo	Moaña	Litoral

Provincia	Concello	Comarca	Sector	Nome	Tipo
Pontevedra	Moaña	Rías Baixas	Ría de Vigo	Moaña	Litoral
	Bueu	Rías Baixas	Ría de Vigo	Enseada de Moaña	Litoral
	Marín	Rías Baixas	Ría de Vigo	Enseada de Moaña	Litoral
	Moaña	Rías Baixas	Ría de Vigo	Enseada de Moaña	Litoral
	Bueu	Rías Baixas	Ría de Vigo	Sabaceda	Prelitoral
	Moaña	Rías Baixas	Ría de Vigo	Sabaceda	Prelitoral
				Isamil	Litoral
				Domaio	
	Vilaboa	Rías Baixas	Ría de Vigo	Domaio	Litoral
	Moaña	Rías Baixas	Ría de Vigo	Estreito de Rande	Litoral
	Vilaboa	Rías Baixas	Ría de Vigo	Estreito de Rande	Litoral
	Marín	Rías Baixas	Ría de Vigo	Cobres	Litoral
	Moaña	Rías Baixas	Ría de Vigo	Cobres	Litoral
	Vilaboa	Rías Baixas	Ría de Vigo	Cobres	Litoral
				Enseada de Larache	
	Pontevedra	Rías Baixas	Ría de Vigo	Esteiro de Vilaboa	Litoral
	Vilaboa	Rías Baixas	Ría de Vigo	Esteiro de Vilaboa	Litoral
	Pontevedra	Rías Baixas	Ría de Vigo	Esteiro do Río Ulló	Litoral
	Vilaboa	Rías Baixas	Ría de Vigo	Esteiro do Río Ulló	Litoral
	Pontevedra	Rías Baixas	Ría de Vigo	Esteiro do Verdugo	Litoral
	Redondela	Rías Baixas	Ría de Vigo	Esteiro do Verdugo	Litoral
	Soutomaior	Rías Baixas	Ría de Vigo	Esteiro do Verdugo	Litoral
	Vilaboa	Rías Baixas	Ría de Vigo	Esteiro do Verdugo	Litoral
	Redondela	Rías Baixas	Ría de Vigo	Costa do Puntal	Litoral
	Soutomaior	Rías Baixas	Ría de Vigo	Costa do Puntal	Litoral
	Redondela	Rías Baixas	Ría de Vigo	Soutoxuste	Litoral
				Cesantes	
				Esteiro de Redondela	
				Esteiro de Redondela	
				Ribeira de Soutelo	
				Rande	
				Chapela	
	Vigo	Rías Baixas	Ría de Vigo	Chapela	Litoral
				Vigo	
				Samil	
				Esteiro do Lagares	
	Nigrán	Rías Baixas	Ría de Vigo	Canido	Litoral
	Vigo	Rías Baixas	Ría de Vigo	Canido	Litoral
	Nigrán	Rías Baixas	Ría de Vigo	Cabo Estai e Enseada de Patos	Litoral
	Vigo	Rías Baixas	Ría de Vigo	Cabo Estai e Enseada de Patos	Litoral

Provincia	Concello	Comarca	Sector	Nome	Tipo
Pontevedra	Nigrán	Rías Baixas	Ría de Vigo	Monteferro e Illas Estelas	Litoral
				Panxón	
				Praia América	
	Baiona	Rías Baixas	Ría de Vigo	Esteiro da Ramallosa	Litoral
	Gondomar	Rías Baixas	Ría de Vigo	Esteiro da Ramallosa	Litoral
	Nigrán	Rías Baixas	Ría de Vigo	Esteiro da Ramallosa	Litoral
	Baiona	Rías Baixas	Ría de Vigo	Esteiro do Val Miñor	Litoral
	Gondomar	Rías Baixas	Ría de Vigo	Esteiro do Val Miñor	Litoral
	Nigrán	Rías Baixas	Ría de Vigo	Esteiro do Val Miñor	Litoral
	Baiona	Rías Baixas	Ría de Vigo	Santa Marta	Litoral
				Baiona	
				Cantís de Percebelleira	
				Baredo	
	Oia	Rías Baixas	Ría de Vigo	Baredo	Litoral
	Baiona	Costa Sur	Cabo Silleiro-A Guarda	Cabo Silleiro	Litoral
	Oia	Costa Sur	Cabo Silleiro-A Guarda	Cabo Silleiro	Litoral
	Baiona	Costa Sur	Cabo Silleiro-A Guarda	Costa do Outeiro do Home	Litoral
	Oia	Costa Sur	Cabo Silleiro-A Guarda	Costa do Outeiro do Home	Litoral
				Costa do Facho	
				Mougás e Portosenín	
				Oia	
				Costa da Punta Langosteiro	
	A Guarda	Costa Sur	Cabo Silleiro-A Guarda	San Xián e Portocelo	Litoral
	O Rosal	Costa Sur	Cabo Silleiro-A Guarda	San Xián e Portocelo	Litoral
	Oia	Costa Sur	Cabo Silleiro-A Guarda	San Xián e Portocelo	Litoral
	A Guarda	Costa Sur	Cabo Silleiro-A Guarda	Serra do Torroso	Litoral
	O Rosal	Costa Sur	Cabo Silleiro-A Guarda	Serra do Torroso	Litoral
	A Guarda	Costa Sur	Cabo Silleiro-A Guarda	A Guarda	Litoral
				Santa Tegra	
			Baixo Miño	Camposancos	
				Salcidos	
	O Rosal	Costa Sur	Baixo Miño	Salcidos	Litoral
	A Guarda	Costa Sur	Baixo Miño	Tabagón	Litoral
	O Rosal	Costa Sur	Baixo Miño	Tabagón	Litoral
				Porto de Goián	
	Tomiño	Costa Sur	Baixo Miño	Porto de Goián	Litoral



Castelo de San Cristovo á beira da Ría de Ferrol.

3. ANÁLISE OBXECTIVA DO CONTORNO

3.1. ANÁLISE OBXECTIVA DA SITUACIÓN ACTUAL

O territorio do litoral abrangue unha franxa de transición entre o medio mariño e o terrestre. Estes dous medios están compostos polo océano Atlántico, na parte oeste, e polo mar Cantábrico no norte, mentres que o medio terrestre se delimita atendendo a procesos territoriais, ambientais, económicos e paisaxísticos.

Desde o punto de vista biofísico, o relevo litoral presenta moitas fisiografías diferentes -relevos chans, rasas, longas praias, fortes cantís, serras litorais, etc.-, froito entre outras cousas do clima marítimo atlántico, con situacións moi variables de precipitación e temperaturas. No territorio galego, a actividade humana fíxose máis intensa nos últimos anos, intensificándose nos núcleos do litoral no canto dos do interior, propiciada entre outras cousas, pola vía de mobilidade principal -autoestrada do Atlántico- que supuxo o eixo da actividade económica. De maneira que, por exemplo, o sector primario localízase fundamentalmente nesta área costeira, para o correcto desenvolvemento das súas actividades, xerando novas paisaxes, ou o sector industrial instalouse no fondo dos vales e áreas próximas á costa.

Nas últimas décadas, o espazo máis directamente asociado co mar, os bordos costeiros, estiveron e seguen estando fortemente presionados, así moitos desenvolvementos urbanísticos e instalacións invadiron o espazo litoral e costeiro, estes; non obstante, non tiveron a forza suficiente como para transformar irreversiblemente o litoral.

Para a realización da análise da situación actual, vaise organizar a información atendendo ás variables de sustentabilidade establecidas no Documento de referencia: Solo, Paisaxe, Patrimonio natural, Patrimonio cultural, Sociedade, Economía, Atmosfera, Ciclo hídrico, Enerxía, Ciclos de materiais, Cambio climático e Mobilidade.

3.1.1. O solo

A seguir, e aínda que algúns deles se explican con maior grao de detalle no Capítulo I, Estrutura territorial do Título III do presente documento, enumeramos unha serie de normas, recomendacións e plans que afectan de maneira directa a esta variable:

a) Desde a **Unión Europea**, é importante destacar os seguintes:

- Estratexia territorial Europea.
- Instrumento de Ratificación do Convenio sobre Avaliación do Impacto no Medio Ambiente nun contexto transfronteirizo, feito en Espoo (Finlandia) o 25 de febreiro de 1991.
- A Carta Europea de Ordenación do Territorio.
- A Conferencia de Río de 1992.
- A Declaración de Johannesburgo (2002).
- Libro verde sobre o medio ambiente urbano.
- Os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (2000).
- VI Programa de Acción en materia de Medio Ambiente.

b) No **ámbito estatal**, consideramos importante sinalar os seguintes:

- Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.
- Real Decreto 1471/1989, Regulamento Xeral para o Desenvolvemento e Execución da Lei 22/1988, de Costas.
- Real Decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a regulación de actividades potencialmente contaminantes do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados (BOE do 18/01/2005).

c) Por último, **no plano rexional** destacamos os seguintes, os cales se explicarán con maior grao de detalle posteriormente:

- Plan Sectorial de Solo e Vivenda Protexida.
- Plan de Xestión de Residuos Industriais e Solos Contaminados.

Ademais, a **Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia**, regula a organización, dirección e control da ocupación e a utilización do solo, incluídos o subsolo e o voo, a súa transformación mediante a urbanización, a edificación e a rehabilitación do patrimonio inmobiliario, así como a protección da legalidade urbanística e o réxime sancionador.

Densidades de poboación de Galicia.

Pero son os municipios os que a través do seu planeamento establecen as distintas categorías de solo, así como os usos e intensidades nelas, ante a ausencia dun planeamento territorial que estableza un marco homoxéneo para todos eles.

Na actualidade aínda se aprecia unha grave carencia de instrumentos capaces destablecer un tratamento integral do solo como recurso entre os planeamentos urbanísticos. Para facerse unha idea desta insuficiencia, no que respecta ao ámbito de estudo, dos 84 concellos que o compoñen, menos da metade posúen un Plan xeral de ordenación -33-, 46 réxense polas Normas subsidiarias de planeamento municipal, 2 concellos dispoñen dunha Delimitación de solo urbano e aínda están vixentes as Normas subsidiarias provinciais de planeamento en 3 deles.

Moitos deles son planeamentos antigos e non foron sometidos a un procedemento de avaliación ambiental ou nin sequera están adaptados á lexislación urbanística vixente. A seguir, xúntase unha listaxe da situación actual dentro do ámbito de estudo.

No ámbito do litoral, ademais atopamamos:

- 16.827,245 Ha. de **solo clasificado como urbano** dentro do ámbito do POL (o que supón un 8,007 % da superficie do ámbito) e 9.196,900 Ha. dentro dos 500 m da ribeira do mar.

- 11.664,741 Ha. de **solo clasificado como urbanizable** dentro do ámbito do POL (o que supón un 5,498 % da superficie do ámbito) do cal 3.758,989 Ha. se atopan dentro dos 500 m da ribeira do mar.

- 59.661,032 Ha. de **solo clasificado como rústico común** dentro do ámbito do POL (o que supón un 28,120 % da superficie do ámbito) do cal 17.040,708 Ha. se atopan dentro dos 500 m da ribeira do mar.

- 92.346,502 Ha. de **solo clasificado en protección** dentro do ámbito do POL (o que supón un 43,526 % da superficie do ámbito) do cal 27.804,715 Ha. se atopan dentro dos 500 m da ribeira do mar.

Non obstante estas cifras, non poñen de manifiesto a auténtica realidade paisaxística e territorial, pois como xa indicamos, estes índices de ocupación exprésanse a través de intensos procesos de dispersión e ocupación tanto máis intensos canto máis próximos ao bordo litoral.

Podemos apreciar, entón, como os principais asentamentos urbanos e a maior parte das actividades económicas localízanse xunto á costa, á que están vinculadas moitas das actividades que podemos considerar estratéxicas para a economía galega: pesca, portos ou turismo, entre outras. O resultado é sen dúbida o dunha gran concentración demográfica que, unida aos modelos de desenvolvemento urbano experimentados nas últimas décadas, configuran amplos tramos da costa como un longo e case ininterrompido asentamento lineal xunto ao mar. Non obstante, esta área con caracteres urbanos, que constitúen un ámbito central no noso territorio, carece de estrutura e de elementos de cohesión.

Podemos apreciar diferenzas significativas no tratamento do solo e nos valores naturais e construídos nos distintos municipios. Esta falta de coordinación froito da ausencia dunha planificación territorial, estratéxica ou de ambas supón unha perda de sinerxías e, nalgúns casos, pode levar consigo unha perda da funcionalidade deles.

Para completar esta análise, o Plan de ordenación do litoral realizou unha caracterización deste sistema de asentamentos, que se recolle no Capítulo 1, Estrutura territorial, do Título III, Síntese territorial. Como resultado, os asentamentos clasificáronse en 5 categorías:

- Asentamentos de carácter fundacional, entre os que figuran os Núcleos de identidade litoral (NIL).
- Desenvolvementos periféricos
- Asentamentos funcionais
- Agregado urbano
- Novas agrupacións, entre os que se identifican unha serie de ámbitos de recualificación.

As tres primeiras categorías, en liñas xerais, presentan unha estrutura e funcionalidade urbana ou de asentamento rural, segundo corresponda, mentres que as tipoloxías de agregado urbano e novas agrupacións recollen as manifestacións de modelos de ocupación contemporáneos sen estrutura e elementos de cohesión, especialmente as novas agrupacións. Son dúas manifestacións con diferente intensidade dun mesmo modelo de difusión urbana.

Do mesmo xdeito, cartografouse unha serie de usos do solo agrupados polos seus sistemas e dinámicas predominantes, ben sexan estas de carácter natural ou ben de carácter antrópico.

A seguir preséntase unha táboa síntese das cobeturas do solo identificadas.

DINÁMICA	SISTEMA PREDOMINANTE	TIPO	LENDA CARTOGRAFÍA DE USOS	% ÁMBITO DE ESTUDO POL
Natural	Intermareal	1a	Chairas intermareais	3,77%
		1b	Marismas	0,96%
	Xeoformas	2a	Praias	0,67%
		2b	Dunas	0,99%
		2c	Lagoas e humidais costeiros	0,14%
		3	Cantís	1,94%
	Biota (vexetación)	4a	Vexetación costeira (*)	8,72%
		4b	Bosques autóctonos	0,22%
		4c	Bosques de ribeira	1,23%
		4d	Bosques mixtos	1,12%
		4e	Bosques de recolonización	1,54%
		5a	Outras formacións de carácter húmido	0,82%
		5b	Matogueiras	7,29%
Antrópica	Agroforestal	6a	Cultivos e prados	20,53%
		6b	Cultivos frutícolas e de viveiro	0,39%
		6c	Viñedos	1,60%
		6d	Cultivos baixo plástico	0,07%
		6e	Forestal de repoboación	34,58%
	Cultural	7	Outras formacións arbóreas	0,19%
	Artificial	8a	Outras masas de auga	0,03%
		8b	Canteira	0,14%
	Urbanizado	9	Artificial	13,05%

(*) tapiz vexetal asociado aos cantís

Táboa 3: síntese das coberturas do solo.

3.1.2. A paisaxe

Tanto a **Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia, como o Convenio Europeo da Paisaxe (CEP, 2000)** definen a paisaxe como “calquera parte do territorio tal e como a percibe a poboación, cuxo carácter sexa o resultado da acción e da interacción de factores naturais e humanos”; tamén define política de paisaxe como “a expresión por parte das autoridades públicas competentes dos principios xerais e as estratexias e directrices que permiten a adopción de medidas específicas orientadas á protección, xestión e planificación das paisaxes”; e, por último, define os obxectivos de calidade paisaxística como “a formulación por parte das autoridades públicas competentes, para unha paisaxe concreta, das aspiracións da colectividade en relación coas características paisaxísticas do seu contorno”.

Para chegar a unha correcta protección, xestión e ordenación das paisaxes galegas, a citada Lei establece, no capítulo III. Instrumentos para a protección, Xestión e Ordenación da Paisaxe, unha serie de instrumentos para o seu desenvolvemento que se expoñen brevemente a seguir:

- Os **Catálogos da paisaxe** de Galicia, que son uns documentos de referencia sobre o territorio galego nos que se deberá delimitar as grandes áreas paisaxísticas onde se identificarán cada tipo de paisaxe e as súas características. Tamén identificarán en cada caso as Áreas de Interese Paisaxístico atendendo aos valores naturais e culturais do lugar.

- As **Directrices de paisaxe**, que están baseadas nos Catálogos de paisaxe, definen e precisan os obxectivos de calidade paisaxística de cada unidade; estes deben reflectir as aspiracións da cidadanía ademais de propoñer medidas e accións específicas para aquelas áreas que se atopen degradadas, así como unha serie de normas que, unha vez aprobadas, terán carácter vinculante para os instrumentos de planificación sectorial e urbanística.

- Os **Estudos de impacto e integración paisaxística**, que son documentos específicos nos que se avaliarán os efectos e impactos que o proxecto poida provocar na paisaxe e as medidas de integración paisaxística propostas polas entidades promotoras, deberán conter unha diagnose do estado actual; as características principais do proxecto; unha valoración do impacto previsto sobre a paisaxe; unha xustificación de como se incorporaron ao proxecto as directrices establecidas en cada unidade de paisaxe e os criterios e medidas que se deben adoptar para acadar a súa integración.

Galicia é a Comunidade española coa fachada litoral máis extensa, a esta dimensión hai que engadir a singularidade dunha costa marcada por profundas rías, marismas e esteiros, cabos, areais e cantís, que lle confiren un enorme valor ambiental e paisaxístico, convertendo en paisaxe un activo económico de primeira orde. Este patrimonio ofrece innumerables oportunidades para o desenvolvemento de diversas actividades froito da súa enorme capacidade de atracción.

A destrución de elementos ambientais e paisaxísticos que ocupan un espazo valioso, escaso e irreproducible polos usos que non se xeran suporía un enorme fracaso para a sociedade galega.

Ata hoxe, dado o carácter recente dos instrumentos contemplados por esta nova lexislación, non se levaran a cabo nin o catálogo de paisaxe litoral nin as súas conseguintes directrices de paisaxe. Non obstante, a análise realizada para identificar o ámbito de estudo e a súa división nas súas unidades de paisaxe é froito da intención do Plan de ordenación do litoral de asumir a concepción global e holística da paisaxe.

Esta mirada integradora da paisaxe xorde como unha ferramenta para a análise pero tamén como un instrumento de reflexión para a valoración.

Con independencia das paisaxes recollidas no Título II do documento que implicou a súa identificación tipolóxica nas 12 unidades litorais e 4 unidades prelitorais, desde o POL realizouse tamén unha identificación toponímica, é dicir, unha caracterización dos distintos lugares.

Isto implicou a diferenciación de 7 costas, 34 sectores costeiros e 441 unidades de paisaxe. Para iso, realizouse un minucioso e intenso traballo de recompilación e de integración dos valores naturais, culturais e sociais identitarios de cada lugar, que queda reflectido no documento nas fichas das Unidades de Paisaxe e na cartografía de usos e elementos para a valoración.

Este traballo, ata hoxe inédito, supón o punto de partida da toma de decisións sobre o modelo territorial que se pretende acadar co POL e supón ao mesmo tempo unha ferramenta de base para a reflexión de calquera instrumento de planificación que teña que implantarse no litoral.

Concretamente, realizouse unha análise pormenorizada para cada unha das 441 unidades de paisaxe, sintetizando nun formato tipo ficha cada un dos campos descritivos, valorativos ou ambos que inclúe a cartografía correspondente de usos do solo e elementos de valoración. A caracterización destas paisaxes, así como do contido destas fichas, descríbese no Título II, Capítulo 3, Caracterización da paisaxe.

Do mesmo xeito, analizouse unha serie de elementos que serviron de base para a valoración e que se agrupan en función da natureza do seu carácter predominante natural, cultural, perceptivo e outros. O obxecto desta análise non é outro que poder debullar as dinámicas contemporáneas de cambios nos usos do solo e a súa relación cos principais valores do territorio.

O resultado da conxunción dos usos de solo con estes elementos de valoración (naturais, culturais, perceptivos e outros) é unha metodoloxía de análise e diagnóstico do territorio baseada na compresión da paisaxe, da lóxica e coherencia dos procesos que a configuran, que permite obxetivizar a toma de decisións para o modelo de ordenación no ámbito de estudo.

A táboa 5 amosa a conxunción dos usos do solo e todos os elementos valorativos considerados, que se analizaron de forma independente, como se amosa no contido das seguintes variables, pero que se recollen de forma conxunta baixo a ollada integradora da paisaxe. Os elementos recollidos nesta táboa explícanse de forma pormenorizada no Título II, Capítulo 3, de Caracterización da paisaxe.

As coberturas do solo de carácter natural supoñen só o 30% do ámbito de estudo, as cales constitúen o 75,66% dos espazos naturais protexidos presentes. Doutra banda, estas configuran as dúas terceiras partes da área de dinámica litoral identificada.

Desde o punto de vista da funcionalidade das formacións inherentes a estas coberturas, é necesario incorporar a valoración da súa conectividade ecolóxica, de maneira que unha ollada integradora non lles outorgaría valor só ás formacións en si mesmas senón que debe considerar a súa conectividade. Isto xustifica a necesidade de incorporar ou preservar, ademais das anteriormente descritas, outras, en concreto un 66,62% ligadas aos sistemas agroforestais e culturais, que fortalecen o sistema natural e colaboran na integridade e mellora da paisaxe. A metodoloxía para a delimitación destas áreas de conectividade ecolóxica figura recollida no Título II, Capítulo III, de Caracterización da paisaxe.

Respecto aos elementos de carácter cultural, pódese observar como gran parte deste patrimonio cultural atópase localizado nos espazos de dinámica natural anteriormente descritos. En concreto, atopamos o 26,77% do patrimonio etnográfico; o 41,86% do patrimonio industrial militar e mariño e o 52,33% dos faros e balizas.

Non obstante, como se indicou con anterioridade, a paisaxe ten moito de perceptiva, entendendo como tal non só a meramente visual senón tamén a cognitiva. Así, pódese comprobar como case as dúas terceiras partes dos espazos de interese paisaxístico (EIP) están constituídos por formacións de dinámica natural nas cales as xeoformas son os sistemas predominantes. Do mesmo xeito, pódese apreciar como case o 60% dos puntos de observación localízanse en formacións de dinámica natural. Tamén merece a pena chamar a atención sobre aqueles elementos máis representativos do fondo escénico litoral. Podemos apreciar como case o 60% destes espazos responden a relevos con formacións forestais.

Doutra banda, é preciso poñer de manifiesto a importancia da necesidade de identificar un ámbito que defina a área suxeita á dinámica litoral (ADL), pois esta área presentará unha capacidade de acollida diferenciada para os distintos usos, fronte á consideración arbitraria das áreas medidas a 200 e 500 metros, respectivamente, desde a liña de ribeira do mar, cunha gran heteroxeneidade nas súas calidades e características e, polo tanto, unha capacidade de acollida para os usos moi heteroxénea. Como mostra desta hetereoxeneidade, o espazo comprendido ata os 500 metros desde a ribeira do mar, inclúe a máis do 50% dos asentamentos de poboación de todo o ámbito de estudo.

Así, a área de dinámica litoral identificada recolle as coberturas e formacións asociadas aos procesos de sedimentación e erosión da costa, e as súas previsibles variacións debidas ás previsións dos efectos do cambio climático. Non recolle, non obstante, as formacións que os procesos de ocupación urbana deixaron illadas destes procesos, como algunhas praias e dunas e algunhas superficies de marismas.

Pero o POL non se limitou a valorar estes elementos de carácter natural e antrópico senón que para entender o modelo actual de organización do territorio, é dicir, a relación entre estas coberturas e usos do solo co sistema de asentamentos afondou na análise destes.

As análises máis significativas amósanse na táboa 4 na que figura a caracterización dos asentamentos anteriormente descrita fronte aos elementos naturais para a valoración. Tamén se tivo en consideración, só como un valor de referencia da proximidade á costa, as distancias de 200 e 500 m desde a ribeira do mar.

TIPOLOXÍA DE ASENTAMENTO		PORCENTAXE POR TIPO DE ASENTAMENTO	ELEMENTOS PARA A VALORACIÓN						
			NATURAIS					OUTROS	
			REDE DOS ESPAZOS PROTEXIDOS	TAXÓN	EIX	AREA DE DINÁMICA LITORAL	CONECTIVIDADE	200 m. RIBEIRA DO MAR	500 m. RIBEIRA DO MAR
Porcentaxe de asentamentos por natural		elemento	1,82%	0,25%	1,19%	7,20%	0,86%	26,71%	51,63%
Distribución dos asentamentos por elemento natural	Asentamento de carácter fundacional	42,12%	18,19%	12,04%	40,93%	34,38%	23,89%	44,54%	43,58%
	Desenvolvemento periférico	22,46%	11,65%	6,99%	13,56%	23,67%	11,21%	22,43%	25,01%
	Asentamento funcional	11,00%	5,33%	0,24%	2,66%	9,62%	8,77%	7,44%	7,79%
	Agregado urbano	12,16%	4,10%	0,03%	7,97%	8,49%	27,58%	8,74%	9,39%
	Novas agrupacións	12,24%	60,73%	80,70%	34,88%	23,85%	28,54%	16,85%	14,23%

Táboa 4: asentamentos

DINÁMICA	SISTEMA PREDOMINANTE	TIPO	LENDA CARTOGRAFÍA DE USOS	% EN ÁMBITO DE ESTUDO POL	ELEMENTOS PARA A VALORACIÓN															
					NATURAIS					CULTURAIS							PERCEPTIVOS			OUTROS	
					REDE DE ESPAZOS PROTEXIDOS	TAXON	EIX	AREA DE DINÁMICA LITORAL	CONECTIVIDADE	BIC	PAT. ARQUEOLÓXICO	PAT. ETNOGRÁFICO	PAT. IND, MIL.E MAR.	FAROS (**)	NIL	ASENTAMENTOS	EIP	ENERXÍA DO RELEVO E EXPOSICIÓN VISUAL	PTOS. DE OBSERVACIÓN	200 m. RIBEIRA DO MAR	500 m. RIBEIRA DO MAR
Natural	Intermareal	1a	Chairas intermareais	3,77%	15,94%	1,63%	20,92%	17,23%	0,47%	0,36%	0,11%	0,00%	0,11%	0,00%	0,00%	0,00%	4,95%	0,00%	0,81%	16,42%	9,56%
		1b	Marismas	0,96%	5,74%	10,34%	7,81%	6,52%	1,10%	0,00%	0,04%	0,00%	0,06%	0,00%	0,00%	0,00%	0,99%	0,00%	0,61%	4,17%	2,44%
	Xeoformas	2a	Praias	0,67%	2,55%	2,06%	2,91%	5,27%	0,63%	0,36%	0,02%	0,00%	0,91%	0,00%	0,00%	0,01%	0,46%	0,00%	2,83%	2,90%	1,69%
		2b	Dunas	0,99%	5,81%	14,11%	8,55%	7,76%	0,76%	0,00%	0,05%	0,00%	0,69%	0,00%	0,00%	0,03%	1,12%	0,18%	2,02%	4,00%	2,49%
		2c	Lagoas e humidais costeiros	0,14%	0,73%	1,41%	1,21%	1,09%	0,76%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,02%	0,00%	0,00%	0,47%	0,32%
		3	Cantís	1,94%	9,47%	13,34%	13,41%	13,71%	0,19%	6,43%	0,34%	2,53%	1,43%	26,74%	0,00%	0,02%	12,74%	1,29%	7,88%	8,15%	4,93%
	Biota (vexetación)	4a	Vexetación costeira (*)	8,72%	27,06%	20,50%	24,63%	15,78%	2,65%	8,57%	1,07%	12,63%	17,25%	23,26%	0,00%	0,34%	34,02%	13,07%	30,10%	15,34%	13,88%
		4b	Bosques autóctonos	0,22%	0,11%	0,02%	0,03%	0,11%	1,13%	0,00%	0,07%	0,00%	0,06%	0,00%	0,00%	0,01%	0,16%	0,12%	0,20%	0,15%	0,20%
		4c	Bosques de ribeira	1,23%	1,42%	0,56%	0,52%	2,35%	9,63%	0,36%	1,03%	0,51%	0,29%	0,00%	0,00%	0,04%	0,15%	0,08%	0,20%	1,29%	1,25%
		4d	Bosques mixtos	1,12%	0,39%	0,40%	0,17%	0,66%	4,62%	0,36%	0,47%	1,01%	0,74%	0,00%	0,00%	0,09%	0,30%	0,50%	0,40%	0,95%	1,02%
		4e	Bosques de recolonización	1,54%	0,88%	0,56%	0,60%	0,96%	5,18%	0,36%	0,51%	0,00%	1,14%	0,00%	0,00%	0,16%	0,63%	0,43%	0,20%	1,27%	1,65%
		5a	Outras formacións de carácter húmido	0,82%	3,13%	10,93%	1,89%	1,18%	1,10%	0,00%	0,05%	0,00%	0,80%	0,00%	0,00%	0,00%	5,55%	3,30%	0,20%	0,15%	0,36%
		5b	Matogueiras	7,29%	2,44%	4,01%	2,57%	1,05%	5,15%	1,07%	1,46%	10,10%	18,39%	2,33%	0,00%	0,44%	5,26%	17,19%	15,96%	1,86%	3,15%
Antrópica	Agroforestal	6a	Cultivos e prados	20,53%	7,75%	3,12%	1,93%	8,79%	31,25%	7,14%	10,23%	8,08%	9,88%	1,16%	0,00%	6,61%	2,53%	2,86%	6,67%	12,17%	18,79%
		6b	Cultivos frutícolas e de viveiro	0,39%	0,29%	0,00%	0,03%	0,14%	0,52%	0,00%	0,18%	0,00%	0,17%	0,00%	0,00%	0,09%	0,06%	0,04%	0,20%	0,29%	0,43%
		6c	Viñedos	1,60%	0,44%	0,00%	0,01%	0,24%	1,64%	0,00%	0,33%	0,00%	0,51%	0,00%	0,00%	0,18%	0,02%	0,28%	0,20%	0,63%	1,08%
		6d	Cultivos baixo plástico	0,07%	0,02%	0,00%	0,00%	0,03%	0,09%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,07%	0,00%	0,01%	0,00%	0,03%	0,06%
		6e	Forestal de repoboación	34,58%	13,70%	15,59%	10,28%	7,55%	31,74%	2,14%	3,04%	10,61%	36,55%	0,00%	0,00%	0,62%	27,95%	58,97%	17,17%	13,04%	19,25%
	Cultural	7	Outras formacións arbóreas	0,19%	0,02%	0,01%	0,02%	0,14%	0,14%	0,00%	0,22%	0,00%	0,29%	0,00%	0,00%	0,07%	0,06%	0,02%	0,20%	0,19%	0,23%
	Artificial	8a	Outras masas de auga	0,03%	0,01%	0,00%	0,01%	0,04%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,01%	0,00%	0,00%	0,02%	0,02%
		8b	Canteira	0,14%	0,26%	0,23%	0,08%	0,11%	0,04%	0,00%	0,00%	0,00%	0,23%	0,00%	0,00%	0,02%	0,40%	0,44%	0,00%	0,06%	0,08%
	Urbanizado	9	Artificial	13,05%	1,85%	1,19%	2,41%	9,29%	1,19%	72,86%	80,78%	54,55%	10,51%	26,74%	100,00%	91,20%	2,64%	1,22%	14,14%	16,45%	17,14%

(*) Tapiz vexetal asociado aos cantís

(**) Un 19,77 % dos faros atópanse localizados no mar

Táboa 5: usos do solo e elementos para a valoración.

Galicia é unha Comunidade Autónoma que fundamenta boa parte da súa cultura e da súa economía na relación co mar. A súa costa é un reflexo desta relación. Así, cabe destacar como os asentamentos de carácter fundacional manteñen unha relación de uso con ela, pois localízanse en áreas de dinámica litoral e en espazos de Interese Xeomorfolóxico: Caión, Malpica de Bergantiños, Muxía, Fisterra e Rinlo son boa proba diso.

Non obstante, chama a atención que esta relación de harmónica convivencia coa costa se converte nunha perturbación cando analizamos que máis do 60,73% das construcións incluídas na Rede galega de espazos naturais protexidos son novas agrupacións. É dicir, que nos últimos anos a construción de asentamentos desligados dos núcleos fundacionais de forma dispersa no territorio está presionando estes ecosistemas de singular fraxilidade e valor. De maneira análoga ocorre con máis do 80% dos asentamentos incluídos nos espazos de interese de TAXON.

Estas reflexións son unha mostra de como o POL integrou a paisaxe como ferramenta de análise de tal forma que lle permite ir máis alá que olladas baseadas só no recoñecemento de valores estritamente naturais.

Así, unha ollada que recoñeza a paisaxe como un valor, un dereito e un recurso para a sociedade deberá integrar os valores naturais, culturais e perceptivos, construíndo con eles un modelo territorial que, ademais de contribuír á integridade da funcionalidade ecolóxica, sexa capaz de dotar de lexibilidade e harmonía o territorio.

3.1.3. O patrimonio natural

Na actualidade, no territorio galego conflúen distintas políticas e programas que van desde a escala europea á autonómica. A seguir, e aínda que algúns deles se explican con maior grao de detalle no Capítulo I, Estrutura territorial, do Título III do presente documento, enumeramos unha serie de normas, recomendacións e plans que teñen incidencia de maneira directa nesta variable:

a) Desde a **Unión Europea**, destacamos as seguintes:

- Carta Europea do Turismo Sostible nos Espazos Protexidos (CETS) (2001).
- Convención relativa aos Humidais de Importancia Internacional especialmente como Hábitat de Aves Acuáticas (Convenio RAMSAR) (1982).
- Convención sobre a Protección do Patrimonio Mundial, Cultural e Natural (1972).
- Convenio sobre a Diversidade Biolóxica (CDB) (1992).
- Decisión 82/72/CEE do Consello, do 3 de decembro de 1981, referente á celebración do Convenio relativo á conservación da vida silvestre e do medio natural de Europa (Convenio de Berna). (DOL 38 do 10.2.1982).
- Xestión Integrada das Zonas Costeiras (GIZC).
- Humidais de importancia internacional.
- A Carta Europea do Litoral.
- Libro verde para unha política territorial marítima.
- Plan de acción a favor da biodiversidade 2006-2010.
- Rede Natura 2000.
- Reserva da Biosfera de protección do Patrimonio Natural.

b) No **plano estatal**, tamén destacamos unha serie de directrices ou normas para considerar, como son entre otras:

- Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e a Biodiversidade.
- Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes (BOE de 22/11/2003) (modificada pola Lei 10/2006, do 28 de abril).
- Plan estratéxico español para a conservación e o uso racional dos humidais.
- Directrices sobre actuacións en praias e tratamentos do bordo costeiro.

c) Por último, no **nivel rexional**, destacamos diferentes políticas ou plans que poderían afectar o planeamento municipal e que inciden no litoral galego, tales como:

- Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza (BOE do 25/9/2001).
- Decreto 110/2004 polo que regulan os Humidais Protexidos, modificado polo Decreto 132/2005.
- Decreto 127/2008, do 5 de xuño, polo que se desenvolve o réxime xurídico dos humidais protexidos e se crea o Inventario de humidais de Galicia.
- Decreto 67/2007, do 22 de marzo, polo que regula o Catálogo Galego de Árbores Singulares.
- Decreto 72/2004, do 2 de abril, polo que se declara os espazos como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais.
- Resolución 30/04/2004 da cartografía onde se recollen os limites dos Espazos Naturais declarados Zonas de Espacial Protección dos Valores Naturais polo Decreto 72/2004, do 2 de abril.
- Plan director Rede Natura 2000.

A política de protección, ordenación e xestión de espazos naturais protexidos en Galicia está determinada pola lexislación básica estatal, a **Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e a Biodiversidade**, e a lexislación de desenvolvemento de Galicia, a Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da Natureza. Así, esta define no seu artigo 8, os espazos naturais protexidos como “aqueles espazos que conteñan elementos ou sistemas naturais de particular valor, interese ou singularidade, tanto debidos á acción e evolución da natureza como derivados da actividade humana, e que fosen declarados como tales”.

As distintas figuras de espazos naturais protexidos derivadas destas normas son, en función dos bens e valores que protexer:

1) **Reserva natural** cuxa declaración “ten como finalidade a protección de ecosistemas, comunidades ou elementos biolóxicos que, pola súa rareza, fraxilidade, importancia ou singularidade, merecen unha valoración especial” (artigo 11). No ámbito do POL, non existe ningunha Reserva natural catalogada.

2) **Parque natural ou nacional** definido no artigo 12 como “áreas naturais, pouco transformadas polas actividades humanas, que, debido á beleza dos seus sitios, da representatividade dos seus ecosistemas ou a singularidade da súa flora, fauna ou formacións xeomorfológicas, posúen uns valores ecolóxicos, estéticos, educativos ou científicos cuxa conservación merece unha atención preferente”. Pola súa vez, estes parques clasifícanse en naturais ou nacionais.

3) **Monumento natural** que engloba no artigo 13 os “espazos ou elementos da natureza constituídos basicamente por formacións de notoria singularidade, rareza ou beleza que merecen ser obxecto dunha protección especial.” E as “formacións xeolóxicas e demais elementos da xea, así como os xacementos paleontolóxicos, que reúnan un interese especial pola singularidade ou importancia dos seus valores científicos, culturais ou paisaxísticos”.

4) **Humidal protexido** que recolle as “extensións de marismas, pantanos, turbeiras ou superficies cubertas de auga, sexan estas de réxime natural ou artificial, permanentes ou temporais, estancadas ou correntes, doces, salobres ou salgadas, incluídas as extensións de auga mariña cuxa profundidade na marea baixa non exceda de seis metros, que á vez cumpran unha función de importancia internacional, nacional ou autonómica na conservación dos recursos naturais, e que sexan declaradas como tales” (artigo 14).

5) **Paisaxe protexida** defínese no artigo 15 como os “espazos que, polos seus valores singulares, estéticos e culturais ou ben pola relación harmoniosa entre o home e o medio natural, sexan merecedores dunha protección especial”. Parcialmente, no ámbito do POL, atópase Penedos de Pasarela e Traba, que ocupa unha superficie de 69 Ha.

6) **Zonas de especial protección dos valores naturais (ZEPVN)** que inclúe, segundo o artigo 16, "aqueles espazos por cuxos valores ou interese natural, cultural, científico, educativo ou paisaxístico sexa necesario asegurar a súa conservación e non teñan outra protección específica". Incluiranse tamén as zonas especiais de conservación que conforman a Rede Natura 2000, creada ao abeiro das Directivas CEE 79/409 e 92/43, e que non posúan outra figura de protección das contempladas na Lei.

7) **Espazo natural de interese local** son "aqueles espazos integrados no seu termo municipal que polas súas singularidades sexan merecedores dalgún tipo de protección dos seus valores naturais", esta protección, como di o artigo 17, ten que ser solicitada polo concello que corresponda logo dun informe emitido pola CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA, para que finalmente sexa a Consellería de MEDIO AMBIENTE a que teña a potestade de declarar ese espazo como tal ou non.

8) **Espazo privado de interese natural**; poderán optar, segundo o artigo 18, a esta protección "as institucións e os propietarios particulares dos terreos en que existan formacións naturais, especies ou hábitats de flora e fauna silvestres cuxa protección se considere de interese". Para a súa obtención deberase presentar unha memoria motivada á Consellería de MEDIO AMBIENTE.

Estas dúas últimas proteccións –Espazo natural de interese local e espazo privado de interese natural- non se inclúen dentro da Rede galega de espazos naturais protexidos.

O POL recolle no Capítulo 01, Estrutura territorial, do Título III, as zonas sometidas ás seguintes figuras de protección:

9) A **Rede Natura 2000**, rede europea creada pola Directiva Hábitats (92/43/CEE), do 21 de maio de 1992, que contribúe a garantir a biodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres no territorio europeo. Componse de Zonas de Especial Protección para as Aves –ZEPA- é dicir, de zonas naturais de singular relevancia para a conservación da avifauna ameazada de extinción, de acordo co establecido na Directiva de Aves e de Zonas de Especial Conservación –ZEC- considerando estas as áreas de grande interese medioambiental para a conservación da biodiversidade, de acordo coa Directiva de Hábitats.

   Na actualidade, esta Rede Natura 2000 no ámbito do Plan de ordenación do litoral de Galicia posúe 11 ZEPA (a), que suman unha superficie de 25.423,869 Ha e 30 Lugares de Importancia Comunitaria –LIC- (b), cunha superficie de 55.796,476 Ha no ámbito do POL.

10) Os **Humidais de importancia internacional (Convenio Ramsar)** (c), tratado que proporciona o marco para a acción nacional e a cooperación internacional a favor da conservación e o uso racional dos humidais e dos seus recursos. O obxectivo fundamental é "a conservación e o uso racional dos humidais mediante accións locais, rexionais e nacionais e grazas á cooperación internacional, como contribución ao logro dun desenvolvemento sostible en todo o mundo".

    É o único tratado ambiental no nivel mundial. España ratificouno o 18 de marzo de 1982. Galicia, en concreto, posúe cinco humidais que conxuntamente acadan unha superficie de 7.492,382 Ha no ámbito do POL.

11) Por último, a **Reserva da Biosfera** constitúe un elemento esencial do Programa MaB (Home e Biosfera) da UNESCO. Son áreas de ecosistemas terrestres, costeiros ou mariños nos que se promove a investigación, a observación a longo prazo, a educación ambiental e a sensibilización do público. Nelas, promóvese a conservación dos recursos naturais e o desenvolvemento económico e social das comunidades locais, tendo en conta todas as necesidades sociais, culturais, económicas dos seus poboadores, apoiadas nunha base científica.

    En territorio galego, só atopamos o 10% do total existente en España, e destas só unha, -Reserva da Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón-, se atopa dentro do ámbito de actuación do POL e ocupa unha superficie de 5.569,783 Ha.

Ademais de considerar estes espazos protexidos pola súa lexislación correspondente, como se reflectiu na variable paisaxe, o traballo de análise centrouse en identificar todos aqueles elementos, formacións ou hábitats que presentan valores naturais e ecolóxicos, a través da súa identificación nas distintas coberturas do solo e nos elementos naturais para a valoración, para que poidan posteriormente na toma de decisións, ser protexidos.

3.1.4. O patrimonio cultural

Esta variable, coma a anterior, tamén se atopa afectada por distintas políticas e programas que van desde a escala europea á local. A seguir, e aínda que algúns deles se explican con maior grao de detalle no Capítulo I, Estrutura territorial, do Título I do presente documento, enumeramos unha serie de normas, recomendacións e plans que afectan de maneira directa a esta variable:

a) No **nivel europeo** é importante destacar a Convención sobre a Protección do Patrimonio Mundial, Cultural e Natural (1972).

b) No nivel autonómico, e segundo o establecido na presente Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, inscribiranse como Bens de Interese Cultural de Galicia aqueles bens mobles, inmobles e inmateriais destacados que lles afecten tanto ao solo como ao subsolo.

No ámbito de xestión existe un conxunto de 198 BIC e 1.759 elementos en zonas arqueolóxicas. Non obstante, pódense apreciar 5.768 edificacións ligadas ao patrimonio etnográfico, industrial, militar e marítimo que non se atopan recollidas en ningunha destas figuras e que poden desaparecer se non se lles atopa un uso adecuado co seu carácter e coa paisaxe na que se integran. Do mesmo xeito, os núcleos tradicionais ligados ao litoral tampouco teñen un recoñecemento específico, na maioría dos casos, máis alá da propia regulación establecida nos distintos plans destes municipios.

Poderiamos dicir que, a día de hoxe, este enorme patrimonio atópase en ocasións con dificultades para a súa renovación e posta en valor.

Os elementos con valores culturais considerados na análise figuran mencionados na análise da variable paisaxe e con maior detalle no Título II, Capítulo 3, de Caracterización da paisaxe.

3.1.5. Sociedade e economía

No Capítulo I, Estrutura territorial, do Título III do presente documento, explícanse as distintas políticas e programas que afectan o territorio galego e que abranguen desde a escala europea á local. Non obstante, a seguir desagregamos estas escalas e enumeramos unha serie de normas, recomendacións e plans que afectan de maneira directa a esta variable.

a) Desde **a Unión Europea,** é importante considerar a seguinte recomendación:

- Decisión 2005/370/CE do Consello, do 17 de febreiro de 2005, sobre a celebración, en nome da Comunidade Europea, do Convenio sobre o acceso á información, a participación do público na toma de decisións e o acceso á xustiza en materia de medio ambiente (Convenio Aarhus) (DOL 124 do 17.5.2005).

b) No **nivel autonómico,** cabe destacar os seguintes plans, aprobados ou en fase de elaboración, que poderían afectar o planeamento municipal:

- Plan de Abastecemento.
- Plan Director das Instalacións Náutico-Deportivas.
- Plan Sectorial de Ordenación Territorial de Áreas Empresariais no Ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. (27/05/2004).

Ademais, o POL realiza no Capítulo 02, Dinámica socioeconómica, do Título III un estudo desta variable no seu ámbito.

O litoral de Galicia constitúe un ámbito territorial singular caracterizado pola diversidade e polo valor dos seus ecosistemas, paisaxes e valores culturais e pola súa importancia socioeconómica. Nel concéntrase boa parte do dinamismo demográfico de Galicia, localízanse catro das sete cidades principais organizadas en dúas grandes rexións urbanas e atópanse numerosas comarcas cuxa densidade de poboación multiplica por máis de cinco a media galega.

Arredor do 55% da poboación vive nunha reducida franxa que se estende entre a cota de 50 metros e o nivel do mar, un espazo que tan só supón o 14% da superficie de Galicia. Mentres tanto, o interior galego rexistrou un decrecemento poboacional destacable entre 2000 e 2008, pero se o comparamos cos datos no nivel nacional observamos que tanto o interior como o litoral de Galicia perderon poboación relativa.

Pódese comprobar como a poboación no litoral galego se atopa principalmente en tres comarcas: A Coruña, Vigo e Ferrol; polo tanto, estas concentracións condicionan en boa medida o resto de indicadores económicos.

Tamén se observan importantes diferenzas na taxa de crecemento poboacional por comarcas durante estes últimos anos: son A Coruña e O Baixo Miño as que maior crecemento teñen e, pola contra, Noia e Muros as que teñen maiores descensos poboacionais. Estas variacións parecen responder a cuestións de índole laboral (maiores oportunidades de emprego), atractivo turístico, comercial, etc. O turismo, de forma estacional, supón un incremento de poboación importante, aínda que por exemplo na comarca do Salnés, o aumento convértese en permanente cando a poboación se traslada definitivamente por atoparse preto do lugar de traballo, ou porque a súa segunda residencia se converte na habitual. Nalgúns lugares, este cambio de residencia supón un envellecemento poboacional, por ser o lugar elixido para a xubilación, como pasa nas comarcas do norte de Galicia, o que implica unha necesidade de dotación de recursos para atender as necesidades sanitarias, de asistencia, coidados, etc., deste colectivo. Podemos dicir que o fenómeno de litoralización galego é, ante todo, un proceso concentrado espacialmente arrededor das rexións urbanas e, sobre todo, nas Rías Baixas.

En parte, as características físicas da costa foron historicamente determinantes para esta distribución dos desenvolvementos. Nas Rías Baixas: na rexión urbana da Coruña e de Ferrol é onde se dan as condicións máis idóneas para os asentamentos de grandes instalacións portuarias e tamén onde existe unha maior riqueza biolóxica e mariña que permite un intenso desenvolvemento da pesca e o marisqueo. Porén, a costa das Rías Altas é un espazo que ofrece moitas menos oportunidades ao abrigo e que se caracteriza polos seus fortes cantís e os seus entrantes de escaso calado.

Desde o punto de vista dos diferentes sectores económicos, obsérvase que o sector que sufriu un maior incremento de desempregados foi a construción, polo que non resulta estraño afirmar que o paro afecta en maior medida aos homes.

O sector pesqueiro, no que englobamos a actividade pesqueira, o marisqueo e a acuicultura, é un dos principais motores económicos das comarcas do litoral, a existencia de portos pesqueiros ou de mercadorías supoñen en moitos casos o motor para o desenvolvemento da comarca na que se atopan. En Galicia existen máis de 56 portos onde se desembarca peixe, o de maior importancia respecto á descarga de pesca fresca é o de Vigo seguido do de Ribeira. O marisqueo e a acuicultura convertéronse en sectores económicos crecentes debido á caída das capturas de pesca e mariscos dos bancos naturais como consecuencia da sobreexplotación de recursos.

En relación co sector agrícola e gandeiro, cabe destacar que durante moito tempo foron unha das bases económicas das comarcas litorais, e que nos últimos tempos foron sufrindo un paulatino abandono, e con iso unha considerable mingua no seu peso económico e unha redución do tamaño das explotacións, pasando a ser a gran maioría de carácter familiar para o seu autoconsumo.

Pola contra, o sector forestal, sobre todo baseado en repoboacións de piñeiro e eucalipto, sitúa a Galicia entre unha das potencias máis importantes de Europa, producindo arredor do 50% da madeira en España. Ademais, é a base da industria da súa transformación, unha das cadeas produtivas que potenciar.

Para a análise do sector industrial, cabe destacar pola súa importancia e polo número de postos de emprego que xeran o sector enerxético –eólico-, a automoción, o téxtil, o conserveiro –importante ademais pola cantidade de postos de traballo feminino que xera - e o naval –aínda que a unha distancia considerable dos anteriores, pero non hai que esquecer que Galicia posúe o 40% dos estaleiros españois-.

A actividade turística é unha fonte de ingresos moi importante para Galicia, xa que ten un potencial moi alto, aínda que ás veces non está suficientemente aproveitado. Os lugares onde se aprecia unha maior presenza de visitantes coincide con aqueles que teñen mellores praias, infraestruturas hoteleiras e culturais, etc.

3.1.6. A atmosfera

A seguir, e aínda que algúns deles se explican con maior grao de detalle no Capítulo I, Estrutura territorial, do Título III do presente documento, enumeramos, tal e como fixemos con anterioridade para o resto das variables, unha serie de normas, recomendacións e plans que inciden de maneira directa nesta variable:

a) Desde a **Unión Europea** é importante considerar a Directiva 2008/1/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de xaneiro de 2008, relativa á prevención e ao control integrados da contaminación (DO L 24 do 29-1-2008)

b) No **nivel estatal,** tamén é importante considerar:

- Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do ar e protección da atmosfera (BOE 16711/2007).
- Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (BOE Nº 157, 02/07/2002), modificados pola Lei 1/2005, pola que se regula o réxime de comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.
- Estratexia española de calidade do ar.

Por último,no nivel autonómico cómpre destacar a **Lei 8/2002, do 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia,** que ten como obxecto establecer as normas, criterios e técnicas de ordenación para manter un alto nivel de calidade do ar e mellorala, se procede, así como reducir, previr e vixiar a contaminación atmosférica. A súa finalidade é evitar a contaminación atmosférica provocada polo ser humano de forma directa ou indirecta, e que poida ser nociva ou molesta para a saúde, os ecosistemas e hábitats implantados en solos

ou augas, a paisaxe, os recursos naturais, os materiais –incluíndo neste o patrimonio histórico-, o clima, ou a calidade do ar.

A atmosfera está formada por unha complexa mestura de compoñentes cuxas proporcións son constantes, -como é o caso do nitróxeno, osíxeno e gases nobres-, e variables –como o dióxido de carbono e a maioría de contaminantes-. Son nestes últimos onde as variacións poden dar lugar a fenómenos de contaminación.

Os distintos tipos de contaminantes clasifícanse atendendo á súa natureza, en tres grupos: biolóxicos (algunhas bacterias, virus, insectos, etc.), substancias químicas e formas de enerxía. As substancias químicas pola súa vez pódense clasificar en contaminantes primarios (é dicir, as substancias que son vertidas directamente á atmosfera) como son as chemineas, o tráfico ou os incendios forestais, e contaminantes secundarios, que son aquelas substancias non vertidas directamente á atmosfera desde focos emisores, consecuencia das relacións entre os contaminantes primarios entre eles.

No ámbito local e rexional, a contaminación das cidades causada fundamentalmente polas emisións derivadas do tráfico, así como polo aumento progresivo da actividade industrial, requiren da análise da situación da calidade do ar que respiramos e da elaboración de ferramentas de planificación que axuden a manter ou reducir as concentracións de contaminantes aos que está exposta a poboación.

Como se comentou anteriormente, no ámbito de estudo do Plan de ordenación do litoral figuran 5 das 7 cidades principais de Galicia, franxa costeira, de maneira global, abrangue o 55% da poboación galega, e concentra gran parte da actividade industrial. Polo tanto, poderiamos dicir que o maior dinamismo e actividade económica do litoral fan que sexa especialmente necesario establecer medidas de mellora do índice de calidade do ar, así como minimizar os efectos dos principais factores de contaminación.

Para coñecer o estado da cuestión, Galicia dispón de dúas redes de control da calidade do ar, que vixían o estado dos contaminantes de natureza química e axentes biolóxicos, respectivamente: a Rede Galega de Calidade do Ar (RGCA) e a Rede Galega de Aerobioloxía (RGA). Como apoio á RGCA, hai de destacar tamén a existencia, no concello do Saviñao (Lugo), dunha estación pertencente á rede de vixilancia da contaminación atmosférica residual, ou de fondo, na escala rexional, que vixía os niveis troposféricos de contaminación atmosférica residual ou de fondo nunha rexión, e avalía o transporte desde fontes emisoras localizadas a grandes distancias dela.

A través dos datos dispoñibles destas redes e de postos a dispor do público pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas a través dos Informes da calidade do ar de Galicia, non se identifican situacións preocupantes en termos absolutos de niveis legais de contaminación, pero será preciso agardar a dispor dunha acumulación de datos históricos representativos para poder establecer valoracións acerca das tendencias que se están a producir en Galicia ao respeto da calidade do ar.

3.1.7. O ciclo hídrico

A seguir, enumeramos unha serie de normas, recomendacións e plans que afectan de maneira directa a esta variable.

a) No **nivel estatal,** cabe destacar o Real Decreto Lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas (BOE 24/07/2001) e o seu regulamento de desenvolvemento.

b) No **nivel autonómico,** destacamos os seguintes plans que poden afectar ao planeamento municipal do litoral:

- Plan Hidrolóxico Galicia Costa.
- Plan de Abastecemento de Galicia.
- Plan de Saneamento de Galicia.
- Plans de saneamento das rías.
- Plan Galego de Ordenación dos Recursos Piscícolas e Ecosistemas Acuáticos Continentais.
- Plan Galego de Acuicultura (28/08/2008).

Como se sabe, a auga é un recurso fundamental no mundo e, xa que logo, en Galicia; é un dos principais axentes que achegan riqueza ambiental, paisaxística e socioeconómica ao territorio, polo que debe ser protexido e defendido polas administracións públicas competentes.

En Europa, a Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas.

Esta Directiva organiza a xestión das augas superficiais, continentais, de transición, augas costeiras e subterráneas, co fin de previr e reducir a súa contaminación, fomentar o seu uso sostible, protexer o medio acuático, mellorar a situación dos ecosistemas acuáticos e paliar os efectos das inundacións e das secas.

En concreto en Galicia, a Administración hidráulica está regulada pola **Lei 8/1993, do 23 de xuño, reguladora da Administración Hidráulica de Galicia.** A Comunidade Autónoma exerce as súas competencias e funcións en materia de augas e obras hidráulicas a través dos órganos administrativos e entes públicos que a integran. Estes órganos son o Consello da Xunta de Galicia e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e son entes da dita Administración o organismo autónomo Augas de Galicia e a empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH).

O territorio de Galicia abrangue catro demarcacións hidrográficas xestionadas polos seus correspondentes organismos de bacía: Galicia-Costa, Cantábrico, Miño-Sil e Douro; as dúas primeiras son intracomunitarias (as bacías correspondentes esténdense dentro da Comunidade Autónoma), mentres que as dúas últimas son intercomunitarias (as bacías esténdese por Galicia e outras Comunidades).

O ámbito de estudo do Plan de ordenación do litoral queda incluído por completo na demarcación hidrográfica de Galicia-Costa, para a que o organismo de bacía se corresponde con Augas de Galicia.

Na actualidade, está en vigor o Plan Hidrolóxico Galicia Costa, pero atópase en fase de tramitación a redacción dun novo Plan Hidrolóxico Galicia-Costa onde ademais dunha análise, entre outras cuestións, se establecerán obxectivos medioambientais para as distintas masas de auga. Tamén están en proceso de execución Plans de saneamento local co obxectivo de priorizar as actuacións necesarias para resolver os problemas que pesentan as rías galegas, e por último, cómpre engadir que se está elaborando un Plan de control de verteduras.

No traballo de análise realizado, cartografáronse todas as formas de auga a escala 1: 5.000 e realizouse unha análise da conectividade ecolóxica tal e como se referiu na análise da variable paisaxe, e que figura descrita de forma pornenorizada no Título II, Capítulo, 3 de Caracterización da paisaxe.

3.1.8. A enerxía

Como fixemos coas variables anteriores, a seguir nomearemos algunhas das políticas e programas que teñen relación coa enerxía e diferenciarémolas, como nos anteriores casos, segundo a súa escala, é dicir, atendendo ao órgano que as crease:

a) No **nivel estatal,** destacamos as siguintes:

- Estratexia española do cambio climático e enerxía limpa 2007-2012-2020.
- Estudo estratéxico ambiental do litoral español para a instalación de parques eólicos mariños.

b) Atendendo á **escala autonómica**, os plans máis significativos, aprobados ou en proceso de elaboración, que poderían incidir sobre planeamento municipal no litoral, son os seguintes:

- Plan Enerxético Estratéxico de Galicia.
- Plan Sectorial de Enerxía Eólica (05/12/2002).
- Plan Sectorial Hidroeléctrico das Concas Hidrográficas de Galicia Costa (29/11/2001).

É importante destacar neste punto que a produción de enerxía foi unha constante ao longo da historia, pero na actualidade a actividade humana cada vez demanda un maior consumo desta. Non hai mellor exemplo que a cantidade de patrimonio vinculado a esta produción que temos no noso territorio.

Estes exemplos van desde pequenas construcións, ás veces convertidos en fitos paisaxísticos, a elementos que modifican áreas dunha paisaxe como pode ocorrer coas presas ou muíños de vento como os existentes en Narón ou Catoira, que datan de séculos pasados e que na actualidade moitos foron reconstruídos para fins turísticos e museísticos.

A enerxía ten unha enorme transcendencia na nosa sociedade actual, xa que é un recurso imprescindible tanto para o desenvolvemento económico como o social, e ten ademais unha gran repercusión nas nosas paisaxes.

A xeración e uso de enerxía produce impactos ambientais importantes, por iso os expertos consideran que no cambio climático o sector enerxético tivo moito que ver e por isto advirten da urxencia de reducir estes impactos. Para iso, propoñen un novo modelo enerxético baseado fundamentalmente na garantía da subministración, o prezo dos produtos enerxéticos e o impacto ambiental da xeración e o uso da enerxía.

O litoral concentra arredor do 70% da demanda enerxética de Galicia, e esta demanda vai aumentando en función das novas necesidades, polo que se fai necesario o desenvolvemento de novas infraestruturas capaces de dotar dun servizo de calidade a zona demandante. Aínda así, existen numerosos informes europeos nos que identifican a costa atlántica europea como contedor do potencial menos aproveitado para a explotación de fontes de enerxía renovables, tanto eólica como de mareas.

Cos avances tecnolóxicos dos últimos anos, aparecen tamén novas formas de explotar os recursos, por iso é necesario contar con estes instrumentos de ordenación do territorio que permitan adaptarse a esta rápida evolución.

O obxectivo global de aforro e eficiencia enerxética desenvolverase no litoral a través de plans específicos en zonas especialmente sensibles ambientalmente; ademais disto, desenvolveranse plans de mobilidade específicos para reducir os consumos enerxéticos en transporte tanto marítimo coma terrestre.

Non obstante, non existe na actualidade un tratamento transversal desta variable capaz de inducir transformacións no aforro.

Considerando que no ámbito litoral a paisaxe e o medio ambiente son aínda máis sensibles que no interior, faise necesario o desenvolvemento de plans de calidade e mellora; para iso débese procurar entre outras, a progresiva substitución dos tradicionais combustibles fósiles a favor de combustibles renovables (biogás, biocombustibles, valorización de residuos, etc.).

No Capítulo 4, Enerxía, do Título III, Síntese territorial, figura a análise e diagnóstico desta variable con maior grao de detalle.

3.1.9. Os ciclos de materiais

A Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia, ten por obxecto “previr a produción de residuos, establecer o réxime xurídico xeral da produción e xestión dos residuos, fomentando, por esta orde, a súa redución, reutilización, reciclaxe e outras formas de valorización, e a regulación dos solos contaminados, co fin de protexer o medio ambiente e a saúde humana”. O seu obxectivo é o de mellorar a calidade de vida dos seus habitantes e acadar un alto nivel na protección do medio ambiente, dotando os organismos públicos competentes dos mecanismos de intervención e control necesarios para garantir unha adecuada xestión dos seus residuos.

No ámbito do litoral conviven actualmente os tres modelos de xestión de residuos que existen en Galicia: o do concello da Coruña e o Consorcio das Mariñas, o da Mancomunidade dos concellos da Serra do Barbanza e o modelo xenérico e maioritario de SOGAMA, para o resto de entidades locais. Non existen municipios que aínda sigan depositando residuos en entulleiras neste ámbito.

A xeración de residuos total e a xeración por habitante e día están a aumentar, o que se relaciona co fenómeno da migración de zonas máis rurais a zonas urbanas co consiguinte aumento do nivel de vida e a aparición de novos hábitos de vida e consumo que contribúen a que aumente a produción de residuos no fogar.

A situación ao respeto da xestión e tratamento de residuos en Galicia demostra o colapso da capacidade das instalacións de tratamento actuais que provoca a necesidade de desenvolver unha planificación de infraestruturas que coordine as infraestruturas existentes e as súas necesidades coa construción de novas plantas a medio e longo prazo.

A elevada dispersión territorial, tan característica de Galicia, non fai aconsellable un modelo único de xestión, senón adaptar a cada zona aquelas recollidas e tratamentos de residuos que maior eficiencia ambiental e económica dean ao conxunto da xestión. En calquera dos casos, a dispersión fai que un modelo de tratamento moi centralizado provoque un elevado custo enerxético en transporte e, ademais, no medio rural, algunhas recollidas selectivas demostran unha baixa eficiencia.

Estas cuestións son tratadas polo Plan de xestión de Residuos Urbanos, actualmente en fase de elaboración.

Ademais, atópanse iniciados os seguintes plans respecto doutras tipoloxías de residuos:

- Plan de Xestión de Residuos Industriais e Solos Contaminados
- Plan de Xestión de Residuos Sanitarios

3.1.10. O cambio climático

Como nas variables anteriores, enumeraremos a seguir as distintas políticas e programas que inciden no ámbito litoral.

Ademais dos instrumentos internacionais fundamentais para combater este fenómeno, como son a convención marco das Nacións Unidas sobre o Cambio climático e o seu desenvolvemento co Protocolo de Kyoto, desde a Unión Europea é importante considerar o II Programa Europeo do Cambio Climático, e se descendemos de escala, no nivel estatal cabe destacar a estratexia española de cambio climático e enerxía limpa 2007-2012-2020. Por último, Galicia posúe a este respecto a estratexia galega fronte ao cambio climático, e na actualidade atópase en elaboración o Plan marco galego de acción fronte o cambio climático 2010-2020.

No marco dos traballos da Xunta de Galicia fronte ao cambio climático, realizouse unha serie de investigacións baixo o marco do proxecto CLIGAL, no que se recollen as evidencias do cambio climático e os posibles impactos que está causando. Os resultados destas investigacións foron publicados en febreiro de 2008.

Esta análise amosa como no factor climatolóxico o cambio climático faise palpable polo aumento de temperatura, é dicir, aumento de días e noites cálidas, as precipitacións diminúen no mes de febreiro mentres que aumentan durante o outono. Respecto á cantidade total de precipitación non se observan cambios significativos. Así mesmo, aumenta o período de xeadas pero diminúen os días de neve.

Os ecosistemas mariños tamén se ven afectados por este cambio climático, debido ao aumento das temperaturas da auga superficial, o que produce un impacto na fauna do lugar.

E, por último, os ecosistemas terrestres atópanse tamén moi afectados; un exemplo desta afección é a proliferación de incendios que se produce neste territorio.

No ámbito específico do litoral, a previsible subida do nivel do mar acelera as dinámicas costeiras e, en concreto, os procesos de regresión das zonas acantiladas e dos sistemas dunares. Este fenómeno debe ser tido en conta para a planificación, xa que pode supor un risco para as poboacións e as infraestruturas.

3.1.11. A mobilidade

Como xa dixemos nas variables anteriores, o territorio galego atópase na actualidade afectado por distintas políticas e programas que van desde a escala europea á autonómica. A seguir, enumeramos unha serie de normas, recomendacións e plans que afectan a esta variable:

a) No **nivel europeo**:

- Libro branco da política europea de transportes para o 2010.

b) No **nivel estatal** consideraremos a seguinte:

- Plan estratéxico de infraestructura e transporte (PEIT)
- Estratexia española de mobilidade sostible.

c) No **nivel autonómico,** enumeramos tamén as diferentes leis ou plans que inciden na nosa zona de estudo e que, entre outras, destacamos as seguintes:

- Lei 4/1994, do 14 de setembro, de Estradas de Galicia.
- Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos Camiños de Santiago de Galicia.
- Plan de mobilidade e ordenación viaria estratéxica (MOVE).
- Plans sectoriais da rede viaria das cidades de Vigo e Pontevedra e as súas respectivas áreas de influencia.

A **Lei 4/1994, do 14 de setembro, de Estradas de Galicia**, na Sección I, artigos 1-5, regula a “planificación, os proxectos, construción, financiamento, uso e explotación das estradas cuxo itinerario estea comprendido no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que non sexan titularidade do Estado”.

As estradas son a principal vía de comunicación dos municipios do litoral, xa que na actualidade existe unha gran carencia doutros modos, especialmente no que se refire ás infraestruturas ferroviarias. Tampouco o transporte público interurbano por estrada ten unha adecuada dotación, e a maioría da poboación opta polo transporte particular, coas consecuencias negativas que iso implica no que se refire á contaminación atmosférica e aos problemas de conxestión e probabilidade de accidentes. Sobre todo nun territorio caracterizado pola dispersión poboacional e, en certas áreas con intensos procesos de dispersión e difusión urbana, o que leva consigo a necesidade dun intenso número de desprazamentos.

Na Mariña lucense, o principal eixo é a estrada nacional N-642; as súas principais portas de entrada son a ponte sobre a ría de Ribadeo, que une Galicia coa autovía transcantábrica, e a rotonda de San Cosme, próxima a Foz. É ademais a única vía de transporte para os produtos da pesca e das actividades industriais da zona. Deberíase fomentar ou revisar o xeito de uso do ferrocarril existente (FEVE) como elemento de integración do sistema de asentamento neste sector e ata Ferrol, por onde discorre seguindo o trazado litoral e que na actualidade, malia posuír numerosas estacións, non está explotado para o uso turístico.

A seguir, nas Rías Altas os movementos seguen a mesma estrada nacional (N-642), pero desde Burela esta pasa a chamarse LU-862 e AC-862. As portas de entrada, ademais da anteriormente citada que entra neste sector desde Viveiro, está a LU-540 para o acceso desde o interior da Península. Nunha segunda orde figura a estrada autonómica que une a autoestrada A-9 desde Ferrol coa AC-566. Como continuación da estratexia do anterior sector, poderíase potenciar o ferrocarril de vía estreita (FEVE) aínda que neste traxecto non ten tanto número de estacións como na Mariña lucense.

Nos sectores do Golfo Ártabro e parte do Arco Bergantiñán a maior parte dos desprazamentos canalízanse a través da autoestrada A-9, entre A Coruña e Ferrol con nós de enlace aos municipios das rías centrais e aos seus principais atractivos e praias. Paralela a esta, e sen peaxe, figura a AC-563. A principal porta de entrada a este espazo é a Autovía do Noroeste (A-6). Nestes sectores existe ademais outra vía de mobilidade que nos anteriores non había, a vía aérea desde o aeroporto de Alvedro e os cruceiros que atracan no porto habilitado para os transatlánticos. Existe ademais un trazado ferroviario próximo á costa entre A Coruña e Ferrol con estacións preto das praias; esta vía é poco coñecida e, como consecuencia, poco utilizada.

No resto do Arco Bergantiñán e a Costa da Morte os movementos horizontais veñen determinados pola estrada autonómica AC-552 con enlaces transversais cara a cada ría e a Camariñas, por estradas autonómicas de segunda orde. Só é posible percorrer a costa en paralelo a través de vías locais, descontinuas e moi estreitas, polo que non resulta apropiado cun vehículo do tipo turismo. Non resulta fácil establecer portas de entrada ao destino ben definidas e os mercados emisores do levante mediterráneo ou do centro teñen que elixir entre facer o percorrido desde a Península pola autovía A-6, desviándose logo cara a Arteixo e Carballo pola autoestrada autonómica de pago AG-55 e continuar despois pola citada AC-552 (probablemente a entrada máis longa, pero cómoda), ou ben os mercados de Galicia, desde Santiago de Compostela tomando a saída cara a Santa Comba por unha estrada local con bo firme e desde alí pola AC-404, transformando así a capital municipal de Vimianzo en porta de entrada e decidir nese intre o destino final ou o itinerario cara ao norte, por Cabana, Laxe e Malpica de Bergantiños, ou cara ao oeste e sur, por Camariñas, Muxía, Cee e Fisterra.

Nas Rías Baixas, o eixo viario fundamental é a autoestrada A-9, que facilita o acceso ás catro rías. A principal porta de acceso é o enlace no Porriño da autovía A-52 desde o interior da Península coa A-9, e nese mesmo lugar, coa continuación da autoestrada A-3 portuguesa. Desde a A-9, é posible acceder á ría de Muros, a través da autovía AG-56, nun enlace pouco antes de Santiago de Compostela, continuando despois cara a Noia pola estrada de competencia autonómica AC-543. Igualmente, cara á ría de Arousa abriuse ao tráfico en 2009 a autovía AG-11, desde Padrón a Ribeira; proximamente estará en uso a AG-43, entre Caldas de Reis e Vilagarcía de Arousa, e tamén en 2009 inaugurouse a autovía AG-41, entre Barro e O Grove. A ría de Pontevedra ten operativa unha parte da vía rápida que debe unir a capital con Bueu e a ría de Vigo dispón doutra vía rápida entre a ponte de Rande e Cangas. A vía férrea neste caso só une as capitais. Medra, non obstante, a mobilidade na vía aérea chegando numerosos voos ao aeroporto de Peinador, e con menor peso, cruceiros que atracan no porto transatlántico desde onde realizan numerosas visitas.

Por último, na Costa Sur existen dúas portas de entrada principais que en ambos os casos parten do enlace no Porriño da autovía A-52. A primeira delas segue pola autovía autonómica AG-57 cara a Baiona e logo cara á Guarda pola PO-552, mentres que a segunda porta se orienta desde o citado nó cara ao sur pola autoestrada A-9 cara a Tui -porta dos mercados portugueses para acceder a Galicia.

Recentemente, foi presentado pola Xunta de Galicia o **Plan MOVE,** un Plan de Mobilidade que establece as orientacións estratéxicas en materia de infraestruturas de transporte coa finalidade de facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados, contribuíndo deste xeito á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns. Seguindo estas premisas, na actualidade atópase en proceso de tramitación un Plan director de Mobilidade Alternativa de Galicia, para o fomento dos modos alternativos a pé e en bicicleta, e un Plan de aparcadoiros disuasorios para favorecer a intermodalidade.

Doutra banda, iniciáronse os traballos dos plans sectoriais da rede viaria das cidades de Vigo e Pontevedra e as súas respectivas áreas de influencia, co obxecto de coordinar todas as actuacións na materia.

3.2. RELACIÓN COS PLANS VIXENTES OU EN PROCESO DE ELABORACIÓN OU REVISIÓN

O POL é un plan territorial integrado e, como tal, está vinculado ao que establezan as DOT. Do mesmo xeito, o POL debe coordinar os plans de carácter sectorial co obxecto de conseguir unha protección e xestión efectiva das zonas costeiras. A seguir, enuméranse os diferentes plans que poderían afectar ao planeamento e que teñen incidencia dentro do ámbito do Plan de ordenación do litoral. Algúns deles aparecen no Título III, Capítulo 1, Estrutura Territorial, explicados con maior grao de detalle.

3.2.1. Directrices de ordenación do territorio

Documento marco de ordenación territorial
Data de aprobación: En fase de elaboración (de forma simultánea e coordinada co POL)
Ámbito territorial: Galicia

As Directrices de ordenación do territorio son un instrumento de carácter global, expresión da política territorial, que han de constituír o marco xeral de referencia, establecendo as pautas espaciais de asentamento das actividades, de acordo coas políticas sociais, económicas e culturais emanadas da Comunidade, integrando, se é o caso, as emanadas desde o Estado así como as propostas que xurdan desde as entidades locais.

As Directrices, xunto co Plan de ordenación do litoral, constitúen o marco para unha xestión integrada deste espazo singular.

Os criterios fundamentais que constitúen as liñas estratéxicas oriéntanse a:

- Favorecer a compacidade, harmonizar o desenvolvemento das cidades e previr a urbanización difusa.
- Fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e poñer en valor o territorio.
- Mellorar a accesibilidade e mobilidade no territorio.
- Protexer o patrimonio natural e cultural.
- Incorporar a perspectiva do metabolismo urbano para unha maior eficiencia ambiental.
- Afianzar o protagonismo exterior de Galicia.

As Directrices de ordenación do territorio fundaméntanse no concepto de desenvolvemento sostible que se incorpora plenamente ás políticas económicas, ambientais e territoriais, propiciando un marco baseado nun uso racional dos recursos do territorio, favorecendo a optimización do seu aproveitamento, así como establecendo os criterios que garanten o desenvolvemento das actividades produtivas e dos desenvolvementos urbanos sen que iso supoña unha deterioración irreversible dos recursos e das condicións ambientais. As Directrices confírenlle ao Plan de ordenación do litoral unha serie de funcións que permita unha xestión integrada deste espazo singular:

- A concreción do ámbito litoral da Comunidade de Galicia, obxecto de ordenación, considerado no seu conxunto o litoral, como unha entidade continua e única, dotada dun alto valor que debe ser protexido desde unha perspectiva integral, dentro da política de desenvolvemento sostible.

- A protección e conservación dos recursos naturais do litoral, a través do establecemento de criterios para o mantemento e custodia dos elementos naturais, das praias e, en xeral, da paisaxe litoral.

- A sinalización daqueles ecosistemas litorais e costeiros, praias e unidades xeomorfolóxicas e paisaxísticas, cuxas características naturais, actuais ou potenciais xustifiquen a súa conservación e protección.

- A protección e conservación do patrimonio natural e cultural do litoral a través do establecemento de criterios para a protección de todos os elementos que configuran a paisaxe litoral.

- A fixación de criterios, principios e normas xerais para a ordenación territorial dos municipios costeiros da Comunidade Autónoma de Galicia propiciando a ordenación dos usos do solo, dentro das categorías de ordenación en relación ás unidades paisaxísticas.

- A elaboración dunha normativa de aplicación nas distintas categorías que constitúa o marco de ordenación a partir de cal regular e controlar os usos e actividades localizadas no litoral, desde a perspectiva da necesaria protección e conservación das súas características e valores naturais.

- Establecemento dun marco básico de referencia para a integración de políticas territoriais e actuacións urbanísticas, tendo en conta a sostibilidade dos recursos naturais do litoral.

- O logro dunha óptima coordinación de actuacións territoriais e urbanísticas entre as administracións que interveñen no litoral e o seu contorno terrestre (Administracións Central, Autonómica e Local) baixo o previo e obrigado respecto ás competencias administrativas de cada parte e dos mecanismos de coordinación en vigor. O POL ten que ser un instrumento de desenvolvemento sostible para a posta en valor da costa, permitindo un gozo público sen degradar o medio.

- A constitución da base para a elaboración dun programa coordinado de actuación do espazo litoral e a proposta de actuacións para a conservación e restauración do espazo costeiro.

Nas DOT expóñense algunhas propostas orientadas a dotar o litoral galego dunha estrutura territorial máis coherente, atractiva e sostible que permita preservar os valores singulares deste espazo e que, pola súa vez, contribúa decisivamente á dinamización económica do territorio e a unha eficaz organización dun sistema de asentamentos policéntrico no complexo espazo costeiro:

- **O litoral como paisaxe de calidade:** a extensión e diversidade das paisaxes da costa de Galicia aconsellan establecer mecanismos para a súa ordenación, protección e xestión.

- **O litoral verde:** a diversidade dos espazos naturais da costa de Galicia constitúe un sistema verde que debe protexerse, mellorarse e ordenarse vinculando áreas del que presenten as características adecuadas aos espazos urbanos e rurais máis próximos, como parte das Áreas de interpretación da natureza. Do mesmo xeito, débese prestar especial atención á intensidade de usos dos espazos máis fráxiles, como as praias.

- **A Senda dos Faros:** establecemento dunha serie de percorridos que permitan, tomando como punto de atracción os faros, recorrer todo o litoral de Galicia proporcionando un atractivo e un elemento de gozo do mar e facilitando o acceso a escenarios paisaxísticos singulares.

- **Espazos turísticos:** recolle as vilas con entidade suficiente para mellorar a posición de Galicia nos grandes mercados turísticos a partir dos cales impulsar esta actividade nos seus respectivos espazos turísticos, así como aos seus correspondentes nodos secundarios e as portas de acceso.

- **Núcleos de identidade do litoral:** vilas singulares que constitúen referentes de identidade urbana e territorial nun ámbito cuxa rápida transformación levou a unha profunda homoxeneización destes asentamentos. Así que estes elementos configúranse como elementos clave desde os que propoñer unha ambiciosa estratexia de posta en valor dos espazos costeiros.

3.2.2. Plan Director Rede Natura 2000

Instrumento de planificación e ordenación de recursos naturais
Data de aprobación: En fase de elaboración
Ámbito do Plan: Todos os espazos naturais de Galicia que forman parte da Rede Natura 2000

Para a planificación e a xestión dos lugares que integran a Rede Natura 2000, establécese un réxime de usos e actividades permitidas nos lugares de acordo cunha zonificación deles, así como as limitacións que se consideren necesarias para a conservación dos hábitats naturais e das especies silvestres.

Tendo en conta que os lugares que integran a Rede Natura 2000 intégranse tamén na Rede galega de espazos protexidos ao seren declarados polo Goberno Autonómico como Zonas de Especial Protección dos Valores Naturais (ZEPVN), o Plan Director deberá responder ás esixencias establecidas tanto polas Directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE como polas leis de conservación da natureza, a estatal 4/89 e a autonómica 9/2001.

En consecuencia, o instrumento de ordenación e planificación dos espazos serán os Plans de Conservación, que incluirán a delimitación do ámbito de protección, a identificación dos valores que teñen que protexer e os posibles riscos que poderían afectar aos seus valores naturais, as normas de uso e aproveitamento dos recursos, así como as normas relativas ao uso público.

Coa finalidade de dotar os distintos espazos Naturais de criterios homoxéneos de ordenación, incluirase unha zonificación de usos para cada espazo e, a partir dela, estableceranse as directrices de planificación.

O Plan Director de Conservación da Rede Natura 2000 formula os seus obxectivos a partir da European Community Biodiversity Strategy (COM 98-42), estratexia Española para a Conservación e o Uso sostible da Diversidade Biolóxica (MMA, 1998), a Estratexia Galega para a Conservación e Uso Sostible da Biodiversidade (CMA), a Estratexia Galega de Desenvolvemento Sostible (CMA), ademais da normativa comunitaria, estatal e autonómica relativa aos espazos naturais.

De acordo con estes documentos, establécense polo menos os seguintes obxectivos:

- A conservación da biodiversidade a través do mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais.
- Contribuír a garantir a biodiversidade mediante o establecemento de medidas de xestión para o mantemento ou o establecemento dos hábitats e das especies incluídas nas directivas 79/409/CEE e 92/43/CEE e nos catálogos de especies ameazadas, tanto no nacional como no autonómico.
- A regulación das actividades, proxectos e plans susceptibles de afectaren á integridade dos espazos ou dos seus compoñentes, en coherencia co artigo 6 da DC 92/43/CEE e acorde coa lexislación vixente.
- Propiciar o desenvolvemento sostible.
- Integrar a conservación coas esixencias económicas, sociais e culturais, así como coas particularidades territoriais dos diferentes espazos que integran a Rede Natura 2000 en Galicia.
- Ademais, establécense tamén outros obxectivos con independencia dos propios de conservación, como son:
- Garantir o mantemento das actividades tradicionais.
- Asegurar a sostibilidade.
- Darlles seguridade aos empresarios e promotores sobre cales son as zonas de exclusión para as distintas actividades e cales son as zonas de uso compatible cos obxectivos de conservación.
- Fomentar o coñecemento, o uso público do turismo de natureza e potenciar estas áreas de gran valor natural e paisaxístico con actividades alternativas de desenvolvemento sostible.

Para a súa planificación e xestión, hai que considerar unhas directrices clave para garantir a súa conservación:

- Manter e fomentar as actividades tradicionais promovendo a sostibilidade das accións.
- Considerar as incompatibilidades cos obxectivos de conservación dos novos proxectos que poidan atentar de maneira significativa contra os valores naturais que motivaron a inclusión desta zona na Rede Natura.
- Avaliar as repercusións ambientais, así como as medidas correctoras e compensatorias necesarias para aqueles proxectos que poidan incidir negativamente no estado de conservación da Rede Natura.

O Plan de ordenación do litoral deberá coordinarse coas figuras de protección integrantes da Rede Natura 2000, o tratamento máis específico destes espazos e a súa singularidade fan que dentro destes ámbitos o POL non actúe. Non obstante, no contorno destes espazos o POL debe coordinarse con eles para así evitar presións indesexadas.

3.2.3. Plan Galego de Ordenación dos Recursos Piscícolas e dos Ecosistemas Acuáticos Continentais

Instrumento de planificación e ordenación de recursos naturais
Data de aprobación: En fase de elaboración
Ámbito do Plan: toda Galicia

Son obxectivos xerais do presente plan:

- Incrementar e mellorar a situación de deterioración na que se atopan boa parte dos recursos piscícolas e dos ecosistemas das augas continentais galegas, a pesar dos esforzos realizados en contra ata o momento, empregando para iso os coñecementos máis actuais que están ao alcance desta Administración.
- Incrementar o valor recreativo da pesca a través da diversificación e aumento da calidade da oferta conseguindo paralelamente que aumente a súa importancia como actividade dinamizadora do desenvolvemento económico en zonas rurais.
- Adecuar os medios da Administración ás esixencias que se derivan dunha maior necesidade e disponibilidade de información, novas técnicas de xestión e da obriga de atender as demandas sociais que presionan en favor de asegurar a conservación da biodiversidade.

As actuacións que pretendan conseguir os obxectivos xerais deben observar os seguintes criterios orientadores:

- Asegurarase a conservación da biodiversidade e dos recursos xenéticos das poboacións naturais.
- Primarán o mantemento e a mellora das poboacións naturais existentes sobre as técnicas de reforzos poboacionais, repoboacións ou reintroducións.
- O deseño dos plans e as liñas de actuación estará baseado no estudo e coñecemento dos sistemas ecolóxicos e das poboacións.

- En todas as actuacións observarase o principio de precaución recollido na Declaración de Río como un dos principios esenciais para o desenvolvemento sostible: calquera actuación humana con posibilidade de causar prexuízos ao medio ambiente pode ser vetada por unha decisión política baseada exclusivamente en indicios sobre a probabilidade de que aquela resulte perniciosa, sen necesidade de que exista certeza científica disto.
- Asegurarase a continuidade dos plans e programas que se redacten.
- Fomentarase a participación social e a información e divulgación dirixidas tanto ao colectivo de pescadores como á sociedade en xeral.
- Procurarase a coordinación entre as distintas administracións públicas implicadas na consecución dos obxectivos propostos.

De forma complementaria ás directrices que emanan do Plan, aplicables a toda acción relacionada cos ecosistemas fluviais, este inclúe ou contempla a redacción dunha serie de Plans ou Plans Sectoriais a modo de medidas que deben ser abordadas de maneira inmediata.

- Mellora da accesibilidade.
- Designación de masas de especial interese.
- Conservación e fomento do salmón atlántico.
- Adecuación dos sistemas de xestión pesqueira.
- Ordenación de bacías.
- Inventariado, estudo e control de poboacións.
- Divulgación, conservación, formación e fomento da participación pública.

O Plan de ordenación do litoral deberá establecer unha xestión coordinada coas determinacións e estratexias deste plan, aínda que como xa comentamos no apartado destinado á definición do ámbito o POL non establece determinacións para as augas, tan só para as zonas intermareais. Non obstante, si que deben incorporar estratexias de mellora da calidade da auga.

3.2.4. Plan galego de Acuicultura

Plan sectorial
Data de aprobación: 28/08/2008
Ámbito do Plan: Litoral de Galicia

O Plan ten como obxecto o determinar as condicións xerais para o futuro desenvolvemento dun conxunto de instalacións de acuicultura mariña en terra, da que se pretende unha función estimulante da reactivación económica das áreas implicadas.

A continuación, citamos unha serie de propostas do Plan sectorial:

- Definen o ámbito de cada actuación, que poderá ser readaptado polos proxectos sectoriais que o desenvolvan, debido ao cambio de escala desta determinación ou por outras causas debidamente xustificadas, sempre que non supoña unha alteración igual ou superior ao 10% (tanto por exceso como por defecto) respecto ao ámbito delimitado no Plan Sectorial. Esta porcentaxe entenderase sen prexuízo do que resulte do proceso de aprobación do proxecto, en función do cumprimento de todas as determinacións que se inclúen na memoria ambiental do presente Plan.

- Definen para cada instalación os parámetros urbanísticos e demais condicións técnicas, estéticas e medioambientais.

- Índícanse orientativamente as directrices de ordenación de cada ámbito, na descrición pormenorizada de cada localización e en particular na súa ficha resumo, que poderán ser modificadas no proxecto sectorial sempre que se manteñan os parámetros urbanísticos e demais condicións técnicas, estéticas e medioambientais.

O Plan de ordenación do litoral debe establecer as bases de reflexión para o desenvolvemento destas actividades para futuros Plans sectoriais de acuicultura. Non se trata tanto de coartar as implantacións recollidas no plan acuícola como de redirixir as novas implantacións co obxecto de conseguir unha xestión dos recursos acuícolas integrada coas características ambientais, naturais e paisaxísticas das zonas costeiras.

3.2.5. Plan Director das Instalacións Náutico-Deportivas

Plan Sectorial
Data de aprobación: En fase de elaboración
Ámbito do Plan: Litoral de Galicia

Os obxectivos propostos polo Plan Director das Instalacións Náutico-Deportivas de Galicia clasifícanse en dous grandes grupos:

- Obxectivos Macro, que abranguen as metas específicas propias do Sistema Portuario galego.

  - Política estratéxica común.
  - Adecuación da oferta á demanda con criterios de sustentabilidade e viabilidade.
  - Creación dun sistema portuario galego.
  - Reequilibrio territorial.
  - Oferta diversificada.
  - Priorización das iniciativas.
  - Fomento do amarre seco / evitar fondeadoiros non controlados.
  - Fomento do cliente forasteiro.
  - Integración dos actores (Municipio, Xunta, Costas, Portos de Galicia…): ferramentas de planificación.

- Obxectivos Micro, que abranguen metas marcadas para as instalacións náutico-recreativas.

- Integración dos actores (Municipio, Xunta, Costas, Portos de Galicia…): ferramentas de planificación

  - Mellora na calidade dos servizos.
  - Mellora na funcionalidade das instalacións.
  - Mellora na xestión ambiental.
  - Mellora na explotación / xestión.
  - Melloras na seguridade portuaria.

3.2.6. Plan MOVE e Plans de actuación no ámbito das infraestruturas

Plan sectorial, plans de actuación
Ámbito: Galicia
Data do Acto de Presentación do plan MOVE: 18/09/2009

O Plan MOVE é un Plan de Mobilidade e ordenación viaria estratéxica para o 2010-2015 que establece as orientacións estratéxicas en materia de infraestruturas de transporte coa finalidade de facilitar a mobilidade das persoas e o acceso aos mercados, contribuíndo deste xeito á mellora da competitividade da economía e ao benestar dos cidadáns.

O seus obxectivos principais son:

- Completar a articulación da rede de infraestruturas de transporte de Galicia co exterior e a conexión entre os principais eixos interiores.
- Adecuar o transporte nos medios urbanos, mellorando a accesibilidade dos diferentes ámbitos funcionais do territorio desde unha perspectiva metropolitana.
- Garantir que o 80% da poboación se sitúe a menos de 10 minutos dunha Vía de Altas Prestacións (VAP).
- Mellorar a seguridade viaria, reducindo nun 50% o número de vítimas de accidentes de circulación nas estradas galegas no horizonte do ano 2013.
- Elevar o investimento en mantemento, xestión e conservación da rede ao 3% do seu valor patrimonial.
- Flexibilizar o sistema de peaxes nas autoestradas galegas atendendo a criterios de coherencia, globalidade, progresión e universalidade. A peaxe non debe ser unha barreira para a mobilidade das persoas en Galicia.
- Fomentar o uso de sistemas de transporte alternativos ao vehículo privado, a través da implantación de aparcadoiros disuasorios nos contornos das cidades, así como de itinerarios peonís e ciclistas.

Este Plan define as seguintes actuacións como primordiais para conseguir os obxectivos establecidos no horizonte de 2020:

- programas de infraestruturas en vías de altas prestacións, estruturantes, complementarias e actuacións de apoio;
- programa de actuacións en medios urbanos: abórdanse distintas actuacións necesarias para resolver os problemas existentes no acceso ás grandes cidades;
- programa de mantemento e conservación;
- programa de seguridade viaria;
- programa de I+D+i e mellora da integración paisaxística das estradas;
- programa de optimización de peaxes;

As determinacións destes plans e programas tómanse como punto de partida para o entendemento do complexo sistema de relacións e infraestruturas de mobilidade no ámbito o litoral. O POL non ten por obxecto incidir nestes plans pero si establecer políticas de ocupación e usos do solo máis racionais que contribúan a unha diminución das necesidades de desprazamento.

O Plan de Capacidades, materializado mediante memorias anuais de tráfico, permite definir unha serie de parámetros que se utilizarán como base para regulacións de tráfico e o planeamento e explotación da rede viaria de titularidade autonómica.

O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2006-2010 é un proxecto moi ambicioso que está levando a cabo a Xunta de Galicia e que pretende involucrar a todos os axentes que teñen algún tipo de relación coa Seguridade Viaria. O obxectivo deste plan é a diminución do elevado número de falecidos por accidentes de tráfico que se producen nas estradas.

3.2.7. Plan de xestión de residuos urbanos

Data de aprobación: En fase de elaboración
Ámbito do Plan: Galicia

Galicia aprobou o Plan de xestión de residuos sólidos urbanos no ano 1998, con obxectivos para o período comprendido entre 1998 e 2001, que aínda está vixente. Transcorrida máis dunha década desde esta aprobación, a Comunidade Autónoma está en proceso de aprobar un novo documento que cubra as actuais

Dunas de Corrubedo.

demandas das xestión de residuos urbanos e que se incorpore ás novas esixencias técnicas e normativas que foron xurdindo neste período, así como aquelas que se prevén para o futuro.

Actualmente existe un documento de inicio para a elaboración do novo plan que deberá dar resposta aos retos na xestión de residuos sólidos urbanos para o período 2010-2020.

O ámbito territorial de aplicación e execución do Plan é a Comunidade Autónoma de Galicia que, tal e como se recolle na normativa aplicable, é a que ten as competencias para a elaboración de plans autonómicos de xestión de residuos e a autorización, vixilancia, inspección e sanción das actividades de produción e xestión dos residuos.

A Comunidade Autónoma tamén ten competencia sobre calquera outra actividade relacionada cos residuos e non atribuida explicitamente ao Estado ou as Entidades locais.

Nas estratexias para desenvolver polo presente plan, contémplanse a priori os seguintes obxectivos:

- Estabilizar e reducir a produción de residuos en Galicia (peso, volume, diversidade e perigo) e desligar a xeración de residuos do crecemento económico.
- Fomentar a recollida selectiva en orixe, como estratexia para obter materiais de calidade que teñan saída no mercado da reciclaxe.
- Apoiar a xestión e recollida en orixe da fracción orgánica dos residuos urbanos.
- Potenciar un verdadeiro mercado de reciclaxe, baixo criterios de autosuficiencia e proximidade.
- Reducir a vertedura final, especialmente a fracción biodegradable e materiais recuperables.
- Incrementar a autosuficiencia territorial no tocante ao tratamento de residuos, reducindo os custos de transporte.
- Incorporar o factor humano nas actuacións de xestión de residuos, maximizar a implicación, coñecementos de poboación e xestores.
- Garantir a calidade e transparencia da información.
- Favorecer a complementariedade dos modelos.
- Potenciar o tratamento de resto para alcanzar os obxectivos de recuperación e redución da biodegradabilidade dos residuos verteduras.



Cabo Vilán. Camariñas.

3.2.8. Plan de xestión de residuos sanitarios

Data de aprobación: en fase de elaboración
Ámbito do Plan: Galicia

É obxecto do Plan abordar a problemática da xestión dos residuos sanitarios, xa que estes supoñen un risco, polas súas características e o seu volume de xeración, tanto para a saúde humana como para o medio ambiente. Para isto, este Plan pretende ser un instrumento básico para a planificación, o control, a coordinación e a racionalización de todas as accións relativas aos residuos sanitarios xerados dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

Basicamente, os seus obxectivos pódense sintetizar en:

- Planificación global das actuacións, co obxectivo de lograr unha actuación coordinada e eficaz.
- Determinación dos criterios esenciais para a implantación e financiamento das infraestruturas de tratamento e eliminación.
- Establecemento de prioridades de actuación no ámbito territorial.

3.2.9. Plan de xestión de residuos industriais e solos contaminados

Data de aprobación: en fase de elaboración
Ámbito do Plan: Galicia

O Plan de Residuos industriais e Solos Contaminados de Galicia ten un dobre obxectivo:

- Garantir a xestión controlada dos residuos industriais, así como aplicar a xerarquía de opcións de xestión que recolle a lexislación vixente e que leva a priorizar a prevención e valorización dos ditos residuos fronte a tratamentos finalistas.
- En referencia aos solos contaminados, o Plan velará pola identificación de solos con risco ambiental polo feito de soportar unha actividade de natureza potencialmente contaminante, así como fomentar a adopción das medidas adecuadas no caso daqueloutros solos afectados por unha contaminación efectiva e que requiren de procesos de remediación e restauración.

O Plan de forma específica persegue o seguinte:

- Obxectivos concretos de xestión para os diferentes fluxos de residuos para os que resulta de aplicación.
- Prevé dotar a Comunidade de Galicia daquelas infraestruturas que fagan factible a xestión dos residuos industriais producidos e, en consecuencia, favorecer a aplicación do principio de proximidade.
- Propoñer aquelas ferramentas e instrumentos que fagan efectivo o principio de responsabilidade do produtor na xestión dos residuos xerados.
- Previr a xeración de residuos industriais, a súa xestión incontrolada e os procesos de contaminación sobre os solos de Galicia.
- Garantir a seguridade nos procesos de transporte dos residuos industriais, así como procurar reducir o impacto ambiental del.
- Fomentar aquelas actuacións que permitan un bo coñecemento dos modelos de xestión –dos residuos industriais, pero tamén dos protocolos de declaración e actuación ante solos potencialmente contaminados– entre os axentes implicados.
- Llevar a cabo aquelas actuacións en materia de investigación, desenvolvemento e innovación que redunden en melloras da xestión dos residuos industriais, así como nos tratamentos de descontaminación e remediación dos solos contaminados.
- Implementar aquelas accións en materia de comunicación e coordinación que favorecen o coñecemento dos dereitos e deberes entre os diferentes axentes implicados na xestión de residuos industriais e solos contaminados.

O Plan debe incidir en crear un contexto favorable para a xestión adecuada dos residuos industriais e dos solos contaminados en Galicia, o que leva a considerar algunhas necesidades que o Plan deberá satisfacer:

- Consolidar o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, co fin de que este constitúa un reflexo fidedigno do escenario real de xestión destes residuos. Neste sentido, será indispensable articular aqueles instrumentos que aseguren o control dos produtores, os xestores e das súas actividades respectivas.
- Desenvolvemento das infraestruturas necesarias e suficientes para dar cobertura aos obxectivos de xestión que o Plan formula.
- Cumprir a cada vez máis abundante normativa vixente e as respectivas esixencias de xestión que impón.
- Prever aqueles indicadores que deben permitir un seguimento das actuacións propostas e unha adaptación progresiva da xestión a medida que se obteñen resultados.

3.2.10. Marco galego de Acción fronte ao Cambio Climático

Data de aprobación: en fase de elaboración
Ámbito do Plan: Galicia

Galicia leva traballando no tema desde finais do siglo XX. En 2005, presentouse a estratexia galega fronte ao cambio climático, e agora acábase de presentar un programa marco 2010-2020. O primeiro bloque, ata 2012, estrutúrase en tres partes. Tratarase de incrementar a observación, a investigación e a adaptación. Ademais, fomentará a formación e concienciación cidadá e traballarase para reducir as emisións.

As emisións da industria están reguladas polo plan estatal de emisións do Gobierno central. Desde a Comunidade Autónoma pódese promover a eficiencia enerxética dos edificios, promovendo a instalación de paneis solares ou outro tipo de tecnoloxías e fomentando os coches híbridos.

O programa marco contra o cambio climático é un programa transversal ao que deben contribuír todos os instrumentos promovidos desde a Comunidade Autónoma e, por lo tanto, tamén o POL.

Algúns dos obxectivos específicos son:

- A mellora do coñecemento do clima de Galicia e a avaliación que o cambio climático pode ter no seu territorio.
- Controlar as emisións de GEI de Galicia mediante a definición das liñas que deben seguir as políticas sectoriais.
- Promoción de medidas de apoio aos sumidoiros de carbono, como parte esencial para a solución de problema.
- Estudo dos principais impactos e das súas consecuencias e da forma de minimizar os impactos derivados de cada área de actividade.

Xa comentamos que o desenvolvemento económico das últimas décadas en Galicia e, en particular no litoral, provocou un cambio na estrutura da poboación, pasando dunha poboación maioritariamente rural a unha poboación de carácter urbano, semiurbano ou ambos. Neste contexto, as medidas para reducir o consumo de enerxía e limitar a emisión de gases efecto invernadoiro poden ser socialmente difíciles de implantar.

Desde o Plan de ordenación do litoral pódese colaborar na mitigación das causas do cambio climático, impulsando un modelo territorial que reduza a mobilidade, posto que o consumo enerxético e a emisión de gases de efecto invernadoiro están altamente relacionados co modelo de desenvolvemento territorial e urbano.

E ademais, ten un papel relevante na adaptación aos seus posibles efectos dado que debe considerar a súa afección sobre a dinámica costeira e sobre os sistemas fluviais, identificando as áreas de fluxo preferente nas inundacións.

3.2.11. Plan Enerxético estratéxico de Galicia

Data de aprobación: en fase de elaboración
Ámbito do Plan: Galicia

Este plan iniciou a súa tramitación a finais de 2009 coa información pública da súa avaliación Ambiental estratéxica, unha vez que foi presentado o seu documento de inicio.

Encoro de Bañobre. Arteixo

O principal obxectivo deste Plan, previsto para os anos 2010-2015, é atender as necesidades de enerxía dos cidadáns, optimizar o seu consumo, reducir o impacto ambiental da súa xeración, transporte e distribución, incrementar a competitividade empresarial, prever as necesidades futuras e planificar o abastecemento establecendo liñas de actuación e definindo as estratexias que se teñen que desenvolver. En definitiva, o que persegue é a mellora continua do sector enerxético galego, en coordinación coas restantes estratexias e plans institucionais sectoriais, tendo en conta criterios de desenvolvemento sostible. Un dos seus obxectivos é integrar e establecer obxectivos comúns entre as distintas medidas aos seguintes plans:

- Plan de Aforro e Eficiencia Enerxética (en fase de elaboración).
- Programa de Fomento da enerxía Solar (en fase de elaboración).
- Plan de Gasificación (en fase de elaboración).
- Plan de Mellora da calidade Eléctrica (en fase de elaboración).
- Plan de Infraestruturas Eléctricas (en fase de elaboración).

As principais liñas de actuación sobre as que se asenta o Plan baséanse nos criterios establecidos pola Xunta de Galicia, nas directrices enerxéticas e de desenvolvemento sostible da Unión Europea e nos condicionantes económicos, sociais e territoriais de Galicia, os cales se resumen en:

- Que a enerxía contribúa a dinamizar a economía para favorecer o crecemento económico, como consecuencia dun maior aproveitamento dos recursos endóxenos e de todas as posibilidades económicas de Galicia.

- Intensificar as medidas de aforro e eficiencia enerxética co obxectivo de reducir as taxas de consumo e incrementar a competitividade.

- Diversificar as fontes enerxéticas apostando por un forte desenvolvemento do gas natural e intensificar os esforzos tendentes a un maior aproveitamento dos recursos autóctonos e das enerxías renovables en particular, para diminuír a dependencia enerxética do exterior.

- Garantir unha subministración fiable mediante o desenvolvemento de novas infraestruturas enerxéticas de electricidade e gas, especialmente no ámbito rural, atender a subministración de electricidade ao tren de alta velocidade e a evacuación de novos proxectos de xeración.

- Máximo respecto ambiental, contribuíndo ao cumprimento dos obxectivos establecidos no Protocolo de Kioto e á mellora da calidade ambiental no nivel local.

- Formación e concienciación da cidadanía para limitar a demanda enerxética.

- Fomentar a investigación, o desenvolvemento e a innovación tecnolóxica no campo enerxético, especialmente no campo da eficiencia e das enerxías renovables.

Estas liñas de actuación, reflíctese nos seguintes obxectivos:

- Aforro enerxético
- Respecto ao medio natural
- Garantía de subministración e diversificación das fontes de enerxía
- Infraestruturas de transporte
- Infraestruturas de distribución
- Concienciación da cidadanía

3.2.12. Plan sectorial de enerxía eólica

Data de aprobación: 05/12/2002
Ámbito do Plan: rexional

As áreas de potencial eólico son aquelas áreas de incidencia territorial, identificada mediante coordenadas poligonais, nas que se estima a existencia de recursos eólicos aproveitables. Categorízanse en:

- 98 áreas de investigación de plans eólicos estratéxicos, de 472.761 Ha;
- áreas de reserva, nas que se estima que poden existir recursos eólicos aproveitables.

Este Plan ten por obxecto impulsar o desenvolvemento da política enerxética galega e regular o forte compoñente territorial das instalacións produtoras cuxa incidencia no territorio galego –polas características especiais do interese público que representan- trascende do termo municipal no que se localizan. Trátase do documento no que se recollen as accións para desenvolver no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia relacionadas coa enerxía eólica, planificando a investigación e desenvolvemento dos ditos recursos, así como a infraestrutura tanto eléctrica como industrial necesaria para a súa implantación.

As determinacións do Plan fundaméntanse nos seguintes principios, dos que resulta a incidencia supramunicipal do presente Plan Sectorial:

- A posibilidade de asentamento de aproveitamentos eólicos na maioría das áreas de investigación que constitúen o Plan Eólico de Galicia.
- Desenvolvemento das políticas enerxéticas coherentes coas da Unión Europea.
- A contribución ao desenvolvemento sostible, social e económico de Galicia.
- A necesidade da planificación integral, coordinando as planificacións territoriais, industriais, medioambientais e enerxéticas.

O desenvolvemento eólico previsto debe realizarse, como é lóxico, integrándose adecuadamente no territorio, tendo en conta ademais o necesario respecto ao medio ambiente e modulando o impacto que sobre el teñen as instalacións produtores, mediante a formulación das correspondentes Declaracións de Impactos Ambientais.

É importante sinalar a categorización para os parques eólicos localizados no noso ámbito:

- Tipo I: englóbase dentro deste grupo aquelas áreas definidas polas coordenadas que se inclúen no Plan Sectorial Eólico de Galicia. A súa afección no Ámbito de xestión do POL é de 28.170,49 Ha.
- Tipo II: son aquelas áreas que se reducen con respecto ás que orixinalmente estaban incluídas no Plan Sectorial Eólico. A súa afección no Ámbito de xestión do POL é de 111.374,38 Ha.
- Tipo III: son as áreas nas que unicamente é posible solicitar a repotenciación dos parques existentes e cos requirimentos establecidos nesta orde. A súa afección no Ámbito de xestión do POL é de 612,5 Ha.

O Plan de ordenación do litoral debe establecer as bases de reflexión para o desenvolvemento destas actividades para futuros Plans sectoriais eólicos. Non se trata tanto de coartar as implantacións recollidas no vixente plan como redirixir as novas implantacións co obxecto de conseguir unha xestión dos recursos integrada coas características ambientais, naturais e paisaxísticas das zonas costeiras.

3.2.13. Plan sectorial hidroeléctrico de Galicia Costa

Data de aprobación: 29/11/2001. Actualmente atópase en fase de elaboración un novo plan
Ámbito do Plan: Bacías hidrográficas da demarcación de Galicia Costa

O Plan de ordenación do litoral debe establecer os ámbitos nos cales teñen cabida estas actividades para futuros Plans Sectoriais. Non se trata tanto de coartar as implantacións recollidas no vixente plan como redirixir as novas implantacións co obxecto de conseguir unha xestión dos recursos integrada coas características ambientais, naturais e paisaxísticas das zonas costeiras.

3.2.14. Plan de Abastecemento

Data de aprobación: en fase de elaboración
Ámbito do Plan: o Plan contempla actuacións nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, no ámbito administrativo e no marco de catro plans de bacía diferentes no ámbito hidrolóxico.

Este plan xorde ante a necesidade de dispoñer dunha ferramenta de xestión e ordenación do abastecemento da Comunidade Autónoma galega e de definir a política que seguir en materia de augas para abastecemento, acorde cas novas tendencias e os novos requisitos legais establecidos principalmente na Directiva Marco do auga (2000/60/CE) e no Real Decreto 140/2003 polo que se establecen os criterios da calidade do auga de consumo humano.

Os principios xerais que rexen o presente Plan pódense resumir nas seguintes ideas principais:

- Compromiso cunha utilización máis sostible dos recursos.
- O auga non é un ben comercial senón un patrimonio que protexer.
- Cumprimento estrito da lexislación presente e futura.
- A necesidade de transformar o concepto de consumo de auga e transmitirlle ao usuario a idea do ciclo da auga.
- Responsabilidade compartida, na que todos os axentes sociais deben ser partícipes das solucións adoptadas.
- Fomento da educación e toma de conciencia para lograr un desenvolvemento sostible.
- Subministración de auga con alta garantía en cantidade e calidade, tanto no medio rural como no medio urbano.

A partir disto, entre outras cosas, os obxectivos fundamentais para este Plan son os siguintes:

- Garantir as necesidades actuais e futuras de abastecemento de auga potable a todos os núcleos de poboación que superen os 50 habitantes.
- Planificar as infraestruturas de captación, regulación, transporte, tratamento e distribución necesarias para corrixir as situacións de infradotación de caudais, garantindo a subministración incluso nos períodos de seca.
- Planificar o tratamento das augas para adecuar a súa calidade aos requisitos da normativa sanitaria vixente.
- Planificar as infraestruturas necesarias de interconexión entre sistemas de abastecemento, co fin de que os recursos estean á disposición do máximo número de usuarios.
- Propoñer medidas dirixidas a unha xestión máis eficaz e eficiente dos sistemas de abastecemento.
- Proponer instrumentos e medidas para fomentar o uso racional e aforrativo da auga.
- Ordenar, elaborar e tratar adecuadamente a información obtida, e dispoñer das ferramentas informáticas necesarias para xestionar os investimentos futuros en infraestruturas de abastecemento.

A coordinación do POL con este plan pasa, como en casos anteriores, pola necesidade do establecemento dun modelo territorial que promova un uso racional do territorio e evite os procesos de dispersión. Isto facilitará un uso máis eficiente das infraestruturas de abastecemento.

3.2.15. Plan hidrolóxico Galicia Costa

Data de aprobación: 18/10/2000. Atópase en elaboración un novo Plan hidrolóxico Galicia-Costa.
Ámbito do Plan: a delimitación do ámbito territorial comprende as bacías que se atopan integramente no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia e que son as bacías dos ríos vertentes ao mar Cantábrico, agás a dos ríos Eo e Navia, e as bacías vertentes ao océano Atlántico, coa exclusión dos sistemas Miño-Sil por ser este tamén unha bacía intracomunitaria. Actualmente atópase en fase de elaboración unha revisión para a adaptación á Directiva Marco da Agua.

O dito ámbito territorial esténdese polas tres provincias costeiras de Galicia, é dicir Lugo, A Coruña e Pontevedra, abranguendo unha superficie total de 13.072 km2.

O Plan desenvólvense nun prazo de vinte anos (2007-2017) dividido en períodos temporais de dez anos cada un.

Desde o Plan xa se establecen unha serie de determinacións que o POL debe recoller co obxecto de conseguir os obxectivos anteriormente descritos. Estas determinacións pasan por establecer unhas normas para poder protexer os recursos hidráulicos, e en concreto serán obxecto de especial protección as bacías, encoros, leitos e acuíferos seguintes:

- Aqueles con captacións de augas que se destinen ao abastecemento de poboacións.
- Aqueles situados ou que afecten aos espazos Naturais protexidos, ecosistemas de gran valor (parques, reservas naturais) ou ambos.
- Aqueles susceptibles dun uso recreativo que esixa a a súa ordenación correspondente.

O POL debe velar por que estas áreas de especial protección sexan obxecto de adopción de medidas de prevención, regulación de actividades e saneamento que garantan a conservación do seu recurso, da súa calidade e a máxima riqueza ecolóxica e paisaxística do seu contorno.

3.2.16. Plan sectorial de ordenación territorial de áreas empresariais no Ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

Data de aprobación: 27/05/2004. No verán de 2008 iniciáronse os trámites para deixalo sen efecto. Actualmente atópase en elaboración un novo Plan sectorial de solo empresarial de Galicia.

As intervencións do Plan articúlanse arredor de tres eixos de actuación, que son a Costa da Morte, o Resto da Costa e o Eixo interior, de entre as cales 28 se desenvolven dentro do ámbito do POL, cunha superficie conxunta de 1.103,846 Ha.

Este Plan ten por obxecto:

- Coordinar actuacións de diferentes operadores públicos: Instituto Galego da Vivenda e Solo, promotor do Plan para desenvolver polos entes públicos xestores: Xestur da Coruña, Xestur de Lugo, Xestur de Ourense, Xestur de Pontevedra, a sociedade pública Suelo Empresarial del Atlántico, S.L. (S.E.A., S.L.) creada para o efecto pola Sociedade Estatal de Participacións Industriais e Desenvolvemento Empresarial, así como outros entes ou sociedades públicas –mesmo de carácter local- que poidan participar na súa xestión.

- Programar as actuacións públicas en materia de solo empresarial que prevé, para a súa execución no período 2003-2006.
- Establecer as condicións ambientais, paisaxísticas, infraestruturais e de integración territorial que cumprir por cada unha das actuacións previstas.
- Dimensionar e caracterizar as novas ofertas atendendo ás potencialidades da demanda dos ámbitos territoriais que van servir e propoñendo unha concreta localización para todas e cada unha das actuacións propostas.
- Definir os criterios de ordenación para os proxectos sectoriais que deberán desenvolver o Plan, co fin de mellorar os servizos prestados ás empresas, o atractivo das localizcacións e a súa competitividade xeral.

Algunhas destas actuacións son:

- Parques empresariais con ámbito de servizo subrexional, de gran dimensión e con función central/especializada. Dentro do ámbito do POL non existe ningunha destas actuacións.

- Parques de ámbito de servizo subrexional, dimensión intermedia alta e función complexa. Dentro do ámbito do POL atopamos exemplos en Ferrol, Carballo, A Laracha, Mos e Tomiño.

- Parques empresariais con ámbito de servizo comarcal, dimensión intermedia baixa e función principal. No ámbito do POL existen exemplos desta actuación en Cee, Vimianzo, Muros, Viveiro, Xove/Cervo, Foz e Lourenzá, Vilanova de Arousa e A Guarda/O Rosal.

- Parques que teñen un ámbito de servizo local, de dimensión básica e función principal complementaria dos parques comarcais. No ámbito do POL atopamos os seguintes exemplos en Cedeira, Malpica de Bergantiños e Laxe, Camariñas, Carnota, Muxía, Porto do Son, Rianxo, Barreiros e Catoira.

O Plan de ordenación do litoral debe establecer os ámbitos nos cales teñen cabida estas actividades para futuros Plans sectoriais. Non se trata tanto de coartar as implantacións recollidas no vixente plan como de redirixir as novas implantacións co obxecto de conseguir unha xestión dos recursos integrada coas características ambientais, naturais e paisaxísticas das zonas costeiras.

3.3. IDENTIFICACIÓN DOS ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO

O obxectivo deste apartado é o de identificar os elementos que presentan máis valores ou aqueles que, pola súa importancia ou repercusión sobre cada variable en cuestión son elementos claves para o estudo do territorio. Por lo tanto, as determinacións do POL irán encamiñadas a protexelos, minimizalos, ou corrixilos, entre outras cousas.

Unha vez presentadas tanto as variables establecidas polo DR, como a análise do contorno en relación a estas, e chegados a este punto, introdúcese un novo concepto: o concepto dos elementos estratéxicos do territorio en relación con cada variable. Estes elementos son xerais, é dicir, cada un deles se os desagrupamos incluirían moitos doutros subelementos.

VARIABLES	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO
SOLO	Riscos Coberturas e usos do solo Asentamentos
PAISAXE	Sociedade Elementos estruturais Elementos texturais
PATRIMONIO NATURAL	Xeoformas Hábitats
PATRIMONIO CULTURAL	Elementos puntuais Elementos lineais de comunicación Conxuntos edificados
SOCIEDADE E ECONOMÍA	Poboación Asentamentos Equipamentos Infraestruturas Sectores produtivos
ATMOSFERA	Fontes emisoras Asentamentos
CICLO HÍDRICO	Usos e consumo Sistemas Formas da auga
ENERXÍA	Fontes de enerxía Consumos e distribución
CICLO DE MATERIAIS	Residuos Modelos de xestión e tratamento Materiais
CAMBIO CLIMÁTICO	Ambiente Fontes de gases de efecto invernadoiro Sumidoiros Adaptación aos efectos
MOBILIDADE	Principais destinos Modos de transporte e infraestruturas asociadas Asentamentos

Táboa 6: identificación dos elementos estratéxicos do territorio.

Vista da Praia de Cancelo en Carnota.

4. DEFINICIÓN DE OBXECTIVOS

Neste apartado perséguese establecer os obxectivos xerais do Plan no marco das determinacións establecidas na lexislación vixente así como nas DOT en elaboración.

Isto realizouse para cada elemento estratéxico do territorio anteriormente identificado para cada unha das variables establecidas no DR.

4.1. SOLO

O litoral é, como vimos, un territorio de gran dinamismo socioeconómico que deu como resultado, en ocasións, problemas de incompatibilidade de usos, un consumo insostible de recursos naturais e unha insuficiencia das infraestruturas ante os inadecuados ritmos de crecementos. A concentración destas actividades económicas e o seu dinamismo provoca fortes transformacións que corren o risco de desfigurar os trazos esenciais do espazo litoral. Non se trata só dunha simple cuestión paisaxística senón que a urbanización intensiva do litoral, a redución da superficie vexetal e a perda de zonas húmidas alteran o funcionamento do clima, supón a perda de calidade dos solos e a alteración da paisaxe.

Neste contexto o DR propón:

- Promover un desenvolvemento que non supere a capacidade de carga do espazo litoral.
- Promover en mantemento das funcións da estrutura do solo.
- Promover un desenvolvemento do territorio litoral ordenado e eficiente.
- Considerar a mobilidade como unha variable fundamental na análise de alternativas.

Así o POL toma como obxectivo establecer un modelo territorial que promova un uso eficiente do solo, racionalizando o seu consumo e integrando as afeccións derivadas da implantación das actividades e usos, tanto de carácter urbano como os de natureza rural, de maneira coherente cos seus valores.

Desde o POL preténdese dotar de racionalidade os procesos de ocupación do solo. Para iso, incide por igual nos elementos de carácter natural e nos de carácter antrópico. Así, é necesario a regulación e o recoñecemento dos elementos de valor natural e o establecemento de criterios de crecemento dos novos asentamentos e usos de carácter turístico e produtivo. Do mesmo xeito, a ocupación do solo en relación cos axentes endóxenos e esóxenos do territorio (precipitacións intensas, sismos, esvaramentos, subida do nivel do mar, etc.) condiciona, en gran medida, a existencia de riscos naturais con incidencia tanto nos asentamentos e na poboación como nas actividades económicas.

4.2. PAISAXE

Tal e como xa se comentou, a paisaxe é un elemento integrador de todos os elementos (tanxibles e intanxibles) e procesos presentes no territorio. Na interpretación desta variable cobra especial importancia a valoración que cada sociedade e cada cultura ten do territorio e a súa maneira de relacionarse con el.

Neste sentido, para acadar os criterios de sostibilidade fixados no DR cómpre:

- Favorecer a integridade paisaxística.
- Contribuír á recuperación dos compoñentes ou elementos que favorezan a calidade paisaxística.
- Preservar e protexer os valores e elementos de interese paisaxístico.

É imprescindible **caracterizar, é dicir identificar, os elementos e trazos identitarios de cada paisaxe.** Nese senso, todos os elementos estratéxicos do territorio deben ser considerados. Desde as xeoformas, aos distintos usos do solo, pasando polos elementos de patrimonio cultural, os asentamentos, as infraestruturas e os equipamentos. Outros elementos ou factores como os atmosféricos e climáticos tamén condicionan a percepción da paisaxe. Á vista diso, e recollendo o mandato das DOT, desde o POL débese **promover un modelo territorial en harmonía coa paisaxe que poña en valor o seus elementos e trazos identitarios.**

4.3. PATRIMONIO NATURAL

Como vimos, a costa de Galicia posúe un numeroso patrimonio natural, en moitos casos recoñecido baixo algunha figura de protección: non obstante, é tamén moi cuantioso o innumerable patrimonio ligado ás xeoformas costeiras e aos distintos hábitats carentes de regulación ningunha. As dinámicas demográficas e os procesos de ocupación do territorio que se experimentaron nos últimos anos aconsellan dunha política integral

de xestión destes espazos. En concreto, os cantís, os sistemas praia/duna, as zonas húmidas e os bosques deben mellorar a súa xestión e protección.

Nese sentido, o DR establece os seguintes criterios de sostibilidade.

- Garantir a integridade funcional dos sistemas naturais.
- Favorecer a conectividade ecolóxica.
- Procurar a recuperación dos elementos que conforman a natureza.
- Evitar a introdución e proliferación de especies foráneas.

O POL establece como obxectivos xerais integrados nos criterios de sostibilidade a **identificación dos sistemas naturais e o recoñecemento dos hábitats que os forman**. Desta maneira, o POL comprométese co obxectivo de **establecer un modelo territorial que favoreza a funcionalidade e conectividade dos sistemas naturais**. É dicir un modelo territorial que garanta a integridade funcional dos sistemas naturais evitando a presión sobre as súas áreas e elementos máis fráxiles e que estableza elementos a xeito de corredores que favorezan a conectividade ecolóxica.

4.4. PATRIMONIO CULTURAL

Como vimos, tamén a costa de Galicia posúe innumerables mostras de patrimonio cultural (material e inmaterial). Algúns deles atópanse xa recoñecidos pero outros moitos aínda non como, por exemplo, a arquitectura industrial ligada á explotación marítima (salgaduras, estaleiros, baleeiras, muíños de marea, entre otros) ou a arquitectura popular e as súas tradicións asociadas. Do mesmo xeito, os núcleos tradicionais, en moitos casos, non posúen unha valoración e un recoñecemento que lles permita desenvolverse sen que iso supoña unha perda da súa identidade.

Neste contexto, o DR propón:

- Preservar e poñer en valor os elementos patrimoniais.

O POL recolle esta testemuña e establece como obxectivos xerais **a identificación e o recoñecemento dos elementos de valor patrimonial**, máis alá dos legalmente establecidos, como primeiro paso para **promover estratexias encamiñadas á súa posta en valor**. Algunha das determinacións das DOT, tales como a Senda dos Faros ou os núcleos de identidade do litoral, enténdese recollida neste apartado xeral.

4.5. SOCIEDADE E ECONOMÍA

Para un instrumento de ordenación do territorio esta é sen dúbida unha das variables máis complicadas e, ao mesmo tempo, necesaria sobre a que traballar.

Desde o DR se proponse:

- Perseguir o uso equilibrado dos equipamentos e dotacións.
- Fomentar a participación efectiva e o acceso ás redes de información e coñecemento.
- Asegurar unha boa gobernanza.
- Cohesión e inclusión social, mediante a vertebración social.
- Procurar a compatibilidade das actividades económicas coa capacidade de carga do litoral.
- Fomentar a diversificación das actividades económicas.
- Favorecer iniciativas endóxenas.
- Garantir a participación das comunidades locais dos beneficios obtidos co uso dos recursos.
- Procurar un uso eficaz dos instrumentos financeiros.
- Fomentar a cohesión e a inclusión social, mediante a vertebración social.

Case todos estes criterios de sostibilidade poderíamos dicir que se resumen nun: asegurar unha boa gobernanza. Porén, este é un concepto amplo e indeterminado que en cada lugar e en cada época pode adquirir significados distintos. Neste sentido o POL, na medida das súas posibilidades, promulga a procura dun **modelo territorial racional que implique a cidadanía no seu establecemento**. Isto leva consigo **favorecer a diversificación das actividades económicas en harmonía cos valores e a funcionalidade dos recursos presentes no ámbito litoral, implicando para iso as poboacións locais**.

4.6. ATMOSFERA

O problema da contaminación do ar continúa sendo motivo de seria preocupación en España e no resto de Europa polos efectos sobre a saúde humana e o medio ambiente. As zonas nas que poden existir os maiores niveis de contaminación son as áreas industriais e as grandes cidades onde as emisións do tráfico de vehículos son os principais responsables da contaminación.

Como é lóxico, conseguir unha mellora da calidade do ar só é posible mediante un enfoque integrador. Nese senso, o POL como plan territorial integrado pode colaborar na consecución dos obxectivos fixados desde a UE.

Así, desde o DR proponse:

- Procurar a mellora da calidade do ar.
- Minimizar as emisións.

O POL toma como obxectivo **promover un modelo territorial tendente á redución das fontes emisoras de contaminación,** para iso parte do recoñecemento das fontes emisoras (actividades e asentamentos) e a minoración das necesidades de mobilidade.

4.7. CICLO HÍDRICO

A auga é un recurso fundamental para a riqueza ambiental, paisaxística e socioeconómica de Galicia e, como tal, debe ser protexido e defendido polas administracións públicas competentes. Neste senso, o POL debe asumir os obxectivos da Directiva Marco de auga e aproveitar os avances en materia de planificación e xestión de augas realizados polos organismos responsables da planificación hidrolóxica.

Así, o DR propón:

- Asumir os obxectivos da Directiva Marco de auga (DMA).
- Favorecer o estado das masas de auga.
- Promover un uso racional dos recursos hídricos.
- Adecuar o modelo económico-produtivo á dispoñibilidade dos recursos hídricos.

Para iso, o POL toma como obxectivo **propiciar un modelo territorial que fomente un uso racional dos recursos hídricos ao mesmo tempo que asegure o mantemento das funcións ecolóxicas e a mellora da calidade e funcionalidade das distintas formas de auga.** Para iso, o POL deberá prestar especial atención ao contacto existente entre o ámbito terrestre e o mariño a través da consecución dun fluxo continuo da auga dos ríos ao mar. É, polo tanto, importante identificar as presións sobre estes elementos e establecer medidas tendentes á súa correcta funcionalidade.

4.8. ENERXÍA

De novo, os efectos que un instrumento como o POL pode ter sobre o consumo de enerxía son indirectos xa que son outros plans e estratexias da Comunidade Autónoma os que desenvolven políticas efectivas nesta materia. É nestes plans onde se debe analizar as posibilidades que presenta o litoral para a implantación de infraestruturas de produción enerxética que contribúan a reducir a dependencia enerxética dos combustibles fósiles, como no caso das enerxías renovables.

Neste contexto, o DR establece os seguintes criterios de sostibilidade:

- Perseguir a redución das necesidades enerxéticas.
- Procurar a diversificación do sistema enerxético.
- Promover o desenvolvemento das fontes de enerxía renovables.

O POL ten como obxectivo **fomentar o aforro**. Para iso debe promover modelos territoriais máis eficientes e compactos. Do mesmo xeito, na medida en que o POL é un documento que procura a divulgación dun modelo territorial baseado na sostibilidade proponse **chamar a atención sobre a necesidade de impulsar a explotación dos recursos naturais renovables fronte aos fósiles.**

4.9. CICLO DE MATERIAIS

Como é lóxico, o POL debe coordinar as súas determinacións cos plans de xestión de residuos de Galicia promovidos pola Xunta de Galicia e no relativo ao Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia o POL favorecerá a consecución dos obxectivos cualitativos establecidos nel.

Neste sentido, o DR propón:

- Ser coherente coa planificación en materia de xestión de recursos.
- Promover un desenvolvemento prudente do consumo de recursos na xeración de residuos.

Unha vez máis, vemos como no caso doutras variables como a incidencia do POL é indirecta neste aspecto. Desde o POL proponse como obxectivo **fomentar un modelo territorial que promova modelos de xestión máis eficientes, en coherencia coa planificación sectorial de residuos.**

4.10. CAMBIO CLIMÁTICO

A xestión ambiental adecuada do territorio e, polo tanto, a sostibilidade gardan estreita relación cos modelos de ordenación do territorio e os demais instrumentos de planificación existentes, de dimensión municipal, subrexional, rexional ou nacional e coa súa articulación. A estratexia da UE sobre o medio ambiente urbano confírmao e considera o transporte e a construción como os sectores principais para as políticas de mitigación do cambio climático, os ámbitos principais sobre os que incidir coordinadamente desde o sector público, con competencias sobre o territorio, para facer sostibles as poboacións urbanas e rurais. Para un instrumento de ordenación do territorio, esta é sen dúbida unha das variables máis complicadas de valorar e, ao mesmo tempo, necesarias sobre as que traballar.

Desde o DR proponse:

- Considerar os estudos e previsións sobre os efectos do cambio climático na toma de decisións do planeamento.
- Prever, reducir ou ambas cousas os efectos dos riscos que implica o cambio climático.
- Promover a redución das emisións de gases efecto invernadoiro no deseño do Plan.

En xeral, podemos considerar que o tratamento preventivo debe ser o criterio prioritario. No caso dun instrumento de ordenación territorial como o POL as medidas teñen que ver, coma no caso de variables como a atmosfera ou a enerxía, cunha planificación con respecto ao cambio climático derivada da combinación de varios criterios. Dunha banda, a protección do patrimonio natural (de tal maneira que o medio non se vexa alterado e se produza un proceso de rotación sobre o sistema climático) e, doutra, a redución das fontes de emisión de GEI. Unha maneira de reducilas é diminuír as necesidades de mobilidade froito da implantación de modelos máis compactos e da implementación de medios de transporte que optimicen o consumo dos recursos e que sexan compatibles co desenvolvemento sostible. Deste xeito, o POL establece como obxectivos **tomar en consideración os estudos e previsións sobre os efectos do cambio climático para o establecemento do modelo territorial** (en concreto os derivados da subida do nivel do mar) e **minimizar as fontes emisoras de gases contaminantes para potenciar a funcionalidade e calidade dos espazos que actúan como sumidoiros.**

4.11. MOBILIDADE

Un dos retos da sociedade actual é evolucionar cara a modelos económicos de baixo consumo de carbono e menor consumo enerxético, facéndoo con criterios de equidade social. Por iso, a mobilidade sostible implica garantir que os nosos sistemas de transporte respondan ás necesidades económicas, sociais e medioambientais, reducindo ao mínimo as súas repercusións negativas.

Así, desde o DR proponse:

- Procurar a redución das necesidades de mobilidade.
- Promover xeitos máis limpos e eficientes.
- Mellorar a conectividade, a accesibilidade e a seguridade.

Para integrar estes criterios de sostibilidade nun instrumento de ordenación do territorio como o POL só é posible recorrer a medios indirectos, xa que o POL non establece unha política de mobilidade específica, senón que diso se encargan, como vimos, outros plans e estratexias da Comunidade Autónoma. Porén, non é menos certo que moitas rexións en Europa están apostando por modelos máis eficientes de consumo de solo como mecanismo para reducir os efectos do cambio climático, diminuír as emisións de GEI, reducir as necesidades enerxéticas e, xa que logo, minimizar as necesidades de desprazamento. O POL toma deste xeito como obxectivo **racionalizar os procesos de ocupación para así facer un uso máis eficiente dos xeitos de transporte e diminuír os desprazamentos.** O POL ten, ao mesmo tempo, unha gran repercusión como instrumento de coordinación das políticas sectoriais, así que mesmo se a súa incidencia sobre os modos de transporte é indirecta pode **poñer de manifesto a necesidade do establecemento de xeitos de transporte máis limpos e eficientes.**

Estes **obxectivos xerais,** tal e como se amosa na táboa 7, foron desenvolvidos en función dos **elementos estratéxicos do territorio** e de maneira máis detallada a partir do seu grao de implementación nos elementos estratéxicos para a valoración.

VARIABLES	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO	OBXECTIVOS XERAIS
SOLO	Riscos Coberturas e usos do solo Asentamentos	Establecer un modelo territorial que promova un uso eficiente do solo, racionalizando o seu consumo e integrando as afeccións derivadas da implantación das actividades e usos, tanto de carácter urbano como os de natureza rural, de maneira coherente cos seus valores
PAISAXE	Sociedade Elementos estruturais Elementos texturais	Caracterización da paisaxe (identificación dos elementos e os procesos) Promover un modelo territorial en harmonía coa paisaxe que poña en valor os seus elementos e trazos identitaros
PATRIMONIO NATURAL	Xeoformas Hábitats	Identificación dos sistemas naturais Establecer un modelo territorial que favoreza a funcionalidade e conectividade dos sistemas naturais
PATRIMONIO CULTURAL	Elementos puntuais Elementos lineais de comunicación Conxuntos edificados	Recoñecer os elementos de valor patrimonio Promover estratexias para a súa posta en valor
SOCIEDADE & ECONOMÍA	Poboación Asentamentos Equipamentos Infraestruturas Sectores produtivos	Establecer un modelo territorial racional Procurar a implicación da cidadanía no establecemento deste modelo Favorecer a diversificación das actividades económicas en harmonía cos valores e a funcionalidade dos recursos presentes no ámbito litoral, implicando para iso as poboacións locais
ATMOSFERA	Fontes emisoras Asentamentos	Promover un modelo territorial tendente á redución das fontes emisoras de contaminación
CICLO HÍDRICO	Usos e consumo Sistemas Formas da auga	Propiciar un modelo territorial que fomente un uso racional dos recursos hídricos ao mesmo tiempo que asegure o mantemento las funcións ecolóxicas e a mellora da calidade e funcionalidade das distintas formas de auga
ENERXÍA	Fontes de enerxía Consumos e distribución	Fomentar o aforro e chamar a atención sobre a necesidade de impulsar a explotación dos recursos naturais renovables fronte aos fósiles
CICLO DE MATERIAIS	Residuos Modelos de xestión e tratamento Materiais	Fomentar un modelo territorial que promova modelos de xestión máis eficientes, en coherencia coa planificación sectorial de residuos
CAMBIO CLIMÁTICO	Ambiente Fontes de gases de efecto invernadoiro Sumidoiros Adaptación aos efectos	Tomar en consideración os estudos e previsións sobre os efectos do cambio climático no establecemento do modelo territorial Minimizar as fontes emisoras de gases contaminantes e potenciar a funcionalidade e calidade dos espazos que funcionan como sumidoiros
MOBILIDADE	Principais destinos Modos de transporte e infraestruturas asociadas Asentamentos	Racionalizar os procesos de ocupación para así facer un uso máis eficiente dos modos de transporte e diminuír os desprazamentos Poñer de manifesto a necesidade do establecemento de xeitos de transporte máis limpos e eficientes

Táboa 7: obxectivos xerais.

Porto de Malpica.

Tamén podemos apreciar na táboa 8 adxunta que hai obxectivos que integran criterios de sostibilidade relativos a varias variables. Isto permítenos incidir sobre os criterios e normas xerais tendentes a implementalos.

Desta maneira, ponse de manifesto que para establecer **un plan territorial integrado do litoral débese facer en termos de totalidade, unha totalidade que debe ser entendida en termos materiais, enerxéticos e de información**. Algo que hoxe en día ninguén pon en dúbida é defender a intensa relación entre economía e medio ambiente. Polo tanto, trátase de promover un modelo de ocupación do solo que sexa ambiental, social e economicamente sostible a medio e longo prazo.

Iso permite dar paso ao seguinte apartado e valorar, a partir do grao de integración de cada un deles, nas distintas alternativas analizadas a máis adecuada.

CRITERIOS DE SOSTIBILIDADE DO DOCUMENTO DE REFERENCIA / ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO EOBXECTIVOS XERAIS DO POL			SOLO					PAISAXE			PATRIMONIO NATURAL				PATRIMONIO CULTURAL	SOCIEDADE E ECONOMÍA									ATMOS-FERA		CICLO HÍDRICO				ENERXÍA			CICLO DE MATERIAIS		CAMBIO CLIMÁ-TICO			MOBILIDADE		
			1. Promover un desenvolvemento que non supere a capacidade de carga do litoral	2. Promover o mantemento das funcións da estrutura do solo	3. Promover un desenvolvemento do territorio litoral ordenado e eficiente	4. Considerar a mobilidade como variable fundamental na análise das alternativas	5. Evitar as áreas con potenciais riscos naturais e tecno-lóxicos na ocupación do solo	1. Favorecer a integridade paisaxística	2. Contribuír á recuperación dos compoñentes ou elemen-tos que favorezan a calidade paisaxística	3. Preservar e protexer os valores e elementos de interese paisaxístico	1. Garantir a integridade funcional dos sistemas naturais	2. Favorecer a conectividade ecológica	3. Procurar a recuperación dos elementos que conforman a natureza	4. Evitar a introdución e proliferación de especies foráneas	1. Preservar e poñer en valor os elementos patrimoniais	1. Fomentar a cohesión e a inclusión social, mediante a vertebración social	2. Perseguir un uso equilibrado de equipamentos e dotacións	3. Fomentar a participación efectiva e o acceso ás redes de información e coñecemento	4. Asegurar unha boa gobernanza	5. Puxar pola compatibilidade das actividades económicas con capacidade de carga no litoral	6. Fomentar a diversificación das actividades económicas	7. Favorecer iniciativas endógenas	8. Garantir a participación das comunidades locais dos beneficios obtidos cos usos dos recursos	9. Apostar polo uso eficaz dos instrumentos financeiros	1.Procurar a melhora da calidade do ar	2.Minimizar as emisións	1. Asumir os obxectivos de DMA	2. Favorecer o estado das masas de auga	3. Promover o uso racional dos recursos hídricos	4. Adecuar o modelo económico-produtivo á disponibilida-de dos recursos hídricos	1. Perseguir a reducción das necesidades enerxéticas	2. Procurar a diversificación do sistema enerxético	3. Promover o desenvolvemento das fontes de enerxía renovables	1. Ser coherente coa planificación en materia de xestión de residuos	2. Apostar por un desenvolvemento prudente no consumo de recursos e na xeración de residuos	1. Considerar los estudos e previsións sobre os efectos do cambio climático na toma de desicións do planeamento	2. Prever e/ou reducir los efectos dos riscos que implica o cambio climático	3. Promover a redución das emisións de gases efecto invernadoiro no deseño do Plan	1. Procurar a redución das necesidades de mobilidade	2. Promover os xeitos máis limpos e eficaces	3. Mellorar a conectividade, a accesibilidade e a seguridade
SOLO	Riscos	Establecer un modelo territorial que promova un uso eficiente do solo, racionalizando o seu consumo e integrando as afeccións derivadas da implantación das actividades e usos, tanto de carácter urbano como os de natureza rural, de maneira coherente cos seus valores.	●	●	●	●	●	●	●	●	●					●	●		●	●					●	●	●										●					
	Coberturas e usos do solo		●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●		●	●		●	●			●					●	●	●			●						●		●
	Asentamentos		●	●	●	●	●	●	●	●	●					●	●		●	●							●				●			●		●	●	●	●	●	●	●
PAISAXE	Sociedade	Caracterización da paisaxe (identificación dos elementos e os procesos). Promover un modelo territorial en harmonía coa paisaxe que poña en valor os seus elementos e trazos identitaros.	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●
	Elementos estructurais		●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●
	Elementos texturais		●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●
PATRIMONIO NATURAL	Hábitats	Identificación dos sistemas naturais. Establecer un modelo territorial que favoreza a funcionalidade e conectividade dos sistemas naturais.		●	●		●	●	●	●	●	●	●	●					●			●			●	●		●	●	●							●	●				
	Xeoformas			●	●		●	●	●	●	●	●	●	●					●			●															●	●				
PATRIMONIO CULTURAL	Elementos puntuais	Recoñecer os elementos de valor patrimonial. Promover estratexias para a súa posta en valor.			●			●	●	●					●			●	●			●																				●
	Elementos lineais de comunicación				●			●	●	●					●			●	●			●																				●
	Elementos etnográficos				●			●	●	●					●			●	●			●																				●
	Conxuntos edificados				●			●	●	●					●			●	●			●																				●
SOCIEDADE E ECO-NOMIA	Sectores produtivos	Establecer un modelo territorial racional. Procurar a implicación da cidadanía no establecemento deste modelo. Favorecer a diversificación das actividades económicas en harmonía cos valores e a funcionalidade dos recursos presentes no ámbito litoral, implicando para iso as poblacións locais.	●	●	●	●	●	●	●	●	●					●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●			●	●	●	●	●	●		●	●		●		●
	Poboación		●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●					●		●				●					●	●
	Infraestruturas		●	●	●	●	●	●	●	●	●					●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●			●		●						●			●	
	Equipamentos		●	●	●	●	●	●	●	●	●					●	●	●	●	●	●	●	●	●					●		●						●		●	●	
	Asentamentos		●	●	●	●	●	●	●	●	●					●	●	●	●	●	●	●	●	●	●	●			●		●						●		●		●
ATMOSFERA	Fontes emisoras	Promover un modelo territorial tendente á redución das fontes emisoras de contaminación.	●	●		●	●	●	●	●	●		●						●	●					●	●							●		●		●		●	●	
	Asentamentos		●	●		●	●	●	●	●	●		●						●	●					●	●			●				●		●		●		●	●	
CICLO HÍDRICO	Usos e consumo	Propiciar un modelo territorial que fomente un uso racional dos recursos hídricos ao mesmo tempo que asegure o mantemento das funcións ecolóxicas e a mellora da calidade e funcionalidade das distintas formas de auga.		●			●	●	●		●	●	●						●	●							●	●	●	●	●										
	Sistemas			●	●		●	●	●		●	●	●						●								●	●	●	●	●										
	Formas da auga			●			●	●	●	●	●	●	●						●	●							●	●	●	●							●				
ENERXÍA	Fontes de enerxía	Fomentar o aforro e chamar a atención sobre a necesidade de impulsar a explotación dos recursos naturais renovables fronte aos fósiles.			●		●	●	●		●		●						●	●			●		●	●			●	●	●	●	●			●	●	●		●	
	Consumos e distribución				●		●												●	●					●	●				●	●	●	●					●		●	
CICLO DE MATERIAIS	Residuos	Fomentar un modelo territorial que promova modelos de xestión máis eficaces, en coherencia coa planificación sectorial de residuos.		●						●									●							●								●	●			●			
	Modelos de xestión e tratamento			●	●					●									●							●								●	●			●	●		
	Materiais			●						●									●							●								●	●			●			
CAMBIO CLIMÁTICO	Sumidoiros	Tomar en consideración estudos sobre os efectos do cambio climático no establecemento do modelo territorial. Minimizar as fontes emisoras de gases contaminantes e potenciar a funcionalidade e calidade dos espazos que funcionan como sumidoiros.						●	●	●	●	●	●						●						●											●	●	●			
	Fontes de gases de efecto invernadoiro		●				●				●	●	●						●						●	●					●		●		●	●	●	●	●		
	Ambiente																		●						●										●	●	●	●			
	Adaptación aos efectos		●		●		●												●																●	●	●			
MOBILIDADE	Principais destinos	Racionalizar os procesos de ocupación para así facer un uso máis eficiente dos modos de transporte e diminuir os desprazamentos. Poñer de manifesto a necesidade do establecemento de modos de transporte máis limpos e eficientes.	●	●	●	●	●	●	●	●	●						●		●						●	●				●	●	●	●				●	●	●	●	●
	Modos de transporte e infraestruturas asociadas		●	●	●	●	●	●	●	●	●						●		●	●					●	●		●			●	●	●			●	●	●	●	●	●
	Asentamentos		●	●	●	●	●	●	●	●	●						●		●						●	●				●	●	●	●				●		●	●	●

Táboa 8: correspondencia dos elementos estratéxicos e obxectivos xerais do POL cos Criterios de sostibilidade do DR.

Porto pesqueiro de Fisterra.

5. ANÁLISE DE ALTERNATIVAS

Os pasos anteriores forman parte da análise realizada previa ao desenvolvemento do Plan. Neste apartado concretamos en que se van materializar os nosos obxectivos establecendo dese xeito a relación con eles. Trátase de valorar como as distintas alternativas contribúen de maneira total ou parcial ao cumprimento de tales obxectivos e, con iso, á mellora da situación inicial.

Como é lóxico non existe unha comparación exacta, pois diferentes comparacións poden dar lugar a opcións nas que máis dunha sexa a adecuada. Dado que o Plan de ordenación do litoral é un instrumento de planeamento territorial, é conveniente que as alternativas que consideremos nesta etapa non conteñan un elevado grao de detalle. Trátase, polo tanto, de definir os aspectos estratéxicos de cada proposta. Porén, establecemos unha serie de obxectivos pormenorizados no marco dos obxectivos xerais para permitírmonos dunha maneira obxectiva valorar o alcance das distintas alternativas, así como o grao de integración dos criterios de sostibilidade do DR nas nosas propostas.

É importante neste sentido imaxinar os distintos escenarios en función de cada unha das alternativas. É dicir, as imaxes futuras, desexables e posibles, definidas por cada unha delas en función do seu obxecto e finalidades.

Detállase a seguir o contido de cada alternativa xuntando a cada unha de elas unha táboa resumo coa valoración do grao de eficacia na integración e desenvolvemento dos obxectivos pormenorizados, relacionadas cos criterios de sostibilidade do DR por cada variable. É ao final da presente epígrafe onde se amosa con detalle a análise comparativa.

A escala de valoración considerada foi a seguinte:

LENDA	
○	Non se contempla ningunha medida
Ps	Lévase a cabo a través de Políticas Sectoriais
−	Pouco eficaz e/ou indirecto
+	Eficaz e/ou directo
++	Eficaz e innovadora

	Solo	Paisaxe	Patrimonio Natural	Patrimonio Cultural	Sociedade & Economía	Atmosfera	Ciclo Hídrico	Enerxía	Ciclo de Materiais	Cambio Climático	Mobilidade
A0	–	○	Ps	○	○	○	Ps	Ps	Ps	○	○

Táboa 9: resumo da incidencia que ten a Alternativa 0 sobre cada variable

5.1. ALTERNATIVA 0

A alternativa 0 consiste en avaliar as consecuencias de non acometer o plan. Consiste en prolongar, polo tanto, a situación actual na que nos atopamos e tentar prever o escenario futuro que o mantemento da dita situación levaría consigo.

Na actualidade, tal e como xa se expresou aos longo de todo o documento, o territorio galego vese afectado por distintas políticas e programas que van desde a escala europea ata a local.

Galicia, no desenvolvemento das competencias constitucionalmente establecidas, posúe distintos plans sectoriais e diferentes estratexias aplicables no seu territorio. Estes plans e programas realizáronse baixo diferentes principios en distintos momentos e, polo tanto, dan cobertura ás necesidades de cada política sectorial pero non propoñen relacións entre elas e os distintos elementos estratéxicos do territorio, na maioría dos casos. Isto pode chegar a xerar certas incongruencias, mesmo incompatibilidades, dado que cobren as necesidades de cada política de maneira individual, pero non teñen en conta os posibles desequilibrios que poden crear noutros campos. Do mesmo xeito, ao non estar relacionados, pérdense oportunidades de coordinación e sinerxías que leven consigo a unha maior eficacia deles.

É importante destacar neste apartado, aínda que xa foi redactado con maior grao de detalle no presente Informe de sostibilidade ambiental, no apartado 01a), Análise obxectivo da situación actual, que a **Lei 9/2001, do 21 de agosto, de Conservación da natureza,** clasifica os espazos Naturais protexidos de Galicia en función dos bens e valores que protexer.

Tal e como se atopa recollido no Capítulo 1, Estrutura territorial, do Título III, na actualidade no ámbito costeiro atopamos 55.796,47 Ha recollidas como LIC, 25.423,86 Ha como ZEPA, 7.492,38 Ha recollidas en cinco humidais de Importancia Internacional (segundo o Convenio Ramsar, que son as seguintes: Rías de Ortigueira e Ladrido, Ría do Eo, Complexo intermareal Umia-O Grove, Complexo de Corrubedo e Lagoa e areal de Valdoviño) e 5.569,78 Ha nas Reservas da Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón. Pero todos estes espazos son illas no litoral, sen interrelación ningunha e sen procurar a mellora da conectividade e funcionalidade dos seus ecosistemas.

Do mesmo xeito, a Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia, recolle a protección daqueles bens mobles, inmobles e inmateriais destacados que afecten tanto ao solo como ao subsolo. No litoral atopamos 6.395 elementos, entre os que destacan os xacementos arqueolóxicos, igrexas e capelas.

Doutra banda, no ámbito local, como vimos, o territorio dos municipios costeiros atópase regulado pola Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, do 29 de decembro, na liña das políticas europeas de desenvolvemento sostible.

É obxecto desta Lei mellorar substancialmente a calidade da ordenación urbanística para favorecer o desenvolvemento equilibrado e sostible do territorio, contribuír a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación, protexer e potenciar o patrimonio natural e cultural e garantir o dereito constitucional a gozar dunha vivenda digna nun contorno de calidade.

Segundo o establecido na dita lei, os plans xerais deberán clasificar o territorio municipal tendo en conta todas ou algunhas das seguintes tipoloxías de solo: urbano, núcleo rural, urbanizable e rústico conforme os obxectivos e criterios expostos por esta Lei. Non obstante, tal e como se atopa recollido no Capítulo 1, Estrutura territorial do Título II, a situación dos municipios costeiros recolle, o mesmo na escala territorial e mesmo con maior intensidade, unha multiplicidade de figuras distintas de planeamento, realizadas en diferentes momentos, con distintas sensibilidades con respecto á preservación dos recursos naturais e culturais, e diferentes modelos territoriais. Esta falta de coherencia provoca certos desequilibrios territoriais co seu conseguinte impacto sobre o medio ambiente e a paisaxe.

Parece lóxico entender a necesidade da coordinación de todas estas políticas desde a escala europea á local, cuxos efectos no territorio supoñen a implantación de usos e infraestrutura sen coordinación aparente coas políticas de protección da natureza e do patrimonio cultural.

Nese camiño apunta a Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, a cal establece que o Plan sectorial de ordenación do litoral a que fai referencia a disposición transitoria oitava da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección de medio rural de Galicia, terá a natureza dun plan territorial integrado regulado na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, co obxecto de establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

De feito, Galicia non posúe ningún instrumento de Ordenación do territorio posto que as Directrices de ordenación do territorio de Galicia (DOT) atópanse tamén en elaboración.

Tal e como explicamos, orixinalmente Galicia caraterizouse pola súa gran dispersión. As numerosas combinacións de tipoloxías que estas entidades singulares orixinan están intercomunicadas por unha densa rede de estradas, camiños rurais e pistas, ramificacións das vías primarias que configuran en conxunto a morfoloxía territorial característica. Porén, o paso a unha sociedade moderna, baseada no sector terciario e plenamente integrada nas redes internacionais de intercambio comercial, introduciu tamén unha radical transformación na consideración do solo, ao pasar de primar o seu valor de cambio en lugar do valor de uso que sempre tivera. Isto provoca o abandono de terras de cultivo, a aparición de crecementos urbanísticos en lugares antes nunca edificados, a proliferación de asentamentos de nova creación desvinculados dos labores produtivos da terra e a aglomeración da poboación arredor dos polos de maior atractivo económico. As novas necesidades de comunicación impóñense con forza no territorio, transformando o modelo tradicional de organización do territorio para favorecer a conexión entre espazos que tradicionalmente funcionaban de maneira autárquica.

Cabe destacar que a metade da poboación galega vive na costa (55%), un total de 1.634.997 habitantes no ano 2008. Se comparamos a evolución poboacional para o período 2000-2008, obsérvase que o interior rexistou un decrecemento poboacional do 1,3%, fronte ao crecemento do 4,4% do litoral. A súa poboación concéntrase principalmente arredor de tres comarcas (A Coruña, Vigo e Ferrol), estas concentracións condicionan en boa medida o resto de indicadores económicos, e esta variación parece responder a cuestións de índole laboral (é dicir, maiores oportunidades de emprego), atractivo turístico, comercial, etc. A maioría de actividades (pesqueira, téxtil, automoción, enerxética, etc.) localízanse no litoral, de feito, a costa contén o 60% da superficie de polígonos de toda Galicia, a maior superficie dos cales localízanse na comarca de A Coruña, Arteixo e Vigo. Na actualidade, o litoral posúe unha superficie de 6755,843 Ha ocupada pola edificación; con isto quedan salientadas as fortes tensións ás que se atopa sometido este territorio e que sen a protección e a coordinación necesaria poden provocar unha perda irreparable dos valores e trazos identitarios deste territorio.

Nas últimas décadas, como na maioría das regións litorais europeas, a costa de Galicia abriu paso paulatinamente a unha forte transformación de sistema urbano e rural. Trátase de procesos intensos non só de crecemento froito do desenvolvemento socioeconómico e do reforzamento do papel das grandes cidades (A Coruña, Vigo, Pontevedra) senón de procesos de suburbanización. Estes procesos manifféstanse, dunha banda en ocupacións illadas dos núcleos fundacionais, que podemos cifrar nunha superficie de 1851,36 Ha, e tende a localizarse en áreas de gran atractivo natural e paisaxístico, e en procesos intensos de difusión urbana, que ocupan aproximadamente 1595,79 Ha do litoral, coma os que se poden apreciar nas Rías Baixas. Estes procesos de dispersión e difusión están directamente relacionados con novas pautas de mobilidade, un incremento dos desprazamentos e unha ineficiencia das infraestruturas e os equipamentos. A separación entre o lugar de residencia e o de traballo xera unha dinámica de desconcentración residencial e novas pautas de localización produtiva, provocando un uso máis extensivo de territorio. Os efectos sobre o patrimonio natural, a eficiencia dos ecosistemas, a súa funcionalidade e conectividade, a perda e a banalización da paisaxe, o aumento da mobilidade, a calidade do aire, a repercusión sobre o cambio climático, aínda que difíciles de cuantificar son significativos.

Estas presións, ao mesmo tempo que este desenvolvemento socioeconómico, supuxo transformacións intensas no territorio. Moitas destas transformacións foron recollidas pola poboación como perturbacións que necesitan dun modelo territorial para salvagardar a calidade de vida, a paisaxe e os valores deste territorio costeiro. Das respostas obtidas tras o cuestionario Delphi realizado a actores institucionais e sociais (ver Título I, Capítulo 3, O goberno do territorio e a participación) destaca a preocupación polo desenvolvemento urbanístico incontrolado no nivel municipal, expresado a través de diversas acepcións como a deficiente regulación urbanística no nivel municipal, a improvisación dos proxectos, a ocupación descontrolada do territorio, a falta de coñecemento urbanístico, a ausencia de planeamento urbanístico no nivel municipal, urbanismo desenfreado, etc.

Na actualidade porén non existen, máis alá das determinacións da Lei de Costas e da regulación contida, se é o caso, en cada un dos planeamentos municipais, instrumentos efectivos de protección, xestión e ordenación das zonas costeiras da Comunidade Autónoma.

O litoral é un sistema, é dicir, un conxunto complexo de elementos interrelacionados que dependen uns dos outros. A non elaboración dun instrumento que o xestione suporía a perda progresiva dos valores deste territorio debido á incorporación de usos e actividades incompatibles que desvirtúen e agraven a identidade da costa, ámbito representativo da Comunidade Autónoma de Galicia

A ordenación, planificación e xestión do litoral constitúe non só unha vontade senón unha necesidade irrenunciable para dotar de coherencia todas as políticas públicas e asegurar, ao mesmo tempo, a mellora da calidade de vida e da paisaxe.



Alternativa 1: usos do solo no contorno da Ría de Ortigueira.



Alternativa 2: contorno da Ría de Ortigueira coas súas proteccións, mantendo a liña dos 500 metros para a súa mellor comprensión

	Solo	Paisaxe	Patrimonio Natural	Patrimonio Cultural	Sociedade e Economía	Atmosfera	Ciclo Hídrico	Enerxía	Ciclo de Materiais	Cambio Climático	Mobilidade
A1	○	○	Ps	○	○	○	Ps	Ps	Ps	○	○

Tabla 10: resumo da incidencia que ten a Alternativa 1 sobre cada variable

5.2. ALTERNATIVA 1

A Alternativa 1 suporía ter realizado un Plan de ordenación do litoral baseado nunha área de protección de 500 metros desde a ribeira do mar e as rías. É dicir, en consolidar a medida cautelar establecida pola Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia que suspendía a tramitación e aprobación dos plans especiais de reforma interior, plans parciais, plans de sectorización e instrumentos de equidistribución que tiveran por obxecto a transformación urbanística de terreos situados a unha distancia inferior a 500 metros, medidos en proxección horizontal terra dentro, desde o límite interior da ribeira do mar dos municipios.

Porén, está lei parece non responder á realidade do litoral galego, xa que múltiples vilas (Muros, Baiona, Cariño, ou Malpica de Bergantiños entre outras) e cidades (A Coruña, Vigo, Ferrol ou Pontevedra) atópanse vinculadas á explotación do mar e os seus recursos e polo tanto incluídas dentro deste ámbito. A dita medida sería incoherente porque impediría o seu desenvolvemento. Trátase pois dunha medida transitoria de carácter cautelar para permitir unha estabilidade dos desenvolvementos urbanísticos en tanto en canto se redactaba o instrumento para protexer o litoral, pero non é un instrumento de ordenación territorial capaz de coordinar todas as políticas públicas con competencia no territorio.

Trátase polo tanto dunha cifra *máxica* no ámbito do urbanismo e a Ordenación do Territorio, pero non dun auténtico plan adaptado á realidade de Galicia. Esta alternativa suporía a protección de 66.692,95 Ha de terreo, excluíndo a superficie ocupada por solos urbanos (16.987,24 Ha) e solos urbanizables co Plan Parcial aprobado (1.400,84 Ha). Doutra banda, aínda que efectivamente a maioría dos ecosistemas e hábitats propiamente litorais poderían chegar a estar comprendidos neste ámbito evitan outros elementos de valor (bosques, turbeiras, elementos paisaxísticos) que non se considerarían, como é o caso da zona da Ría de Ortigueira que, o mesmo que noutras moitas zonas da costa, pódese observar un claro exemplo da pouca eficacia que tería o impoñer unha protección litoral cunha cifra *máxica* sen ter en conta a realidade do territorio. Nesta zona comprobamos como en determinados lugares a liña dos 500 metros deixa sen protección espazos tan importantes e delicados como a chaira intermareal lodosa e as marismas da dita ría, ou como determinadas formacións vexetais costeiras ou bosques tanto de *Quercus* como de recolonización que se atopan nesta zona divididas por esta protección sen ningunha xustificación, xa que non é máis que unha liña que pouco ou nada ten que ver coa realidade.

Esta medida tería efectos favorables sobre o patrimonio natural, posto que ampliaría a protección existente pero non obstante podería ter efectos contraditorios sobre o desenvolvemento socioeconómico. En principio, esta alternativa non supón máis que unha consolidación de modelo existente, só que paralizando os crecemento no ámbito dos 500 metros, polo tanto os efectos sobre a atmosfera, o cambio climático, o ciclo de materiais, a enerxía, a mobilidade e o ciclo hídrico é de prever que seguirían como na situación actual.

Porén, aínda que efectivamente esta alternativa avanza fronte á consecución dun ámbito continuo de protección non introduce cambios significativos sobre o modelo de organización do territorio, a conectividade, a mobilidade e os usos do solo. E non obstante podería supoñer o freo ao desenvolvemento socioeconómico de asentamentos vinculados historicamente co litoral.

	Solo	Paisaxe	Patrimonio Natural	Patrimonio Cultural	Sociedade & Economía	Atmosfera	Ciclo Hídrico	Enerxía	Ciclo de Materiais	Cambio Climático	Mobilidade
A2	○	○	Ps	Ps	Ps	○	○	Ps	Ps	○	○

Táboa 11: resumo da incidencia que ten a Alternativa 2 sobre cada variable

5.3. ALTERNATIVA 2

Esta alternativa consistiría nun Plan de ordenación do litoral baseado estritamente nunha protección ambiental incorporando polo tanto os ámbitos con caracteres físicos e ambientais sobresaíntes relacionados coa dinámica costeira así como aqueles elementos de valor atendendo ás súas características naturais. Esta alternativa englobaría as seguintes categorías:

- Intermareal: recollería os ecosistemas e hábitats ligados ás dinámicas fluviomariñas (intermareal) por seren ámbitos nos que as perturbacións de carácter antrópico poden alterar o fráxil equilibrio das condicións que configuran o medio natural no que se desenvolven os ecosistemas que lles son propios, provocando así a perda da súa biodiversidade.

  Corresponderíase coas áreas nas que o escenario costeiro se prolonga por rías e esteiros xerando formas asociadas á dinámica fluviomariña, compartindo as súas mesmas características e valores de conservación.

  Recollería polo tanto as áreas de elevado valor natural ambiental por albergar as chairas intermareais, así como as marismas altas e baixas, todos aqueles ámbitos afectados pola dinámica fluviomariña.

- Costeira: recollería as áreas que conforman os elementos máis singulares e representativos do escenario costeiro, compartindo as súas mesmas características e valores de conservación.

  A costa galega posúe unha riquísima variedade de xeoformas (cabos, enseadas, cantís, sistemas de praia-duna, lagoas litorais, etc.). Nesta diversidade e expresividade reside parte do gran potencial do litoral galego, por iso esta protección debería englobar as xeoformas rochosas (cantís, illas e illotes) e os sistemas praia-duna xunto coas formacións vexetais costeiras asociadas.

  Trataríase dunha superficie continua ao longo de toda a costa para salvagardar os seus valores característicos desde o punto de vista xeomorfolóxico, ecolóxico e paisaxístico.

- Protección de ribeiras: englobaría as ribeiras e as zonas adxacentes, así como a vexetación das súas marxes.

- Zonas húmidas, nas que se englobarían aqueles espazos que conteñan hábitats de interese e alta fraxilidade por perteneceren ao amplo catálogo de humidais recollidos no Convenio RAMSAR.

Basicamente, estaría composto por pantanos con vexetación arbustiva, turbeiras, herbais húmidos e queirugais, entre outros así como pequenos humidais seminaturais de uso intensivo.

Esta medida tería efectos favorables sobre o patrimonio natural, posto que ampliaría a protección existente e incidiría especialmente sobre os espazos máis valiosos. A protección das ribeiras favorecería de maneira indirecta a mellora do sistema da auga desde os ríos ata o mar. Podemos pensar entón que a potenciación dos espazos que funcionan como sumidoiros e a consideración da dinámica costeira tería un efecto indirecto favorable sobre a incidencia do cambio climático mentres que os efectos sobre a atmosfera, o ciclo de materiais, a enerxía e a mobilidade seguirían como na situación actual posto que esta medida non supón ningunha acción e regulación das fontes emisoras ou do sistema e relación dos asentamentos.

Esta alternativa supón, polo tanto, un recoñecemento dos valores ambientais do territorio, aínda que de maneira fragmentada, xa que non se producen interrelacións entre estes espazos. Polo tanto non se mellora a súa funcionalidade mediante a conectividade, como se observa no exemplo da zona da Ría de Ortigueira, onde na alternativa 1 viramos a escasa relación entre a liña dos 500 metros e os usos do solo, e como esta alternativa mellora a anterior ao dotar ao lugar dunha protección máis coherente coa fisionomía do territorio.

Do mesmo xeito, outros elementos como os patrimoniais, o sistema de asentamentos, etc., non se consideran máis alá que o do recoñecemento que teñan no planeamento sectorial, urbanístico ou ambos. Polo tanto, o desenvolvemento dos procesos contemporáneos como a dispersión e a difusión definidas con anterioridade seguirían supoñendo un incremento da mobilidade cos consiguintes efectos sobre a atmosfera e o clima, entre outros.

Queda claro que unha protección fragmentada do territorio non cumpre os obxectivos de paisaxe a acadar, baseados nunha mirada holística e integradora do territorio.



Caión. A Laracha

	Solo	Paisaxe	Patrimonio Natural	Patrimonio Cultural	Sociedade & Economía	Atmosfera	Ciclo Hídrico	Enerxía	Ciclo de Materiais	Cambio Climático	Mobilidade
A3	○	○	Ps	Ps	Ps	○	–	Ps	–	○	–

Táboa 12: resumo da incidencia que ten a Alternativa 3 sobre cada variable

5.4. ALTERNATIVA 3

A alternativa 3 integraría ademais das proteccións recollidas pola Alternativa 2, unha serie de criterios e principios xerais para a ordenación urbanística da zona litoral.

Como indicamos, a vinculación histórica das poboacións e cidades de Galicia co litoral é moi intensa. Esta ocupación do territorio forma parte indisoluble da súa paisaxe e as súas dinámicas e é necesario polo tanto incorporalas á xestión do litoral para conseguir unha protección e ordenación eficiente del.

Actualmente, o litoral galego caracterízase por unha forte expansión da urbanización no territorio, cunha intensidade moi dispar entre as diferentes áreas en que se divide, pero cunha clara tendencia á ocupación do solo mediante asentamentos de baixa densidade. Estas dinámicas someten o solo a grandes presións apartadas da lóxica demográfica, o que fai aínda máis difíciles articular dun xeito coherente os procesos actuais de desenvolvemento urbano.

Do mesmo xeito, é necesario atender aos procesos de ocupación difusa existentes co obxectivo de racionalizar a súa intensidade e expansión ao mesmo tempo que evitar aqueles que supoñen presións ou actuacións susceptibles de xerar un impacto indesexado e incompatible coa preservación do litoral. Esta ordenación ten lugar, a maioría das veces, nas chairas costeiras e de transición situadas tras a fronte litoral, nas que podemos atopar asentamentos ligados visual ou funcionalmente ás paisaxes litorais.

Trataríase nesta alternativa de implementar a protección descrita na Alternativa 2, uns criterios de ordenación para garantir a utilización racional dos recursos naturais co fin de promover un desenvolvemento urbanístico sostible e conseguir, así, a súa integración na paisaxe. Polo tanto, os criterios xenéricos aplicables a esta categoría (é dicir, aplicables a todo o non protexido) parten do entendemento deste ámbito como un espazo de relación dos distintos asentamentos e usos con o seu contorno natural. Estes criterios terían que ver con:

- O Patrimonio Natural e Cultural

Trataríase de impulsar a prevención, a mimetización ou ambas dos efectos que producirían por exemplo a implantación de novos sistemas de asentamentos, ou que son consecuencia da regulación das actividades susceptibles de transformar o territorio tales como as instalacións enerxéticas, acuícolas, infraestruturas ou industrias contaminantes. Apostaríase polo tanto por impulso da recuperación e rehabilitación dos elementos ou os espazos de valor natural que se atopan recollidos no presente Plan, así como aqueloutros recollidos por outros instrumentos.

- A Mobilidade

Fomentando os modelos que aposten por unha mobilidade sostible, é dicir, evitando tanto os crecementos lineais como os dispersos e apostando por asentamentos que aumenten a compacidade, a diversidade e a complexidade de usos. Polo tanto, os itinerarios de mobilidade deberán garantir a conexión e accesibilidade da poboación aos novos usos previstos ou existentes, maximizando así a eficiencia e a calidade do desprazamento. Con este modelo conseguiríase mellorar a calidade de vida e a cohesión social, o que contribuiría á minorización do gasto enerxético.

A planificación de actuacións significativas en xeración de mobilidade, como grandes centros comerciais, centros de transporte, grandes centros produtivos ou crecementos urbanísticos de especial relevancia, deberían incorporar os estudos necesarios para que tanto a elección da súa localización, como o deseño dos sistemas de infraestruturas, garantan a conexión coa rede viaria existente, sen menoscabar significativamente a súa

capacidade. Igualmente, deberían garantir a súa accesibilidade a través de xeitos de transporte alternativos ao vehículo privado motorizado.

- A enerxía

Deberíase integrar as infraestruturas de produción, distribución e transporte de enerxía no territorio. Para iso, no caso das infraestruturas existentes procuraríase a súa integración paisaxística polo menos nos lugares nos que pola súa significación ou polos seus valores patrimoniais, ambientais ou paisaxísticos se considere necesario para salvagardalos. No caso de que exista posibilidade de soterrar os tendidos, apostaríase por esta opción. Doutra banda, cando se considere necesario a implantación de novas infraestruturas realizarase un estudo ambiental para atopar unha localización que evite os posibles efectos negativos do territorio.

- O Ciclo Hídrico

A planificación hidrolóxica debe servir de referencia para a planificación das políticas sectoriais e a ordenación dos distintos usos e actividades no ámbito do litoral, co obxectivo de alcanzar unha utilización eficiente do recurso auga na súa concepción de ciclo, que permita manter as súas funcións ecolóxicas ao mesmo tempo que se cobren as necesidades de abastecemento, saneamento e depuración.

Con isto foméntase a máxima eficiencia nos sistemas de abastecemento e saneamento coa implantación das últimas tecnoloxías que mellor se adapten ás condicións de demanda do recurso e de xeración de augas residuais, tendo en conta especialmente o seu posible carácter estacional.

Nas inmediacións do dominio público hidráulico, o planeamento establecerá unha ordenación acorde co mantemento da funcionalidade do ciclo hídrico. Neste seso, débense evitar os desenvolvementos urbanísticos nos espazos de maior valor agrolóxico, inundables e de valor hidroxeolóxico.

Nas áreas urbanas e rurais empregaranse técnicas como a localización de espazos libres que mellore a vexetación de ribeira.

Os planeamentos urbanísticos deben contemplar as actuacións necesarias para erradicar as verteduras directas ao dominio público hidráulico ou ao marítimo terrestre que non cumpran coas condicións de calidade determinadas pola normativa aplicable. En todo caso, para o desenvolvemento de novos ámbitos de planeamento sería condición *sine qua non* que o sistema de saneamento e depuración correspondente, sexa autónomo ou sexa pertencente a unha rede xeral, dea como resultado un efluente coas condicións idóneas para o seu retorno ao medio sen risco de contaminación, tal e como esixe a normativa correspondente.

- Os Ciclos de Materiais

Atendendo á planificación autonómica de xestión de residuos, e tamén ás condicións de accesibilidade, débese prever e propoñer as localizacións máis adecuadas para as instalacións de recollida, tratamento e xestión dos residuos.

É importante para o desenvolvemento de novos ámbitos poder garantir o incremento da capacidade de recollida e tratamento dos residuos.

É función do planeamento territorial delimitar os espazos necesarios para levar a cabo a vertedura de terras e materiais procedentes de escavacións ao amparo do previsto en Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

Promoverase o uso das explotacións mineiras abandonadas como vertedoiros de inertes, previos os requisitos e trámites establecidos na lexislación sectorial específica, a través dos correspondentes proxectos de restauración ambiental e paisaxística.

- O Solo

O crecemento urbano debe fomentar formas de desenvolvemento compacto e, pola súa vez, vertebrado co seu contorno inmediato de maneira que garanta un uso eficiente e sostible dos recursos, así como a optimización territorial e ambiental de infraestruturas e servizos. Polo tanto, o planeamento municipal debe propiciar unha estrutura urbana que garanta a integración dos núcleos de poboación na paisaxe, definindo adecuadamente as súas tipoloxías construtivas, bordos urbanos, silueta, espazos públicos e viarios co fin de manter as principais vistas e perspectivas do núcleo urbano. Así mesmo, e co obxecto de usar máis eficiente e sostiblemente o solo, deberíase fomentar a rehabilitación e renovación das súas edificacións e a consolidación dos intersticios completando as tramas existentes.

Con excepción dos solos industriais e de equipamentos, débense prohibir os novos crecementos illados para que desta maneira se minimicen os efectos negativos no territorio. Trátase de fomentar novos crecementos que prevexan tramas compactas e diversas en usos, con especial atención á morfoloxía e escala da intervención e con modelos tipolóxicos que se adapten ao contorno, evitando os crecementos dirixidos cara aos elementos e hábitats máis fráxiles e intentando, sempre e cando sexa posible, dirixirse cara ás zonas con pendentes máis suaves.

- A Prevención de Riscos

O planeamento debe definir as áreas de riscos, tanto naturais como antrópicos, que condicionen ou desaconsellen a implantación de determinados usos.

Nas áreas en que se constate a presenza de riscos, é necesaria a xustificación precisa e exhaustiva das condicións necesarias para a súa excepcional ocupación. En tal caso, o planeamento debe especificar os parámetros e medidas correctoras esixibles á actuación.

Sen prexuízo do establecido na Lei 3/2007, do 27 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, non se poderían implantar novas explotacións forestais intensivas a unha distancia inferior de 50 metros de núcleos de poboación . Do mesmo xeito, e salvo xustificación expresa da necesidade da súa localización no dito ámbito, nos novos crecementos urbanísticos non poderían implantarse edificacións a unha distancia inferior á anteriormente establecida.

Esta medida tería os efectos favorables sobre o patrimonio natural xa indicados na alternativa anterior. En xeral, podemos dicir que os criterios de ordenación establecidos colaborarían nunha maior concienciación con respecto ás variables tratadas, pero non obstante non supón un auténtico modelo territorial posto que a excepción dos espazos de valor ambiental non caracteriza os modelos de asentamento nin indica os procesos máis acordes para a consecución dun modelo sostible de ocupación racional do solo.

Como podemos observar, esta alternativa amosa xa unha mellora sobre as alternativas anteriormente propostas. Dalgunha maneira, podemos dicir que se trata dun modelo no que se protexe e se intúen algunhas pautas para o desenvolvemento futuro, pero aínda se está moi lonxe de fixar un modelo coherente de ordenación e xestión de todas as variables sinalizadas con incidencia no litoral. É previsible ademais que os efectos de aplicación desta alternativa no relativo á ordenación se dilúa no conxunto de modelos, moitas veces carentes de relación e descoordinados dos distintos municipios e políticas sectoriais.

	Solo	Paisaxe	Patrimonio Natural	Patrimonio Cultural	Sociedade & Economía	Atmosfera	Ciclo Hídrico	Enerxía	Ciclo de Materiais	Cambio Climático	Mobilidade
A4	++	+	+	+	–	–	+	–	–	–	–

Táboa 13: resumo da incidencia que ten a Alternativa 4 sobre cada variable

5.5. ALTERNATIVA 4

Esta alternativa ademais de recoller as características das alternativas 2 e 3 anteriormente descritas, achega novos retos para unha mellor ordenación do territorio de Galicia. Basicamente consiste no establecemento dun modelo de xestión do litoral baseado no recoñecemento dos valores e elementos identitarios tanto desde o punto de vista natural como do modelo de organización do territorio. Incorpora unha caracterización do sistema de asentamentos, unha comprensión do modelo de organización do territorio e unha aposta por fortalecer as relacións entre os elementos naturais e culturais de valor.

A extensión, diversidade e complexidade do litoral de Galicia descritas a lo longo de todo o documento do POL, especialmente no Título II destinado á paisaxe, fan necesaria unha aproximación progresiva ao modelo de organización territorial así como aos seus valores para poder deste xeito protexelo, ordenalo e xestionalo.

Por este motivo, esta alternativa establece unha estrutura composta por áreas, espazos e sistemas que se superpoñen e completan para poder así recoller as particularidades de cada ámbito co obxectivo de poñer en valor os seus trazos identitarios.

O Modelo Territorial previsto no POL supón a complementariedade, coordinación e relación de determinacións aplicadas a unha serie de elementos que responden ao seguinte esquema:

1. Áreas do Plan de ordenación do litoral.
Áreas nas que se divide a totalidade do territorio comprendido dentro do ámbito de xestión do POL

A) Áreas continuas
   a) Protección Ambiental
      - Protección Intermareal
      - Protección Costeira
   b) Mellora ambiental e paisaxística
   c) Ordenación litoral

B) Áreas descontinuas
   - Corredores
   - Espazos de Interese
   - Rede de espazos Naturais de Galicia

2. Asentamentos.
Foron caracterizados da seguinte forma:

a) Asentamento de carácter fundacional
   - Núcleos de identidade do Litoral
b) Desenvolvemento periférico
c) Asentamento funcional
d) Nova agrupación
c) Agregado urbano
d) Ámbitos de recualificación

3. Sistemas Xerais Territoriais.
A categoría de **Mellora Ambiental e Paisaxística** comprende o territorio entre a área costeira e os primeiros eixos e espazos que articulaban o modelo de organización tradicional do litoral. É dicir, as chairas e vertentes litorais e o espazo rural asociado ao mar, constituíndo sen dubida ningunha as áreas suxeitas a maior presión antrópica dos últimos tempos. O seu obxectivo principal é o de preservar a paisaxe litoral como un valor natural e cultural reivindicando esta fronte litoral como un elemento propio, un trazo distintivo, un recurso e un indicador da calidade de vida de Galicia. Pero tamén ten como obxectivo mellorar aquelas intervencións que non se axustan ao modelo proposto no POL e necesitan de actuacións para colaborar a transformar estas escenas en paisaxes de calidade. Desta forma garántese a integridade do bordo costeiro como espazo público de valor e gozo social, ao mesmo tempo que un desenvolvemento urbanístico sostible e integrado na paisaxe.

A vocación desta categoría é permanecer libre de edificación conformando deste xeito o que poderiamos denominar a paisaxe litoral e isto, sen dúbida ningunha, supón o maior reto para a sociedade galega. Do mesmo modo, nesta categoría establécese unha serie de criterios para procurar a regulación dos crecementos urbanísticos dos núcleos que se atopan insertos nesta categoría. É importante tanto nesta categoría, coma na de ordenación, comprender que a vontade de procurar a compactación dos núcleos, de evitar a presión sobre as zonas máis fráxiles, de establecer tipoloxías e morfoloxías acordes cos asentamentos originais, colaborarán a diminuír a mobilidade, mellorar a eficacia do sistema de asentamentos, a calidade ambiental e diminuír os efectos do cambio climático.

Doutra banda, a **Ordenación** recollería aqueles ámbitos de organización do modelo territorial no que se fai compatible o crecemento coa protección dos valores litorais mediante a adecuada identificación destes.

As áreas descontinuas compostas polos **corredores e os espazos de interese (EIP, EIX, EIT, EV)** supoñen unha regulación que dunha banda preservan a funcionalidade dos sistemas naturais ao dotalos de conectividade e doutra pon en valor espazos singulares e identitarios das zonas costeiras.

Por outra parte, a caracterización dos asentamentos permite establecer criterios de crecemento efectivo que freen as dinámicas de dispersión diminuíndo deste xeito a necesidade da mobilidade co consiguinte aforro enerxético e mellora das emisións de GAE.

Da mesma maneira, o recoñecemento dos **núcleos de identidade do litoral e dos elementos do patrimonio cultural etnográfico mariño** supón un paso cara adiante na xestión do patrimonio cultural

Así, recoñécense como **Núcleos de Identidade do Litoral** aqueles asentamentos tradicionais cuxa localización estratéxica no bordo costeiro lles confire unha singularidade que os fai merecedores dun tratamento específico. A súa posición, vinculada ao litoral, non só desde o punto de vista da súa localización, senón tamén da súa relación socioeconómica con el necesario atopar modelos de crecemento equilibrado nos cales o desenvolvemento e a evolución destes núcleos non supoña a ocupación de ámbitos fráxiles e de valor ou a banalización e a perda de calidade da paisaxe.

Os **Ámbitos de recualificación**, pola contra, recollen áreas de carácter residencial, produtivo, de servizos ou análogas, desvinculadas dos núcleos fundacionais, recoñecidas basicamente como Novas agrupacións na cartografía, desconformes co modelo territorial proposto. Esta desconformidade responde, na maioría dos casos, á súa localización en espazos de valor e ao seu carácter illado. Normalmente son froito do proceso de ocupación das áreas costeiras que experimentou non só Galicia senón toda a costa europea nas últimas décadas. A fragmentación de hábitats, a presión sobre áreas sensibles e vulnerables do litoral, así como a ausencia de espazo público de calidade e de lugares de cohesión social, adoitan ser consecuencia da súa implantación.

No tocante á coordinación das políticas con incidencia no territorio, establécese a través da regulación dos denominados **Sistemas xerais territoriais** que comprenden as grandes infraestruturas significativas como elementos articuladores do territorio litoral. Dentro desta categoría englóbanse as seguintes infraestruturas:

- Portos Estatais.
- Portos Autonómicos.
- Aeroportos.
- Ferrocarrís.
- Estradas de titularidade estatal e a rede de estradas autonómicas, así como aqueloutras de carácter estruturante do territorio con independencia da súa titularidade.
- Instalacións de saneamento e depuración de carácter territorial.

Para cada un destes ámbitos, e en función das súas particularidades, esta alternativa propón unha serie determinacións. Estas determinacións seguen unha lóxica relacional, de tal maneira que todo o territorio se atopa recollido nunha das áreas anteriores (protección, mellora ambiental e paisaxística ou ordenación) e en función do tipo de asentamento do carácter dos espazos o planeamento deberá establecer un ou outro modelo. Para iso, defínense uns principios, criterios e normas xerais.

Na medida que esta alternativa establece un modelo territorial racional, favorece a diversificación das actividades económicas en harmonía cos valores e a funcionalidade dos recursos presentes no ámbito litoral, implicando para iso as poboacións locais, podemos dicir que implementa estratexias e valores que a longo prazo mellorarán a gobernanza do territorio implicando aos distintos axentes e a cidadanía.

Esta alternativa é a escollida posto que recolle unha ollada holística e integradora, relacional e propia. É sensible á complexidade e diversidade da costa de Galicia e incorpora de maneira racional e no marco das funcións que lle son propias os criterios de sostibilidade establecidos no DR.

O litoral galego foi historicamente o territorio da actividade económica, do maior dinamismo poboacional e do desenvolvemento urbano. O cambio de modelo do sistema agrario que condiciona a actual estrutura social de Galicia non fixo máis que acentuar este fenómeno, potenciando os procesos de migración desde as terras interiores ás zonas costeiras, especialmente cara aos centros urbanos. Os procesos de suburbanización ou difusión periférica, que caracterizan o sistema urbano galego, son especialmente intensos nas rexións urbanas do litoral.

En consecuencia, a ordenación do sistema costeiro convértese nunha cuestión fundamental para definir un modelo territorial que contribúa a garantir os equilibrios territoriais entre o interior e as rexións atlánticas. É polo tanto importante tamén desde a óptica territorial atopar mecanismos para establecer as directrices e criterios en relación cos fenómenos urbanos e metropolitanos dentro da estrutura territorial rexional.

O papel que desempeña a paisaxe do litoral na vertebración da realidade territorial galega, entendendo a paisaxe como elemento identitario dunha rexión e, por extensión, dunha sociedade, supón asumir papeis produtivos, simbólicos e funcionais que só poden estar localizados neste contorno pero que deben dar servizo ao conxunto de Galicia. Así a articulación de medidas, especialmente as enfocadas ao desenvolvemento turístico ou económico, non poden polo tanto esquecer a delicada fraxilidade ambiental dos enclaves que as acollen. Calquera planificación, xa que logo, deste territorio terá sen dúbida ningunha repercusión no resto da Comunidade Autónoma.

Non obstante presenta tamén debilidades que podemos agrupar en dúas:

1) Trátase dun documento complexo que necesita de certa ‘madurez’ na súa interpretación e aplicación para que as ‘folguras’ que ten e que lle permiten adaptarse á extensa casuística de situacións non acaben sendo unha porta para modelos e accións indesexados. Por iso se establece como posible corrección a incorporación á interpretación do documento de dous principios: o de caución e o de congruencia.

2) É un documento que necesita para conseguir toda a súa funcionalidade e eficacia:

    - a adaptación ao planeamento urbanístico
    - a elaboración do Catálogo de paisaxe litoral, de tal forma que se completen as súas determinacións para cada unidade da paisaxe a través do establecemento duns obxectivos de calidade paisaxística e unhas directrices. Nese momento poderemos dicir que a combinación da elaboración dos catálogos da paisaxe de Pol e estes instrumentos, Catálogos e Directrices consegue unha xestión innovadora e eficaz desta variable.

Como indicamos con anterioridade, excepto a alternativa 0, o resto das alternativas estrutúranse dentro dos obxectivos xerais descritos no apartado anterior. Todas e cada unha delas polo tanto poderiamos dicir que os cumpren. Non obstante, e tal e como podemos apreciar na táboa adxunta, cando cada un deses obxectivos se detalla e se pon en relación cos elementos estratéxicos do territorio, podemos valorar cal de todas as alternativas integra mellor os criterios de sostibilidade acadando o modelo territorial máis óptimo.

Xúntase a seguir a dita análise, que responde á seguinte lenda:

LENDA	
○	Non se contempla ningunha medida
Ps	Lévase a cabo a través de Políticas Sectoriais
−	Pouco eficaz e/ou indirecto
+	Eficaz e/ou directo
++	Eficaz e innovadora

VARIABLES	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO	OBXECTIVOS XERAIS	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS PARA A VALORACIÓN	OBXECTIVOS PORMENORIZADOS	A0	A1	A2	A3	A4
Solo	Riscos	Establecer un modelo territorial que promova un uso eficiente do solo, racionalizando o seu consumo e integrando as afeccións derivadas da implantación das actividades e usos, tanto de carácter urbano como os de natureza rural, de maneira coherente cos sus valores	Antrópicos	Evitar crecementos próximos ou que resultaran afectados por estes usos con riscos tecnolóxicos	Ps	Ps	Ps	Ps	++
			Naturais	Evitar os procesos de ocupación afectados por estrs contornos e as súas dinámicas	−	○	+	+	+
	Coberturas e usos do solo		Cultivos	Favorecer a calidade dos solos de valor agronómico e evitar a súa ocupación			○	○	−
			Formacións con valores susceptibles de protección (marismas e chairas intermareales, formacións húmedas e masas de auga, acantilados, sistemas praia-duna, matorrais e medios rocosos silíceos, masas de vegetación autóctona, vexetación costeira)	Identificar estas coberturas do solo para protexelas e preservar a funcionalidade os seus eco-sistemas proporcionándolles conectividade ademais de divulgar o seu coñecemiento facendo especial fincapé na identificación dos seus trazos definitorios	−	−	+	+	++
			Formacións forestais de carácter produtivo	Contribuir a unha xestión forestal que considere a multifuncionalidad do monte	Ps	Ps	Ps	Ps	−
	Asentamentos		Asentamentos de carácter tradicional (orixe fundacional), crecementos periféricos e novos asentamentos (fundacionais)	Evitar os procesos de ocupación extensivos, difusos e dispersos, evitando tamén a presión e ocupación dos espazos de valor natural e cultural así como das zonas de riscos naturais e/o antrópicas. Manter a súa harmonía coa paisaxe urbana e rural, da trama e das condicións morfotipolóxicas, evitando a introdución de usos urbanas no medio rural e favorecendo as súas condicións de integración	○	○	○	○	+
			Nuevas agrupaciones						
Paisaxe	Sociedade	Caracterización da paisaxe (identificación dos elementos e os procesos). Promover un modelo territorial en harmonía coa paisaxe que poña en valor o seus elementos e trazos identitarios	Todos os contemplados para o resto das variables	Recoñecemento da paisaxe como unha ferramenta e un valor de calquera territorio. Recoñecemento dos valores naturais do territorio, dos seus procesos e do seu sistema ambiental como soporte de actividades humanas e dos ecosistemas e da diversidade, complexidade e conectividade deles	○	○	○	○	+
	Elementos estruturais			Recoñecemento dos elementos e sistemas patrimoniais froito da actividade humana e da relación desta coa explotación dos recursos naturais Racionalización dos sistemas de asentamentos e de ocupación do territorio a partir dos procesos históricos de organización do territorio Integración dos usos e actividades contemporáneos cos sistemas naturais e patrimoniais anteriores de tal maneira que o seu desenvolvemento sexa compatible cos seus valores e estruturas Consumo racional de solo, fomentando a concentración urbana, evitando a dispersión e favorecendo os procesos de recualificación das áreas degradadas Incorporación de criterios e estratexias de calidade paisaxística e sostibilidade ambiental. A coordinación e a solidariedade administrativa A educación na diversidade natural, patrimonial e paisaxística co obxecto de poñer en valor o carácter de cada territorio A transparencia e o respecto, porque sen respecto ás normas e convencións rexionais, nacionais e internacionais democraticamente aprobadas a convivencia, a paisaxe e o medio ambiente deterióranse, moitas veces de maneira irreversible	−	−	−	−	+
	Elementos texturais								

Táboa 14: valoración de cada unha das alternativas analizadas..

LENDA	
○	Non se contempla ningunha medida
Ps	Lévase a cabo a través de Políticas Sectoriais
–	Pouco eficaz e/ou indirecto
+	Eficaz e/ou directo
++	Eficaz e innovadora

VARIABLES	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO	OBXECTIVOS XERAIS	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS PARA A VALORACIÓN	OBXECTIVOS PORMENORIZADOS	A0	A1	A2	A3	A4
Patrimonio Natural	Hábitats	Identificación dos sistemas naturais. Establecer un modelo territorial que favoreza a funcionalidade e conectividade dos sistemas naturais.	Bosques	Protexer estes espazos naturais e mellorar a funcionalidade dos ecosistemas permitindo a conectividade dos ecosistemas. Promover unha malla de espazos libres co obxecto de favorecer o contacto da poboación coa natureza. Fomentar a recuperación dos elementos ou formacións que se atopan degradadas. Evitar a introdución de especies foráneas. Identificar e delimitar as formacións e espazos que actúan como corredores ecolóxicos	Ps	Ps	Ps	Ps	+
			O medio mariño	Protexer estes espazos naturais e mellorar a funcionalidade e calidade dos ecosistemas					++
			As marismas, enseadas, esteiros e rías	Protexer estes espazos naturais e mellorar a funcionalidade dos ecosistemas permitindo a súa conectividade. Promover unha malla de espazos libres co obxecto de favorecer o contacto da poboación coa natureza. Fomentar a recuperación dos elementos ou formacións que se atopan degradadas. Evitar a introdución de especies foráneas. Identificar e delimitar as formacións e espazos que actúan como corredores ecolóxicos					+
			Sistema praia-duna						
			Zonas húmidas				+	+	
	Xeoformas		Cantís		–	–			

LENDA	
○	Non se contempla ningunha medida
Ps	Lévase a cabo a través de Políticas Sectoriais
–	Pouco eficaz e/ou indirecto
+	Eficaz e/ou directo
++	Eficaz e innovadora

VARIABLES	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO	OBXECTIVOS XERAIS	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS PARA A VALORACIÓN	OBXECTIVOS PORMENORIZADOS	A0	A1	A2	A3	A4
Patrimonio Cultural	Elementos puntuais	Recoñecer os elementos de valor patrimonial. Promover estratexias para a súa posta en valor	Arquitectura culta (igrexas, capelas, cruceiros)	Promover y poner en valor este patrimonio fomentando además de su conectividad su rehabilitación y recuperación dotándolos de usos compatibles con su carácter	Ps	Ps	Ps	Ps	+
			Arquitectura industrial e aquela ligada á explotación marítima (salgaduras e estaleiros, baleeiras, muíños de marea, conserveiras)		○	○	○	○	
			Arquitectura ligada á navegación (faros, balizas, etc.)						
			Arquitectura militar (construcións defensivas)		Ps	Ps	Ps	Ps	
			Arquitectura resultado da actividade agrícola en conexión co litoral (hórreos)		○	○	○	○	
			Patrimonio arqueolóxico (monumentos megalíticos, petróglifos, dolmens e castros)		Ps	Ps	Ps	Ps	
			Portos	Favorecer su desarrollo manteniendo aquellos elementos de carácter tradicional representativos	○	○	○	○	
	Elementos lineais de comunicación		Camiños	Posta en valor como itinerarios alternativos que dean a coñecer a paisaxe e o modelo de organización do territorio. Fomentar a súa conectividade e o uso destes polos colectivos vulnerables					
	Elementos etnográficos		Patrimonio cultural intanxible, resultado da interacción do ser humano co medio costeiro, entre natureza e ocupación do territorio (festas, tradicións, gastronomía, etc.)	Dar a coñecer este patrimonio e a súa relación ca paisaxe. Identificar e delimitar os espazos que actúan como corredores funcionales e fomentar a súa conectividade	Ps	Ps	Ps	Ps	++
	Conxuntos edificados		Asentamentos de carácter tradicional (orixe fundacional)	Promover a conectividade e o mantemento do seu carácter mediante o establecemento de usos, intensidades e tipoloxías acordes coas existentes	○	○	○	○	
			Asentamentos de carácter tradicional vinculados co litoral						

LENDA	
○	Non se contempla ningunha medida
Ps	Lévase a cabo a través de Políticas Sectoriais
–	Pouco eficaz e/ou indirecto
+	Eficaz e/ou directo
++	Eficaz e innovadora

VARIABLES	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO	OBXECTIVOS XERAIS	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS PARA A VALORACIÓN	OBXECTIVOS PORMENORIZADOS	A0	A1	A2	A3	A4
Sociedade e Economía	Sectores produtivos	Establecer un modelo territorial racional. Procurar a implicación da cidadanía no establecemento deste modelo. Favorecer a diversificación das actividades económicas en harmonía cos valores e a funcionalidade dos recursos presentes no ámbito litoral, implicando para iso as poboacións locais	Agrícola	Mellorar o seu aproveitamento mediante a innovación tecnolóxica, e a aposta pola calidade e compromiso medioambiental, e fomentar a recuperación deste sector procurando a modernización das súas infraestructuras e dos procesos buscando o maior valor engadido dos produtos	Ps	Ps	Ps	Ps	–
			Comercial	Diversificar a oferta introducindo produtos ligados a unha xestión sostible dos contornos. Mellorar o seu aproveitamento mediante a innovación tecnolóxica, e a aposta pola calidade e compromiso medioambiental	○	○	○	○	
			Construción	Apostar pola rehabilitación dos entornos consolidados e mejorar a cualificación da población empleada. Mellorar o seu aproveitamento mediante a innovación tecnolóxica, e a aposta pola calidade e compromiso medioambiental					
			Desenvolvemento tecnolóxico	Mellorar e modernizar o sector, mediante a innovación tecnolóxica, e a aposta pola calidade e compromiso medioambiental					
			Enerxético	Aposta e modernización do sector, fomento das enerxías alternativas e do aforro energético. Mellorar e modernizar o sector, mediante a innovación tecnolóxica, e a aposta pola calidade e compromiso medioambientall	Ps	Ps	Ps	Ps	
			Forestal	Diversificación do sector e fomento da reforestación de especies autóctonas. Mellorar o seu aproveitamento mediante a innovación tecnolóxica, e a aposta pola calidade e compromiso medioambiental	○	○	○	○	
			Gandeiro	Mellorar o seu aproveitamento mediante a innovación tecnolóxica, e a aposta pola calidade e compromiso medioambiental, e fomentar a recuperación deste sector procurando a modernización das súas infraestruturas e dos procesos buscando o maior valor engadido dos productos					
			Hostalaría e ocio	Fomentar a hospedaxe respetuosa co contorno apostando pola reutilización das edificacións e conxuntos existentes. Mellorar o seu aproveitamento mediante a innovación tecnolóxica, e a aposta pola calidade e compromiso medioambiental	Ps	Ps	Ps	Ps	+
			Industrial (enerxético, textil, forestal, agroalimentario, bebidas, aluminio, etc.)	Mellorar o seu aproveitamento mediante a innovación tecnolóxica, e procurar a modernización das infraestruturas e dos procesos buscando o maior valor engadido dos produtos e apostando sempre pola calidade e o compromiso medioambiental	○	○	○	○	–
			Pesqueiro (actividade pesqueira, marisqueo e acuicultura)		Ps	Ps	Ps	Ps	
			Turístico	Desenvolvemento respetuoso co medio natural e o seu contorno, ao mesmo tempo que se fomenta o turismo cultural. Mellorar o seu aproveitamento mediante a innovación tecnolóxica, e a aposta pola calidade e compromiso medioambiental					+
	Poboación		Dinámica demográfica	Fomentar unha distribución da población coherente coa capacidad de acollida do ámbito de estudio e coas características da dita poboación	○	○	○	○	
			Dinámica social (colectivos vulnerables)	Favorecer as políticas encamiñadas á súa integración e mellora da súa calidade de vida.					–
			Dinámica socioeconómica	Favorecer a diversificación das actividades económicas pondo de manifesto os valores e a funcionalidade dos recursos presentes no ámbito litoral					○
			Goberno e administración	Fomentar unha ordenación do territorio eficaz e eficiente					+
			Participación	Contribuír a facer máis efectivos os procesos de participación da poboación no proceso na elaboración e o desenvolvemento do Plan					
	Infraestruturas		Portuarias, aeroportuarias, terrestres	Desarrollo coherente dos distintos sistemas de comunicacións que vertebran o territorio e le dan accesibilidade integrándoo nas políticas de Ordenación do territorio	Ps	Ps	Ps	Ps	–
	Equipamentos		Equipamentos (sanitarios, educativos, administrativos, deportivos, sociais, etc.)	Distribución racional e eficaz das dotacións no conxunto dos sistemas de asentamentos	○	○	○	○	+
			Espazos libres	Fomentar unha distribución racional e eficaz dos espazos libres aumentando e mellorando os lugares de encontro e os lugares de contacto da poboación coa natureza					
	Asentamentos		Asentamentos	Contribuír a mellorar a habitabilidade dos asentamentos urbanos e rurais, fomentando a fun-cionalidade e o tratamento específico do deseño de calidade para diminuir os seus impactos					++

LENDA	
○	Non se contempla ningunha medida
Ps	Lévase a cabo a través de Políticas Sectoriais
–	Poco eficaz e/ou indirecto
+	Eficaz e/ou directo
++	Eficaz e innovadora

VARIABLES	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO	OBXECTIVOS XERAIS	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS PARA A VALORACIÓN	OBXECTIVOS PORMENORIZADOS	A0	A1	A2	A3	A4
Atmosfera	Fontes emisoras	Promover un modelo territorial tendente á redución das fontes emisoras de contaminación	Contaminación acústica	Reducir as emisións, ademais de considerar os efectos para planificar os crecementos urbanísticos	○	○	○	○	–
			Contaminación electromagnética	Considerar os posibles efectos de localizar novas fontes emisoras ou planificar os crecementos urbanísticos					
			Contaminación lumínica	Reducir as emisións lumínicas					
			Enerxía	Reducir as emisións, ademais de considerar os efectos de localizar novas fontes emisoras e planificar crecementos urbanísticos (aeroportos, ferrocarril, etc.)	Ps	Ps	Ps	–	
			Mobilidade		○	○	○		
			Outras fontes de contaminación físico-química						
	Asentamentos		Asentamentos	Considerar o ámbito de influencia das fontes emisoras de contaminación atmosférica anterio-res para planificar os crecementos urbanísticos.				○	+
Ciclo Hídrico	Usos e consumo	Propiciar un modelo territorial que fomente un uso racional dos recursos hídricos ao mesmo tempo que asegure o mantemento das funcións ecolóxicas e a mellora da calidade e funcionalidade das distintas formas da auga	Asentamentos	Fomentar a eficacia, a eficiencia e o aforro no uso do recurso, e contribuír ao mantemento e mellora da súa calidade	Ps	Ps	Ps	–	+
			Produtivo-empresarial (industrial, agrícola, forestal, actividades complementarias e análogas)	Mellorar a súa calidade, así como fomentar a eficiencia e o aforro, e potenciar a reutilización das augas	○	○	○	○	–
	Sistemas		Abastecemento, saneamento e depuración	Fomentar a eficacia, a eficiencia e o aforro no uso do recurso, e contribuír ao mantemento ou mellora da súa calidade.	Ps	Ps		-	
	Formas da auga		Formas do recurso: ríos, rías, encoros, lagos e lagoas, e augas subterráneas	Mantemento das súas funcións ecolóxicas e mellora da súa calidade e funcionalidade, ao mesmo tempo que se preserva o Dominio Público Hidráulico e as súas zonas de influencia			+	+	+
Enerxía	Fontes de enerxía	Fomentar o aforro e chamar a atención sobre a necesidade de impulsar a explotación dos recursos naturais renovables fronte aos fósiles	Biomasa	Promover a explotación dos recursos naturais renovables fronte aos fósiles. O obxectivo é conseguir unha subministración de enerxía primaria fundamentada arredor das enerxías limpas e mellorar a súa calidade	○	○	○	○	–
			Eólica		Ps	Ps	Ps	Ps	
			Hidráulica						
			Solar fotovoltaica						
			Solar térmica		○	○	○	○	
			Solar termoeléctrica						
	Consumos e distribución		Consumos e distribución	Fomentar o aforro, así como a eficiencia na súa distribución	Ps	Ps	Ps	Ps	

LENDA	
○	Non se contempla ningunha medida
Ps	Lévase a cabo a través de Políticas Sectoriais
−	Pouco eficaz e/ou indirecto
+	Eficaz e/ou directo
++	Eficaz e innovadora

VARIABLES	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO	OBXECTIVOS XERAIS	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS PARA A VALORACIÓN	OBXECTIVOS PORMENORIZADOS	A0	A1	A2	A3	A4
Ciclo de Materiais	Residuos	Fomentar un modelo territorial que promova modelos de xestión máis eficientes, en coherencia coa planificación sectorial de residuos	Outros residuos (industriais, sanitarios, agrícolas, forestais, etc.)	Contribuír a implementar os modelos de xestión e tratamento establecidos pola planificación sectorial de residuos	Ps	Ps	Ps	−	−
	Residuos		Sólidos urbanos	Fomentar a definición dun modelo territorial que contribúa a implementar modelos de xestión e tratamentos máis eficientes, en coherencia coa planificación sectorial de residuos					
	Modelos de xestión e tratamento		Modelo Territorial (Sistema de asentamentos, crecementos, etc.)	Definir modelos territoriais que favorezan unha xestión e tratamento máis eficientes en coherencia coa planificación sectorial de residuos	○	○	○		+
	Materiais		Materiais de construción	Contribuír a diminuír o consumo de materiais de construción, ademais de fomentar o consumo de materiais aos que se asocian un menor custo enerxético e menos efectos contaminantes na súa fabricación	Ps	Ps	Ps		−
Cambio Climático	Sumidoiros	Tomar en consideración os estudos e previsións sobre os efectos do cambio climático no establecemento do modelo territorial. Minimizar as fontes emisoras de gases contaminantes e potenciar a funcionalidade e calidade dos espazos que funcionan como sumidoiros	Vexetación	Evitar a deforestación e favorecer a repoboación con especies autóctonas	○	○	○	○	−
	Fontes de gases de efecto invernadoiro		Enerxía	Promover a explotación dos recursos naturais renovables fronte aos fósiles e fomentar o aforro para evitar as perdas na distribución					
			Mobilidade	Procurar a súa racionalidade, así como favorecer o uso do transporte público, ecolóxico ou ambos para diminuír a concentración de gases de efecto invernadoiro					
	Ambiente		Clima	Incorporar os avances nas investigacións sobre os procesos do cambio climático en Galicia ou no marco administrativo no que se produzan					
	Adaptación aos efectos		Cursos de auga superficial	Identificar e protexer as zonas de risco de inundación	Ps	Ps	Ps	Ps	+
			Dinámica costeira	Identificar e protexer as zonas de risco e coñecer e identificar as súas dinámicas	○	−	−	+	
			Mareas	Evitar a ocupación e transformación da fronte costeira			+		
			Turismo	Posibilitar unha oferta turística diversificada e coherente coas estruturas e valores do territorio		○	○	○	−

LENDA	
○	Non se contempla ninguhna medida
Ps	Lévase a cabo a través de Políticas Sectoriais
–	Pouco eficaz e/ou indirecto
+	Eficaz e/ou directo
++	Eficaz e innovadora

VARIABLES	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS DO TERRITORIO	OBXECTIVOS XERAIS	ELEMENTOS ESTRATÉXICOS PARA A VALORACIÓN	OBXECTIVOS PORMENORIZADOS	A0	A1	A2	A3	A4
Mobilidade	Principais destinos	Racionalizar os procesos de ocupación para así facer un uso máis eficiente dos modos de transporte e diminuír os desprazamentos. Poñer de manifiesto a necesidade do establecemento de modos de transporte máis limpos e eficientes	Dotacións e centros de actividade	Garantir a súa accesibilidade, así como as condicións de seguridade e comodidade dos usuarios nos distintos xeitos de transporte, de maneira que a súa localización e conexión cos sistemas de comunicación favoreza a súa accesibilidade, prestando especial atención aos colectivos vulnerables	○	○	○	○	–
	Modos de transporte e infraestruturas asociadas		Autoestradas, autovías, vías rápidas e estradas convencionais	Procurar a súa racionalidade, seguridade e integración paisaxística e funcional, ademais de mellorar a escena dos accesos ás poboacións	Ps	Ps	Ps	–	
			Ferrocarril	Fomentar o seu uso como transporte público	○	○	○	○	
			Percorridos ciclistas	Favorecer a súa integración como xeito de transporte alternativo e de recoñecemento da paisaxe					
			Percorridos peonís (pistas e camiños)	Racionalizar a súa extensión e conseguir que funcionen como corredores ecolóxicos e funcionais				–	+
			Zona aeroportuaria	Favorecer o seu desenvolvemento e mellorar a súa imaxe	Ps	Ps	Ps	Ps	–
			Zona portuaria						
	Asentamentos		Asentamentos de carácter tradicional (orixe fundacional), crecementos periféricos e novos asentamentos (funcionais)	Racionalizar os procesos de ocupación, favorecendo a súa compactación para así facer un uso máis eficiente dos xeitos de transporte e diminuír os desprazamentos	○	○	○	–	+
			Novas agrupacións	Racionalizar os procesos de ocupación, favorecendo a súa compactación para así facer un uso máis eficiente dos xeitos de transporte e diminuír os desprazamentos					

VIII.5.24

Encoro de Santa Uxía no Río Xallas

6. IDENTIFICACIÓN E CARACTERIZACIÓN DOS EFECTOS SOBRE O MEDIO

Se ben o propio Plan de ordenación do litoral (POL) supón unha importante mellora respecto da situación actual, tanto desde a perspectiva de minimización de riscos como de aproveitamento de oportunidades, como en calquera opción de planificación territorial pódense identificar unha serie de efectos que é previsible que se produzan co seu desenvolvemento e implementación.

Como instrumento de planificación que desenvolve o marco territorial establecido nas Directrices de ordenación do territorio (DOT), o POL presentará os mesmos efectos sobre as variables da sostibilidade que é previsible que se produzan a través da implementación de estratexias ou plans de ordenación territorial.

É necesario traballar desde a perspectiva dunha consideración dos efectos previsibles nas sucesivas escalas de planificación territorial, xa que as determinacións establecidas no POL non implican clasificación urbanística do solo e serán os concellos, os que no momento da revisión e adaptación do seu planeamento clasifiquen o solo de conformidade coas categorías establecidas pola lexislación urbanística en coherencia coas determinacións do POL e os criterios propios dos respectivos procesos de avaliación ambiental estratéxica.

6.1. EFECTOS DA ORDENACIÓN DO TERRITORIO NO LITORAL

Ao tratarse dun instrumento de ordenación territorial de carácter estratéxico, o POL terá os mesmos efectos previsibles que as Directrices de ordenación do territorio e igual que estas, ao desenvolverse as súas determinacións a través doutras figuras de planeamento é importante identificar cales son os aspectos clave que deben ser considerados no planeamento que desenvolva o POL ou que interaccione co seu ámbito de actuación.

A táboa 15 presenta as variables para a sostibilidade territorial identificadas para as DOT e para o POL xuntando os aspectos clave que é necesario considerar na valoración da afección sobre cada unha delas.

Nos últimos anos o litoral sufriu importantes procesos de transformación acentuando o seu carácter estratéxico para a economía galega. O litoral tivo que irse adaptando e procurando a convivencia entre as rizosas alternativas económicas, fundamentalmente turismo e enerxías renovables, ao mesmo tempo que manter a capacidade operativa e a competitividade de actividades tradicionais aínda moi importantes en Galicia, como a pesca e a agricultura.

VARIABLE	ASPECTOS CLAVE
SOLO	Calidade do solo Exposición a riscos naturais e tecnolóxicos Vocacionalidade dos ámbitos
PAISAXE PATRIMONIO NATURAL E CULTURAL	Conservación do patrimonio natural e cultural Integridade paisxística Fragmentación do territorio
SOCIEDADE E ECONOMÍA	Competitividade económica Equilibrio do desenvolvemento económico Cohesión social Calidade de vida da poboación Gobernanza
ATMOSFERA	Calidade do ar
CICLO HÍDRICO	Calidade da auga Consumo de recursos hídricos
ENERXÍA	Consumo enerxético
CICLO DE MATERIAIS	Xeración de residuos
CAMBIO CLIMÁTICO	Emisións de GEI
MOBILIDADE	Necesidades de mobilidade Equilibrio na repartición modal

Táboa 15: aspectos clave que considerar para a valoración da afección sobre cada variable.

Senda litoral. Costa da Morte.

As presións dos novos sectores de desenvolvemento na costa e en especial os seus desenvolvementos indirectos (urbanización, edificacións, servizos, infraestruturas,…), provocou importantes desequilibrios ambientais sobre o litoral que é necesario considerar para a toma de decisións acordes con principios de sostibilidade.

A esta escala de planificación segue sen ser posible unha maior concreción na identificación de efectos que se producirán polo desenvolvemento doutros instrumentos de planificación, pero si se pode identificar unha serie de efectos clave considerando o ámbito especialmente sensible ao que se refiere este planeamento.

Isto permite que a continuación se presenten algúns aspectos dos efectos previsibles considerados para a ordenación do territorio desde unha perspectiva máis aucotada no ámbito do POL. Para facilitar a comprensión deles e as necesarias consideracións para incorporar no seu desenvolvemento, inclúese nestas reflexións unha valoración acerca da afección sobre as variables de sostibilidade que foron consideradas.

6.1.1. Desequilibrios no litoral

O alto interese económico das zonas de litoral provoca en ocasións unha ocupación ou asignación de usos que dan lugar a desequilibrios ambientais significativos que é importante considerar para que non se convertan en limitacións para o aproveitamento doutros potenciais. En xeral é importante considerar determinados aspectos que se pasan a describir ordenados en función das variables da sostibilidade.

a) Valores paisaxísticos

Un dos aspectos máis visibles da transformación que sufriu a costa galega é a ocupación urbana de zonas litorais de alto valor paisaxístico. A alteración dos valores destes sitios varía segundo os tramos de costa, pero pódese estimar que é unha tendencia xeneralizada. A perda de espazos libres e naturais que configuran paisaxes de alto valor leva consigo, a medio prazo, unha redución do atractivo turístico das zonas afectadas de forma que a protección se converte nun factor que afecta directamente as posibilidades de desenvolvemento da zona costeira. Do mesmo xeito, a homoxeneización no uso dos espazos turísticos provocou unha perda de calidade das nosas paisaxes.

b) Natureza

O patrimonio natural é outro previsible foco de desequilibrios importante que debe ser considerado. É innegable a importancia dos recursos naturais que achega o medio litoral e tendo en conta que a súa calidade depende dunha complexa combinación de factores naturais e antrópicos directos, pero tamén indirectos como a ocupación ou xestión de usos sobre o territorio costeiro.

No litoral atópanse ecosistemas únicos que continúan sufrindo afeccións directas ou á súa funcionalidade sistémica e á biodiversidade que soportan. Entre estes espazos débense considerar:

- Dunas e praias.
- Lagoas e humidais costeiros.
- Sistemas rochosos e cantís.
- Rías e desembocaduras.
- Cultivos, pasteiros e bosques litorais.
- (…)

Ademais, a calidade natural do medio litoral axuda a manter a compatibilidade entre novas actividades como o turismo e as enerxías con sectores tradicionais como a pesca ou a agricultura, reducindo a presión sobre os ecosistemas produtivos.

c) Poboación

A tendencia cara á preponderancia do turismo como actividade económica pode ter consecuencias importantes sobre o territorio se a opción é a oferta vacacional baseada na segunda residencia que requira unha sobreplanificación de servizos e dotacións para satisfacer picos de demanda puntuais. Os fenómenos de dispersión e difusión dificultan a eficacia e racionalidade das infraestruturas e serían así como a accesibilidade universal ás dotacións e equipamentos.

d) Dinámica litoral

A ocupación da costa pode producirse por múltiples actuacións (portos, industrias, edificación residencial,…). A ocupación intensiva dos últimos anos modificou a dinámica natural do medio litoral xerando situacións de inestabilidade ambiental. Pero tamén tivo un importante efecto sobre esta dinámica as actuacións sobre as concas fluviais. É necesario afrontar estes fenómenos reais e actuar sobre as súas causas.

e) Ciclo hídrico

Outro factor de desequilibrio é a calidade das masas de auga litorais. De feito, os procesos biolóxicos e químicos que se dan nas augas litorais teñen graves repercusións na vitalidade dos ecosistemas mariños e a súa afección está en gran medida relacionada coas actuacións que se levan a cabo no tramo terrestre da costa e en especial na intensidade do uso antrópico dela.

f) Mobilidade

As características xeográficas do litoral galego fan que a proliferación dun sistema de asentamentos dependentes no tocante a funcións precise dunha intensa mobilidade para o seu funcionamento. Fenómenos como a dispersión e difusión agudizan estas necesidades de mobilidade.

g) Riscos

O aumento da intensidade de usos no sistema costeiro ocasiona necesariamente un incremento no risco ambiental, especialmente:

- Risco de inundación de ámbitos terrestres.
- Risco de contaminación das augas mariñas.
- Risco xeolóxico e erosión.

h) Cambio climático

O ascenso do nivel do mar xunto co incremento da frecuencia e enerxía das tormentas (ambos os fenómenos relacionados co cambio climático) son un factor que ter en conta para as zonas de costa baixa (deltas, marismas, etc.) e para as zonas urbanas edificadas no litoral que se desenvolveron sen considerar estes factores.

6.1.2. Intereses sectoriais predominantes

As múltiples interaccións económicas sobre o litoral fan previsible que para a planificación estratéxica predominen uns intereses sobre outros cando se valoran distintas alternativas. Porén, a introdución de criterios de sostibilidade fai que todas as propostas deban ser valoradas ao mesmo nivel. Como método para tratar de minimizar os desequilibrios referidos no apartado anterior, debe demostrarse o equilibrio entre os intereses económicos, de benestar social e de protección ambiental previamente á toma de decisións que poidan ter efectos significativos.

As decisións onde prepondera algún dos ámbitos (ambiental, social e económico) implican que unha determinada visión ou actuación se impoña fronte a outras sen dispoñer dunha forma obxectiva para determinar os motivos que levan á decisión. Ademais, a gran cantidade de axentes (distintas administracións, empresa privada, sociedade organizada, individuos,…) con capacidade de actuar sobre o litoral require un importante esforzo para o establecemento dun sistema de xestión territorial sostible.

Tendo en conta todos os resultados de análise e diagnósticos que demostran a importancia estratéxica do litoral para Galicia, débese garantir que os procesos de planificación e operativa que desenvolven o POL garantan o interese público, en especial, non só como é obvio, nas zonas de Dominio Público marítimo-terrestre senón na consecución dunha paisaxe litoral de calidade para todos.

6.1.3. Análise sistemática e multidisciplinar do litoral

Entre os desequilibrios provocados pola acción humana e os grandes intereses que conflúen nesta pequena franxa de territorio, a tendencia actual non segue a liña cara a unha xestión sostible de litoral.

Isto vese favorecido en gran medida polo escaso coñecemento e información que se incorpora nos procesos de toma de decisións estratéxicas e na subseguinte coherencia das decisións operativas. En parte, isto é debido a que, tanto o coñecemento como a información necesaria para a toma de decisións, cando existe, atópase altamente dispersa e cun contido moi especializado. Isto refórzase debido á sectorización das competencias e das responsabilidades de xestión do litoral que non favorecen a integración do coñecemento na toma de decisións.

As tarefas de análise de fenómenos sectoriais concretos son necesarias para afondar no coñecemento de detalle de mecanismos dentro do sistema, porén demóstranse insuficientes para o apoio á toma de decisións estratéxicas sobre o conxunto sistema litoral onde interactúan gran cantidade de variables e distintos tipos de planificacións e decisións. É necesaria unha aproximación holística á realidade do medio litoral dada a enorme complexidade das interaccións que se producen, no territorio en xeral e o litoral en particular. As decisións baseadas en perspectivas sectoriais orixínanse nunha visión fragmentada da realidade que non permite ofrecer as solucións que unha xestión sostible deste contorno de alta fraxilidade demanda.

6.1.4. Actuacións carentes de planificación

A situación actual no litoral galego caracterízase por un escaso nivel de planificación estratéxica que ocasionou a toma de decisións inconexas que atenden a intereses sectoriais ou particulares. É necesario orientar esta tendencia cara a unha maior racionalidade que aplique principios de precaución e prevención na planificación en cachón que desenvolverá o contido deste Plan de ordenación do litoral.

A planificación que desenvolverá o POL debe basearse nun sistema de toma de decisións que incorpore criterios de sostibilidade desde os momentos iniciais do proceso de planificación e deseño. Isto é especialmente necesario no caso da ordenación territorial e concretamente da ordenación territorial no litoral, dada a gran diversidade de organismos e institucións que teñen intereses e responsabilidades de ordenación e xestión sobre el. O establecemento dun sistema horizontal e vertical para a coherencia de obxectivos, xunto cos propios procesos de avaliación ambiental deben favorecer que non se produzan situacións de intereses encontrados ou actuacións contrarias aos intereses xerais do litoral establecidos mediante os criterios para a sostibilidade territorial do litoral.

Faro da Palma, en Mugardos.

7. DESEÑO DE MEDIDAS

Mantendo unha escrupulosa coherencia co modelo territorial definido nas Directrices de ordenación do territorio e seguindo o procedemento de Avaliación ambiental estratéxica establecido polo órgano ambiental en aplicación do marco previsto pola Lei 9/2006, do 28 de xuño, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, o proceso de elaboración do Plan de ordenación do litoral obtivo un elevado nivel de integración de criterios de sostibilidade territorial para tomar decisións.

Tendo en conta o carácter estratéxico do POL, non resulta operativo establecer medidas correctoras ou mitigadoras que serán máis apropiadas en niveis de planificación que desenvolven o POL e que pusúan un maior nivel de detalle. Por iso se opta polo establecemento de medidas preventivas que garantan a incorporación dos criterios de sostibilidade territorial que inspiran o POL, tanto se se trata por interacción doutros instrumentos de planificación sectorial, como se se trata de figuras de planeamento de rango inferior que desenvolvan o modelo territorial das DOT concretado polo POL para o ámbito do litoral galego.

7.1. CONSIDERACIÓN DA PREVISIBLE INTERACCIÓN CON OUTRO PLANEAMENTO

Coa finalidade de coordinar esta previsible interacción, a Normativa do POL (Título V, Capítulo 1) establece explicitamente que as determinacións contidas no POL rexerán as actuacións das distintas administracións de carácter estatal, autonómico e local con incidencia no territorio do ámbito.

En especial para o caso da planificación sectorial de incidencia supramunicipal, o POL establece que os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal estableceranse no marco das determinacións contidas noutros instrumentos de ordenación do territorio regulados na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, polo que as súas determinacións recollerán os criterios, establecidos no presente Plan de ordenación do litoral.

7.2. MEDIDAS PARA O DESENVOLVEMENTO EN CACHÓN CON CRITERIOS DE SOSTIBILIDADE

De acordo co artigo 45.2 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o planeamento urbanístico está vinculado xerarquicamente a este Plan, e deberá redactarse en coherencia co seu contido. O establecemento de medidas preventivas consegue orientar os plans de desenvolvemento ou que interaccionen con el desde o punto de vista de considerar a perspectiva ambiental e protexer os valores clave para a sostibilidade costeira.

A seguir, preséntanse as medidas establecidas organizadas en función das variables de sostibilidade ambiental e respecto dos aspectos clave que considerar para unha ordenación territorial sostible.

7.2.1. Ocupación do territorio: solo

a) Calidade do solo

A posible afección sobre a calidade do solo desde o punto de vista da súa ocupación e degradación

A ordenación dos novos crecementos así como a regulación de actividades que desaenvolver susceptibles de producir unha transformación significativa do territorio, tales como as instalacións enerxéticas, acuícolas, infraestruturas (portuarias, vías de comunicación, liñas de produción e distribución de enerxía, etc.), ou industrias contaminantes, deberán realizarse atendendo á prevención e minimización dos efectos sobre calquera dos elementos ou espazos de valor recollidos neste Plan.

O crecemento urbano deberá fomentar formas de desenvolvemento compacto e, pola súa vez, vertebrado co seu contorno inmediato de maneira que garanta un uso eficiente e sostible dos recursos, así como a optimización territorial e ambiental de infraestruturas, dotacións e servizos.

Fomentarase a recuperación e rehabilitación, segundo corresponda, dos elementos ou espazos de valor natural e cultural recollidos polo presente Plan, así como daqueloutros recollidos polos seus instrumentos de desenvolvemento e o planeamento territorial e urbanístico.

Co obxecto de conseguir un uso máis eficiente e sostible do solo, o planeamento fomentará a rehabilitación e renovación das súas edificacións e a consolidación dos intersticios completando as tramas existentes.

Quedan prohibidos os novos crecementos illados, coa excepción dos solos industriais e de equipamentos que o poderán ser atendendo ás mellores condicións de accesibilidade e de xeito que se prevexan e minimicen os efectos negativos sobre o territorio.

b) Vocacionalidade de ámbitos

O xeito en que a asignación de usos é coherente coa capacidade produtiva do solo

O POL establece unha estrutura composta de elementos que se superpoñen e completan recollendo as particularidades de cada ámbito co obxectivo de garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

A escala de traballo do POL estableceuse: áreas de protección ambiental, áreas de mellora ambiental e paisaxística; áreas de ordenación litoral; corredores; espazos de interese paisaxístico; a rede de espazos naturais de Galicia; os asentamentos; e os sistemas xerais territoriais.

Para cada un destes elementos, recóllense as determinacións necesarias para a súa xestión na normativa establecendo:

- Principios que recollen a finalidade ou o propósito que se persegue en cada un destes ámbitos.
- Criterios que establecen as pautas ou a metodoloxía que seguir para conseguir os obxectivos anteriormente descritos.
- Normas que regulan as condicións para a implantación dos usos, e os desenvolvementos urbanísticos se os houbera.

c) Exposición a riscos

Grao de exposición a riscos ben sexa resultado da ocupación de espazos que presenten riscos ou pola xestión de actividades que poidan influír na dita exposición

O planeamento, de acordo coa información incluída no presente Plan e outras fontes dispoñibles, deberá definir as áreas de riscos, tanto naturais como antrópicos, que condicionen ou desenvolvan a implantación de determinados usos.

Nas áreas en que se constate a presenza de riscos, será necesaria a xustificación precisa e exhaustiva das condicións necesarias á súa excepcional ocupación. En tal caso, o planeamento deberá especificar os parámetros e medidas correctoras esixibles á actuación.

Sen prexuízo do establecido na Lei 3/2007, do 27 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, non se poderán implantar novas explotacións forestais intensivas a unha distancia inferior de 50 metros de núcleos de poboación. Do mesmo xeito, e salvo xustificación expresa da necesidade da súa localización no dito ámbito, nos novos crecementos urbanísticos non poderán implantarse edificacións a unha distancia inferior á anteriormente establecida.

O planeamento deberá considerar as estratexias que realice sobre as previsións e evidencias dos efectos do cambio climático para poder adaptar a planificación territorial e urbanística aos posibles cambios na variación da cota de inundación, o retroceso da liña de costa e as variacións na frecuencia e intensidade de fenómenos naturais adversos, tales como temporais, inundacións, etc.

7.2.2. Paisaxe, patrimonio natural e cultural

a) Conservación do patrimonio natural e cultural

Grao no que se poden ver afectados os espazos de interese natural e cultural recoñecidos

Fomentarase a recuperación e rehabilitación, segundo corresponda, dos elementos ou espazos de valor natural recollidos polo presente Plan, así como daqueloutros recollidos polos seus instrumentos de desenvolvemento e o planeamento territorial e urbanístico.

A ordenación dos novos crecementos así como a regulación de actividades para desenvolver susceptibles de producir unha transformación significativa do territorio deberán realizarse atendendo á prevención e minimización dos efectos sobre calquera dos elementos de valor cultural recollidos neste Plan. Con carácter xeral, o planeamento non dirixirá os crecementos urbanísticos cara aos elementos e hábitats máis fráxiles. Deste xeito evitaranse os crecementos dirixidos cara a estes ámbitos e espazos e, especialmente, cara ás categorías recollidas nas Áreas de Protección, así como cara aos elementos de carácter natural e cultual destacados. Do mesmo xeito, deberán dirixirse cara ás zonas con pendentes máis suaves.

O planeamento urbanístico deberá identificar, preservar, mellorar e poñer en valor o patrimonio cultural. Fomentarase a recuperación e rehabilitación, segundo corresponda, dos elementos ou espazos de valor cultural recollidos no POL, así como daqueloutros recollidos polos seus instrumentos de desenvolvemento e o planeamento territorial e urbanístico.

Evitarase calquera afección dos elementos patrimoniais. As construcións localizadas nas inmediacións de bens inmobles de interese cultural, artístico, histórico, arqueolóxico, típico ou tradicional terán que acadar a adecuada harmonización con eles.

Con carácter xeral, prohíbese a instalación de novas explotacións mineiras e a ampliación das existentes nas categorías de Protección e Mellora Ambiental e Paisaxística establecidas neste Plan. Non obstante, o Consello da Xunta poderá autorizar estas actuacións cando se trate de recursos de extraordinario valor económico ou a explotación estea incluída no correspondente plan sectorial.

b) Integración paisaxística

Atende ao xeito en que se considera a paisaxe e a integración das actuacións con ela

Considerando o importante peso que a consideración da paisaxe ten nos fundamentos do deseño e elaboración do POL, optouse por incluír todo un título na normativa onde se afronta a integración paisaxística e se pormenorizan os seguintes criterios para conseguir unha boa integración paisaxística:

- Partir dunha análise sistemática do lugar (morfoloxía, estruturas, tipoloxías, visibilidade, etc.). Enténdese por lugar non só a parcela onde debe implantarse o proxecto senón o ámbito territorial que lle é propio.
- Identificar os elementos característicos do lugar, os que o fan diferente doutros e que deben incorporarse ao proxecto e servir ao mesmo tempo para escoller a estratexia de implantación.
- Analizar o programa funcional de maneira que sexa este o que se adapte ao lugar e non ao revés.
- Estudar a percepción social do lugar, a percepción deste polos cidadáns, o seu grao de implicación e valoración.
- Analizar a complementariedade estrutural e funcional dos novos usos e construcións co seu contorno natural e urbano.
- Con carácter xeral, a noción de integración paisaxística asóciase a variables como a harmonía, a orde, o respecto ou a coherencia, entre outros. A maioría das veces, estes conceptos están ligados a unha restauración ambiental e natural do contorno no que se localizan.

c) Fragmentación do territorio

Como se considera a conectividade ecolóxica e se minimiza a fragmentación do territorio e a formación de barreiras

Calquera intervención ao longo das súas diferentes fases de execución velará por manter a diversidade e funcionalidade ecolóxica do territorio. A distribución sobre o territorio dos hábitats, tanto os de alto valor –bosques, lagoas, ribeiras-, como os primarios –parcelario cultivado, pasteiros ou forestación industrial- e as relacións e contactos entre eles determinan a riqueza ecolóxica dunha paisaxe. Nestas estruturas desempeñan un papel clave os intercambios e transferencias que se dan entre uns hábitats e outros sobre a base da súa proximidade ou do aproveitamento de corredores ecolóxicos.

O planeamento urbanístico deberá prever corredores ecolóxicos, tomando como punto de partida os xa recollidos polo presente Plan, co obxecto de crear un sistema de espazos libres que promovan a permeabilidade do territorio ademais de garantir a integridade funcional dos sistemas naturais e favorecer a conectividade ecolóxica.

7.2.3. Sociedade e economía

a) Competitividade económica

A idoneidade da elección e da localización dos usos produtivos en relación co grao de competitividade económica

Fomentarase a práctica de actividades económicas baixo modalidades ecolóxicas ou de produción integrada, e potenciaranse os procesos que contribúan ao peche dos ciclos produtivos e á valorización económica dos recursos endóxenos.

Neste sentido trátase de fomentar estes criterios nas actividades que presentan unha maior potencialidade de aproveitamento dos recursos endóxenos en condicións de sustentabilidade como son o sector pesqueiro-marisqueiro, o sector vitivinícola, o sector forestal, o sector enerxético e o turismo nas súas diversas dimensións (urbano, de natureza e descanso, de sol e praia, cultural, gastronómico, etc.).

No caso en concreto do sector pesqueiro-marisqueiro, deberán terse en consideración os obxectivos das estratexias dos grupos de acción costeira correspondentes e así fomentar unha utilización eficiente dos instrumentos financeiros de que dispoñen.

b) Equilibrio no desenvolvemento económico

Como se atende ao feito da concentración do desenvolvemento económico nunhas áreas en detrimento doutras

No ámbito litoral do que se ocupa o planeamento non existen grandes diferenzas en cuestión de potencial económico, xa que o desenvolvemento do litoral ten a súa base nos propios valores paisaxísticos e naturais asociados á costa.

Desde o POL considérase o equilibrio no desenvolvemento económico como estratexia para evitar unha saturación contraproducente dos valores asociados á propia funcionalidade territorial dos recursos do litoral. Con isto conséguese unha maior compatibilidade e diversificación de actividades que en moitos casos chegan a ser complementarias.

c) Cohesión social

Como se contribúe á promoción da igualdade de oportunidades e de acceso aos servizos públicos

O planeamento territorial e urbanístico fomentará a cohesión social incorporando solucións que consideren tamén a perspectiva dos colectivos vulnerables (como son as persoas dependentes).

Favorecerase o acceso da poboación á información e ás dotacións e servizos partindo do fortalecemento dos núcleos tradicionais, fortalecendo así unha rede, sobre todo no medio rural, co obxecto de mellorar a calidade de vida dos cidadáns.

Así mesmo, en xeral, a cobertura de dotacións e servizos para as necesidades básicas da poboación considerará tanto á poboación residente como á estacional, nomeadamente nas comarcas costeiras con maior importancia do turismo estacional, como son o Arco Ártabro e as Rías Baixas.

d) Calidade de vida

Contribución á mellora da calidade de vida dos cidadáns a través do fomento de estilos de vida adaptados ao contorno

Promoverase unha distribución equitativa dos beneficios da explotación de recursos entre as actividades económicas desenvolvidas no litoral e as comunidades locais. Neste senso, favorecerase a ocupación dos postos de traballo xerados nas ditas actividades pola poboación local, especialmente na implantación de actividades susceptibles de producir unha maior transformación do territorio como poden ser as instalacións enerxéticas, as acuícolas, as infraestruturas portuarias, e as industrias, así como as dotacións turísticas.

A planificación de infraestruturas deberá garantir condicións de seguridade e comodidade para os usuarios dos xeitos de transporte, especialmente dos non motorizados.

e) Gobernanza

A eficacia, calidade e boa orientación na coordinación coas distintas administracións

As determinacións contidas neste Plan rexerán as actuacións das distintas administracións de carácter estatal, autonómico e local con incidencia no territorio do ámbito. Con tal fin, adoptarán como principio reitor da súa actuación o de colaboración interadministrativa, arbitrando os medios adecuados para que as demais poidan participar nas decisións propias mediante informes, audiencias, documentos e, se é o caso, a través dos órganos de coordinación que poidan crearse.

En particular promoveranse convenios de colaboración entre as distintas administracións, co obxecto de executar proxectos de ordenación e restauración ambiental conforme os criterios de actuación establecidos neste Plan ou nos plans e proxectos de desenvolvemento que poidan aprobarse.

7.2.4. Atmosfera

a) Calidade do ar

En que medida se favorece a consecución dunhas condicións de calidade do ar que permitan un contorno saudable

A planificación das actividades e infraestruturas emisoras de calquera tipo de contaminación atmosférica: físico-química, acústica, luminosa ou electromagnética, para a súa localización deberá priorizar a prevención e minimización dos posibles efectos sobre a saúde da poboación e sobre as funcionalidades dos sistemas naturais, fronte ao establecemento de medidas correctoras, mitigadoras ou compensatorias.

Deberanse identificar as fontes de contaminación atmosférica existentes e realizar unha aproximación ao seu comportamento para que, dunha banda, a planificación de novas actividades ou infraestruturas emisoras as consideren co obxecto de evitar posibles efectos acumulativos ou sinérxicos; e doutra, se poidan establecer as medidas correctoras, mitigadoras ou compensatorias que correspondan.

7.2.5. Ciclo hídrico

a) Calidade da auga

Reflicte como se considera a calidade dos recursos hídricos

Para o desenvolvemento de novos ámbitos de planeamento, será condición *sine qua non* que o sistema de saneamento e depuración correspondente, sexa autónomo ou sexa pertencente a unha rede xeral, dea como resultado un efluente coas condicións idóneas para o seu retorno ao medio sen risco de contaminación, tal e como esixe a normativa correspondente.

O deseño do sistema de saneamento e drenaxe no seu conxunto deberá ser tal que teña en conta a capacidade de admisión do medio receptor, de maneira que a calidade, cantidade, e frecuencia de calquera vertedura aos medios receptores cumpra cos requisitos establecidos pola lexislación vixente de control de emisións e se cumpran os obxectivos establecidos de calidade dos sistemas acuáticos.

Os planeamentos urbanísticos contemplarán as actuacións necesarias para erradicar as verteduras directas ao dominio público hidráulico ou ao marítimo terrestre que non cumpran coas condicións de calidade determinadas pola normativa aplicable.

b) Consumo de recursos hídricos

Refírese á forma en que se consideran as necesidades de recursos hídricos, o esforzo na redución do consumo e a adaptación do planeamento á dispoñibilidade real de recursos hídricos.

A planificación hidrolóxica servirá de referencia para a planificación das políticas sectoriais e a ordenación dos distintos usos e actividades no ámbito do litoral, co obxectivo de acadar unha utilización eficiente do recurso auga na súa concepción de ciclo, que permita manter as súas funcións ecolóxicas ao mesmo tempo que se cobren as necesidades de abastecemento, saneamento e depuración.

Fomentarase a máxima eficiencia nos sistemas de abastecemento e saneamento coa implantación das últimas tecnoloxías que mellor se adapten ás condicións de demanda do recurso e de xeración de augas residuais, tendo en conta especialmente o seu posible carácter estacional. Para iso, o planeamento municipal deberá prestar especial atención ás seguintes consideracións:

Potenciarase a reutilización das augas residuais convenientemente tratadas, aplicándoa a procesos industriais, tarefas de limpeza pública, rega de espazos libres, regadíos ou outros usos similares.

En xeral, promoverase a implantación de sistemas e mecanismos de aforro dos recursos hídricos, que será de obrigado cumprimento para as instalacións e edificios públicos.

7.2.6. Enerxía

a) Consumo enerxético

Refírese á forma en que se consideran as necesidades enerxéticas, os esforzos na redución do consumo enerxético e potenciación das enerxías renovables

Na medida do posible, o planeamento perseguirá co modelo territorial proposto a redución das necesidades enerxéticas. Do mesmo xeito, facilitará a implantación de fontes de enerxía renovables.

As infraestruturas de produción, distribución e transporte da enerxía deberán optimizar a súa integración no territorio. No caso das novas infraestruturas que e planifiquen, así como a reconversión,

Panorámica da Coruña.

ampliación ou mellora das xa existentes, a súa localización ou percorrido deberán prever e evitar os posibles efectos negativos sobre o territorio. Para iso, terá en conta os valores establecidos no presente documento.

No referente ás infraestruturas existentes, procurarase a súa integración paisaxística polo menos naqueles espazos que pola súa significación e valor patrimonial, ambiental ou paisaxístico se considere necesario para o mantemento dos seus valores. Nestes casos, os planeamentos municipais procurarán o soterramento dos seus tendidos aéreos.

7.2.7. Xestión de residuos

a) Xeración de residuos

O xeito en que se afronta a xestión de residuos, en especial a redución na xeración

Deberase garantir o incremento da capacidade de recollida e tratamento dos residuos para o desenvolvemento de novos ámbitos tanto no ámbito territorial como urbanístico.

O planeamento delimitará os espazos necesarios para levar a cabo no seu territorio as verteduras de terras e materiais procedentes de escavacións, ao abeiro do previsto no Real Decreto 105/2008, do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición.

Promoverase o uso das explotacións mineiras abandonadas como vertedoiros de inertes, previos aos requisitos e trámites establecidos na lexislación sectorial específica, a través dos correspondentes proxectos de restauración ambiental e paisaxística.

Deberanse prever e propoñer as localizacións máis adecuadas para as instalacións de recollida, tratamento e xestión dos residuos atendendo ás condicións de accesibilidade e de acordo coa planificación autonómica de xestión de residuos. En xeral, impulsaranse os sistemas de recollida selectiva para favorecer a reutilización e reciclaxe dos materiais.

7.2.8. Cambio climático

a) Emisión de gases de efecto invernadoiro

O xeito en que se xestionan as emisións de GEI e os esforzos cara á súa redución

É indispensable a integración dos criterios establecidos na presente normativa sobre mobilidade e enerxía:

- Deberán asumirse os criterios xerais de ordenación sobre mobilidade, especialmente das consideracións referidas ao fomento de xeitos alternativos ao vehículo privado motorizado, para a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro.

- Realizaranse os esforzos asumibles cara á redución do consumo enerxético global e a potenciación das enerxías renovables que permitan tamén favorecer a seguridade enerxética.

7.2.9. Mobilidade

a) Necesidades de mobilidade

Como se inflúe nas necesidades de transporte tanto de persoas como de mercadorías

A planificación de itinerarios de mobilidade deberá deseñarse en función das características dos desprazamentos xerados (puntos orixe/destino, características dos usuarios persoas, mercadorías ou ambas, lonxitude, frecuencia, intensidade, etc.).

Na medida do posible, realizaranse sobre a rede de vías e camiños existentes, priorizando aqueles de carácter tradicional debido á súa maior integración co modelo de organización do territorio e o relevo.

Desde o planeamento urbanístico, fomentaranse desenvolvementos que aposten por modelos de mobilidade sostible, evitando os crecementos lineais e os dispersos e optando, non obstante, por estruturas de asentamento que aumenten a compacidade, diversidade e complexidade de usos.

O planeamento urbanístico considerará de maneira conxunta o deseño dos itinerarios de mobilidade co obxecto de garantir a conexión e accesibilidade da poboación aos novos usos previstos e aos existentes, maximizando a eficiencia e calidade do desprazamento.

A planificación de actuacións significativas na xeración de mobilidade, como grandes centros comerciais, centros de transporte, grandes centros produtivos ou crecementos urbanísticos de especial relevancia, deberá incorporar os estudos necesarios para que tanto a elección da súa localización, como o deseño dos sistemas de infraestruturas garantan a conexión coa rede viaria existente, sen menoscabar significativamente a súa capacidade. Igualmente deberán garantir a súa accesibilidade a través de xeitos de transporte alternativos ao vehículo privado motorizado.

b) Equilibrio na repartición modal

Con relación aos esforzos que se fan para a diminución da dependencia do vehículo privado a través da potenciación doutros xeitos

Os itinerarios deberán contemplar o uso de medios alternativos ao vehículo privado motorizado en función das anteriores características dos desprazamentos e a perspectiva dos colectivos vulnerables, como son o transporte colectivo (público ou privado, viario ou ferroviario), en bicicleta ou peonil. Para tal efecto, preveranse espazos para a súa circulación e estacionamento especializado.

Os itinerarios deberán seleccionar, na medida do posible, aqueles percorridos que acheguen calidade e benestar ao usuario, como aqueles que inclúen o paso ou o acceso visual a elementos con valores naturais, culturais e paisaxísticos en definitiva, sempre que quede garantida a súa protección e funcionalidade, o que contribuirá ademais a súa posta en valor.

Fomentarase a planificación de itinerarios alternativos interurbanos, de tal maneira que se integren o tecido urbano e o tecido rural.

Os itinerarios deberán contemplar o uso de medios alternativos ao vehículo privado motorizado en función das anteriores características dos desprazamentos e a perspectiva dos colectivos vulnerables, como son o transporte colectivo (público ou privado, viario ou ferroviario), en bicicleta ou peonil. Para tal efecto, preveranse espazos para a súa circulación e estacionamento especializado.

A planificación de infraestruturas deberá garantir condicións de seguridade e comodidade para os usuarios dos xeitos de transporte, especialmente dos non motorizados.

Vista da Praia de Lagosteira, Fisterra.

8. ESTABLECEMENTO DO PLAN DE SEGUIMENTO

O seguimento debe permitir comparar os efectos previstos no POL cos que realmente se producen logo da súa implementación e desenvolvemento. Isto axuda a que os problemas que aparezan durante a implementación, previstos ou non, poidan ser detectados e as futuras predicións se fagan con maior precisión.

Non obstante, desde a perspectiva da sostibilidade territorial o seguemento debe ser entendido dunha maneira máis ampla, de xeito que a información obtida posibilite a realización de análises que permitan valorar a eficacia das determinacións do POL para orientar o desenvolvemento do litoral galego cara á sociedade da sostibilidade.

Ao tratarse dun plan que desenvolve un modelo territorial, ten sentido asumir os indicadores que se utilicen para medir a sostibilidade territorial segundo o decreto que regule o seguimento das Directrices de ordenación do territorio, tal e como especifica o artigo 10.10 da Lei 10/1995, do 23 de novembro.

O feito de que as DOT se atopen en elaboración neste momento, posibilita que se introduzan consideracións específicas para o ámbito litoral no mesmo sistema de seguimento das Directrices. Con isto conséguese que, dunha banda as directrices posúan un plan de seguimento máis robusto e doutra, que se eviten duplicidades tal e como se regula no artigo 15.2 da Lei 9/2006, do 28 de abril, de avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

O mesmo que para coas DOT, expóñense a seguir unha serie de consideracións específicas e de indicadores concretos que sirvan de apoio na definición dun sistema completo de seguimento da sostibilidade territorial de Galicia.

A través das consideracións específicas para o medio litoral que se inclúen a continuación, ínstase á concreción delas no Plan de Seguimento da sostibilidade Territorial de Galicia.

8.1. INDICADORES DE DESENVOLVEMENTO E IMPLANTACIÓN

A través dos indicadores de desenvolvemento e implantación tratarase de medir a eficacia do POL, é dicir, a capacidade de conseguir a implementación efectiva das determinacións do POL a través da planificación de rango inferior.

- Número de Plans Xerais de Ordenación Municipal en elaboración e aprobados que están adaptados ás determinacións do modelo territorial definido a través do POL.
- % de Plans Xerais de Ordenación Municipal dos municipios costeiros aprobados en coherencia co POL.
- % de superficie ordenada en coherencia co POL respecto da superficie do ámbito litoral considerado.
- % de poboación en ámbitos ordenados en coherencia co POL respecto da poboación total do ámbito litoral.
- Número de Plans Sectoriais en elaboración e aprobados compatibles co modelo territorial do POL.

8.2. INDICADORES DE SOSTIBILIDADE TERRITORIAL

A análise dos indicadores de sostibilidade territorial no ámbito litoral permite obter unha visión máis pormenorizada da evolución territorial con elementos de comparación entre a Galicia costeira e a Galicia interior.

Unha gran parte do contido do seguimento do POL será resultado dunha análise localizada no ámbito litoral dos indicadores que resulten do plan de seguimento definitivo das DOT. Ademais de coherencia, esta opción contribúe a un maior detalle e robustez do sistema de seguimento das DOT. É suficiente con que se consideren dunha maneira especial determinadas dinámicas do litoral para a compilación de información e a interpretación dos resultados do seguimento das DOT para conseguir unha relevante mellora na calidade da información dispoñible coa conseguinte eficacia na utilización das análises e diagnósticos baseados nela.

Non obstante, as características de especial sensibilidade do ámbito litoral, xunto con determinados elementos singulares e especiais características fai necesario incorporar unha serie de indicadores para a medición dalgunhas dinámicas e situacións propias e específicas do sistema litoral.

Praia de Riazor. A Coruña.

Preséntanse a seguir unha serie de indicadores específicos do ámbito litoral como exemplo das concrecións que poderán ser incorporadas sobre o sistema de seguimento respecto das variables de sostibilidade que son máis susceptibles de seren substancialmente afectadas por características específicas do litoral.

En todo caso, no anexo deste documento figuran estes indicadores de forma integrada cos propostos para as DOT, de maneira que se recollería o sistema dos indicadores de sostibilidade territorial para o ámbito de aplicación do Plan de ordenación do litoral.

1. Ocupación do territorio
   - Evolución da urbanización por distancia á liña de costa
   - Deslindamento do dominio público marítimo-terrestre
   - % superficie libre no primeiro quilómetro de costa
   - Evolución da presenza de infraestruturas litorais

2. Patrimonio natural
   - Contornos con valores litorais protexidos

3. Socioeconomía
   - Poboación
     - % poboación no primeiro quilómetro de costa
     - % poboación estacional

   - Socioeconomía
     - Diversidade de actividades produtivas con base en recursos litorais
     - Grao de accesibilidade a praias e o seu contorno

   - Produción de alimentos

   - Pesca e acuicultura

     - % poboación ocupada no sector pesqueiro por concello

     - % poboación ocupada na acuicultura
     - % poboación ocupada en marisqueo tradicional
     - Produción en toneladas e valor económico das distintas actividades relacionadas co mar.
     - Pesca desembarcada por portos de orixe
     - Pesca desembarcada por portos de destino
     - % de desembarco e facturación das lonxas

   - Solo empresarial
     - % superficie de solo empresarial en concellos da costa ocupado por actividades relacionadas co litoral

   - Turismo
     - Estacionalidade
     - Destino para pasar a noite

   - Vivenda
     - % vivenda secundaria

4. Ciclo hídrico
   - Cumprimento da Directiva Europea de augas de Baño
   - Número de verteduras directas ao mar
   - Calidade das augas mariñas

5. Xestión de residuos
   - Volume de residuos recollidos nos areais
   - Sistemas de control da xestión de residuos da flota pesqueira

6. Mobilidade
   - Accesibilidade por medios alternativos a praias e o seu contorno
   - Aparcadoiros disuasorios para o acceso ás praias e o seu contorno
   - Accesibilidade por transporte público desde o litoral e os asentamentos do litoral ás cabeceiras de comarca e provincia.

8.3. ENQUISA DE PERCEPCIÓN TERRITORIAL E URBANÍSTICA

O mesmo que se formula nas DOT, é de gran importancia a percepción que a poboación ten acerca da súa calidade de vida en relación coa xestión e posta en valor dos recursos territoriais.

Nste sentido, o seguimento deberá introducir unha serie de cuestións específicas na enquisa de percepción da cidadanía presentada nas DOT. Estas cuestións referidas a determinadas circunstancias puntuais ou estruturais do litoral deberán ser definidas nos termos apropiados polos correspondentes equipos demoscópicos.

8.4. ÓRGANOS PARA O SEGUIMENTO

Este seguimento trata de representar unha realidade en termos de evolución da situación dos elementos estratéxicos e variables de sostibilidade territorial. Para iso é necesario ir máis alá dunha simple compilación de datos e cálculos, xa que afrontar a valoración das tendencias da sostibilidade require dun importante esforzo por considerar as profundas interrelacións entre os elementos e variables que coinciden no territorio.

Esta formulación reforza a necesidade da creación unha Comisión de Seguimento para atender as necesidades de información puntual e periódica que solicita a poboación en xeral e de apoio técnico específico para considerar a integración da sostibilidade territorial no planeamento estratéxico e xeral. Esta Comisión de Seguimento poderá corresponderse coa que se cree para o seguimento das Directrices de ordenación do territorio, dado que se trata en definitiva do seguimento da sustentabilidade territorial.

As funcións necesarias serían as que xa foron recollidas nas DOT:

- Manter unha liña aberta de comunicación con administracións afectadas e público interesado.
- Desenvolver e adaptar o sistema de indicadores para a sostibilidade territorial de Galicia.
- Identificar a contribución das propostas e plans estratéxicos de Galicia cara á sostibilidade territorial.
- Propoñer medidas para corrixir as posibles desviacións sobre o previsto, así como posibles efectos non contemplados inicialmente.
- Facer valoracións globais e particularizadas a través de informes da integración efectivamente conseguida.

Porto de Tal, Cabanas. Concello de Muros.

9. INFORME SOBRE A VIABILIDADE ECONÓMICA

Nos capítulos anteriores explicáronse as catro alternativas, ademais da alternativa 0, que se tiveron en conta no desenvolvemento do Plan de ordenación do litoral de Galicia. Estas foron valoradas atendendo ao grao de integración e permitíronnos un achegamento gradual e obxectivo para a valoración dos criterios, normas e principios xerais que un documento deste tipo debe establecer. Tamén fixemos referencia ao carácter tanto normativo, recollido no propio POL, como preventivo das medidas previstas para o correcto desenvolvemento do planeamento en relación aos obxectivos e intereses do Plan, que en por si non supoñen custo ningún.

Por tratarse dun instrumento de ordenación territorial de carácter estratéxico e por desenvolverse as súas determinacións a través doutras figuras de planeamento (plans e proxectos) o custo que isto poida supoñer non está directamente relacionado co POL. É dicir, este Plan establece criterios para dotar o litoral dunha estrutura territorial máis coherente, pero sen entrar en niveis de planificación que son os que implican un investimento económico.

É importante destacar a importancia de implementar un modelo xestión para un ámbito coma o litoral, no que interactúan múltiples axentes que deben coordinarse para dar resposta ao binomio Ecosistemas e Políticas Públicas e integrar, deste xeito, medio natural, economía, sociedade e goberno, tal e como queda recollido no Título VI. Programa de actuación, da Memoria do dito plan.

A necesidade de dar unha resposta a un modelo que integre desenvolvemento económico e protección dos recursos naturais é o que deu sentido á alternativa elixida. Trátase pois dunha xestión que involucra toda a sociedade e á natureza, unha xestión dos ‘humanos’ e os ‘non humanos’, unha auténtica política de paisaxe, integrada dentro das políticas de ordenación do territorio, é dicir, un modelo capaz de asumir ao mesmo tempo a protección do litoral, o desenvolvemento económico e a mellora da calidade de vida. Optouse polo establecemento dunha serie de medidas preventivas co obxecto de orientar o desenvolvemento dos plans ou programas e garantir, así, a incorporación dos criterios de sostibilidade ambiental que inspiran o POL. Estas medidas carecen de custo efectivo e supoñen unicamente un esforzo de coordinación das distintas administracións para garantir o cumprimento das condicións establecidas no presente Plan.

O POL non ten, como se explicou, unha implicación directa sobre o territorio senón que se desenvolverá a través doutros plans e proxectos e non supón a necesidade de implementar partida orzamentaria ningunha. Non obstante, si é un documento que pecha as bases dunha planificación estratéxica integral do territorio. O desenvolvemento do POL e as DOT significará unha maior coordinación dos investimentos públicos, o que redundará nunha maior eficiencia e alcance destes.

Rede galega de espazos protexidos. ZEPVN. Esteiro do Río Tambre.

Tarefas de marisqueo.

10. ANÁLISE DE COHERENCIA

10.1. COHERENCIA EXTERNA (ANÁLISE DA COMPATIBILIDADE ESTRATÉXICA)

Como forma de garantir a coherencia da planificación en cachón segundo o establecido nas Directrices de ordenación do territorio e de evitar o risco da incorporación de actuacións con criterios alleos e inconsistentes, realizouse para o POL unha análise que permite avaliar o seu grao de compatibilidade coas aliñacións estratéxicas, obxectivos e criterios das DOT.

Esta análise seguirá unha metodoloxía tipo cuestionario denominado Análise da compatibilidade estratéxica (ACE). Pretende ser unha ferramenta para o control da coherencia da planificación que se desenvolve en Galicia co diagnóstico e os obxectivos das DOT dividido en:

- Consideración dos aspectos clave para a sostibilidade. Explicando como se consideran no POL os efectos sobre os aspectos clave detectados nas DOT.

- Proceso de decisión. Analizando a bondade e calidade do proceso de decisión a través do que se deseña o POL.

- Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia. Avaliando a relación do POL cos elementos estratéxicos identificados na análise obxectiva do contorno realizado nas DOT.

10.1.1. Consideración dos aspectos clave para a sostibilidade

A seguir, analízase como se tiveron en conta os efectos do POL sobre os aspectos clave detectados nas Directrices de ordenación do territorio:

a) Calidade do solo

O POL promove un uso máis eficiente e sostible do solo a través do fomento de formas de crecemento urbano compactas, da rehabilitación e renovación de edificacións, a consolidación de intersticios completando tramas existentes ou da optimización territorial e ambiental de infraestruturas, dotacións e servizos. Todo iso favorece unha ocupación racional do solo o que leva consigo unha menor degradación deste recurso.

b) Vocacionalidade de ámbitos

Con este planeamento evitaranse os desenvolvementos urbanísticos nos espazos de maior valor agrolóxico, respectando a capacidade produtiva do solo e dun sector estratéxico para Galicia como é o da produción de alimentos.



Figura 1. Relacións en cachón da planificación.

c) Exposición a riscos

O plan reducirá a exposición a riscos tanto naturais como antrópicos a través do planeamento urbanístico, que de acordo coa información incluída no POL deberá definir as áreas de riscos que servirán como condicionante na implantación de usos.

Así mesmo deberanse considerar as previsións e evidencias do cambio climático para adaptar a planificación territorial e urbanística aos previsibles cambios como, por exemplo, a variación da cota de inundación ou o retroceso na liña de costa.

En referencia ao risco de incendios, búscase reducir o risco sobre a poboación mediante criterios de ordenación para explotacións forestais intensivas, núcleos de poboación e novos crecementos urbanísticos.

d) Conservación do patrimonio natural e cultural

Tanto para os espazos de interese natural e cultural detectados polo POL, como para aqueloutros recollidos ou que se recollan en instrumentos de planeamento territorial e urbanístico establécense criterios que garanten a súa preservación, recuperación e rehabilitación. Así, por exemplo, evitarase que os crecementos se dirixan cara a estes espazos ou con carácter xeral prohíbense novas explotacións mineiras e ampliación das existentes nas categorías de Protección e Mellora Ambiental e Paisaxística.

Rede galega de espazos naturais protexidos. Costa da Morte (norte).

e) Integración paisaxística

A elaboración do POL centrouse en unidades de paisaxe, realizando unha análise a escala de detalle que permitiu afondar en todos os elementos que interactúan no territorio. Isto deu lugar á obtención dun coñecemento que facilitará a futura planificación do territorio considerándoo desde o punto de vista dinámico e non como un escenario estático onde se levan a cabo as actividades humanas.

Así mesmo, inclúense criterios de integración paisaxística para as actuacións que se deriven da planificación territorial e urbanística que afecte o litoral.

f) Fragmentación do territorio

O Plan toma como premisa que calquera intervención ao longo das súas fases de execución velará por manter a diversidade e funcionalidade ecolóxica do territorio. Para iso, ademais dos corredores ecolóxicos detectados no POL establécese que o planeamento urbanístico prevexa corredores que promovan a permeabilidade do territorio ademais de garantir a integridade funcional dos sistemas naturais.

g) Competitividade económica

O POL fomentará a práctica de actividades económicas baixo modalidades ecolóxicas ou de produción integrada, e potenciaranse os procesos que contribúan ao peche dos ciclos produtivos e á valorización económica dos recursos endóxenos. Neste sentido, trátase de fomentar estes criterios nas actividades que presentan unha maior potencialidade de aproveitamento dos recursos endóxenos en condicións de sustentabilidade como son o sector pesqueiro-marisqueiro, o sector agrícola, o sector forestal, o sector enerxético e o turismo nas súas diversas dimensións (urbano, de natureza e descanso, de sol e praia, cultural, gastronómico, etc.).

h) Equilibrio no desenvolvemento económico

O ámbito litoral do que se ocupa o planeamento non presenta grandes diferenzas en cuestión de potencial económico, xa que o desenvolvemento do litoral ten a súa base nos propios valores paisaxísticos e naturais asociados á costa.

Desde o POL considérase o equilibrio no desenvolvemento económico como estratexia para evitar unha saturación contraproducente no aproveitamento dos valores asociados á propia funcionalidade territorial dos recursos do litoral. Con isto conséguese tamén unha maior compatibilidade e diversificación de actividades que en moitos casos chegan a ser complementarias.

i) Cohesión social

A través do POL favorecerase o acceso da poboación á información e ás dotacións e servizos. Partindo dos núcleos tradicionais, fortalecerase unha rede que, sobre todo no medio rural, servirá para mellorar a súa situación con respecto ás áreas máis urbanas.

j) Calidade de vida

Afróntanse diferentes aspectos relativos á calidade de vida como o emprego, o acceso a espazos libres e servizos públicos ou a mobilidade, establecendo criterios que emanan da análise do litoral realizada durante o proceso de planificación, de xeito que estes criterios en certa maneira incorporan as características do contorno e polo tanto melloran a calidade de vida a través do fomento de estilos de vida axeitados ao litoral.

Neste senso, desde o punto de vista do emprego promocionarase unha distribución máis equitativa dos beneficios da explotación de recursos entre as actividades económicas desenvolvidas no litoral e as comunidades. Ou na planificación de infraestruturas deberanse garantir condicións de seguridade e comodidade para os usuarios dos xeitos de transporte non motorizados.

k) Gobernanza

As determinacións contidas no POL rexerán as actuacións das distintas administracións de carácter estatal, autonómico e local con incidencia no litoral. Polo que para garantir unha coordinación eficaz e de calidade adóptase como principio reitor de actuación o de colaboración interadministrativa, así cada administración arbitrará os medios adecuados para que as demais poidan participar nas decisións propias mediante informes, audiencias, documentos e, no seu caso, a través dos órganos de coordinación que poidan crearse.

Ademais e en particular promoveranse convenios de colaboración entre as distintas administracións, ao obxecto de executar proxectos de ordenación e restauración ambiental conforme os criterios de actuación establecidos neste Plan ou nos plans e proxectos de desenvolvemento que poidan aprobarse.

l) Necesidades de mobilidade

O POL favorecerá a redución das necesidades de mobilidade a través do modelo territorial proposto e os criterios establecidos para o planeamento urbanístico. Fomentaranse desenvolvementos que aposten por modelos de mobilidade sostible, evitando os crecemento lineais e os dispersos e optando por estruturas de asentamento que aumenten a compacidade, diversidade e complexidade de usos.

Especialmente inclúense criterios de ordenación e xestión de mobilidade para as actuacións grandes xeradoras de mobilidade como centros comerciais, centros de transporte, grandes centros produtivos ou crecementos urbanísticos de especial relevancia.

m) Equilibrio na repartición modal

O Plan favorecerá o uso de modos alternativos ao vehículo privado motorizado a través do planeamento urbanístico que terá que deseñar os itinerarios de mobilidade contemplando o uso do transporte colectivo, en bicicleta ou peonil e para as actuacións significativas de xeración de mobilidade garantir a súa accesibilidade con modos alternativos ou colectivos.

n) Consumo enerxético

Na medida do posible o planeamento perseguirá a través do modelo territorial proposto a redución das necesidades enerxéticas. Do mesmo xeito, facilitará a implantación de fontes de enerxía renovables.

o) Emisión de Gases Efecto Invernadoiro

O esforzo para a redución de emisións de gases efecto invernadoiro levarase a cabo coa aplicación dos criterios establecidos para a ordenación da mobilidade e a enerxía.

p) Calidade da auga

O POL presta especial atención ao mantemento da calidade dos recursos hídricos mediante actuacións de erradicación de verteduras que non cumpran as condicións de calidade ou a través da promoción de sistemas de saneamento adecuados. Mesmo se condiciona o desenvolvemento de novos ámbitos de planeamento á garantía dun sistema de saneamento e depuración adecuado.

q) Consumo de recursos hídricos

Para a redución do consumo de auga, o POL inclúe unha serie de consideracións que serán tidas en conta polo planeamento municipal, como a renovación das redes existentes con problemas de eficiencia, a implantación de sistemas de aforro ou o fomento da reutilización de augas residuais.

r) Calidade do ar

O planeamento establece que para a localización das actividades e infraestruturas emisoras de calquera tipo de contaminación atmosférica deberase priorizar a prevención e minimización dos posibles efectos sobre a saúde da poboación e sobre os sistemas naturais.

Así mesmo, inclúese unha serie de criterios que adoptar polo planeamento urbanístico para a consecución dunhas condicións de calidade do ar que permitan un contorno saudable, como a creación de masas forestais e espazos verdes, o establecemento de bandas de protección entre as zonas habitadas ou especialmente sensibles e os focos emisores ou o mantemento das condicións de luminosidade das horas nocturnas.

s) Xestión de residuos

No tocante á xestión de residuos, o planeamento impulsará os sistemas de recollida selectiva para favorecer a reutilización e reciclaxe dos materiais. En canto ao desenvolvemento de novos ámbitos, deberase garantir o incremento da capacidade de recollida e tratamento dos residuos e a localización das instalacións de recollida, tratamento e xestión dos residuos farase atendendo a condicións de accesibilidade e de acordo ao modelo que determine a planificación sectorial en materia de residuos.

Vista panorámica desde a Torre de Hércules.

10.1.2. Proceso de decisión

a) Coherencia en cachón

Relación cos obxectivos das DOT. Avaliar a relación dos obxectivos estratéxicos que motivan o planeamento cos obxectivos das directrices e, se é o caso, obxectivos de planificación intermedia

O POL segue a liña marcada nas directrices de acordo cos criterios comúns de fortalecer os núcleos tradicionais, o litoral e poñer en valor o territorio, mellorar a accesibilidade e mobilidade, protexer o patrimonio natural e cultural e afianzar o protagonismo exterior de Galicia.

Así mesmo, o Plan elaborouse asumindo as funcións que lle foron establecidas nas directrices así como as propostas orientadas a dotar o litoral galego dunha estrutura territorial máis coherente (o litoral como paisaxe de calidade, o litoral verde, a Senda dos Faros, núcleos de atracción turística e núcleos de identidade do litoral).

b) Coherencia transversal

Relación cos obxectivos da planificación sectorial. Avaliar a relación dos obxectivos estratéxicos do POL cos obxectivos da planificación sectorial existente

O POL pretende promover un modelo territorial en harmonía coa paisaxe que poña en valor os seus elementos e trazos identitarios. Neste sentido a futura planificación de sectores como a acuicultura, a enerxía eólica ou as áreas empresariais será redirixida co obxecto de conseguir unha xestión dos recursos integrada coas características ambientais da zona costeira.

A planificación sectorial de infraestruturas de transporte serve como punto de partida para comprender o complexo sistema de mobilidade, aínda que o POL non incida nesta planificación si que ao establecer políticas de ocupación do solo máis racionais redúcense os desprazamentos e polo tanto as necesidades de mobilidade.

En relación coa planificación de abastecemento e saneamento, o modelo territorial proposto evita os procesos de dispersión e polo tanto contribúe co obxectivo dun uso máis eficiente das infraestruturas.

O POL incorpora criterios de integración paisaxística ás actuacións previstas no litoral pola planificación enerxética. Estas actuacións teñen como obxectivo principal a mellora da rede de transporte para satisfacer a demanda, absorber a enerxía xerada prevista e lograr unha infraestrutura competitiva e de calidade.

A planificación de conservación da natureza vese moi favorecida co POL e o seu compromiso de establecer un modelo territorial que favoreza a funcionalidade e conectividade dos sistemas naturais, garantindo a integridade dos sistemas naturais, evitando a presión sobre as súas áreas e elementos máis fráxiles e establecendo elementos a xeito de corredores que favorezan a conectividade ecolóxica.

c) Demanda social

Avaliar a metodoloxía utilizada para a estimación da demanda que motiva as actuacións do planeamento

O litoral galego foi historicamente o territorio da actividade económica de maior dinamismo poboacional e do desenvolvemento urbano. O cambio de modelo do sistema agrario que condiciona a actual estrutura social de Galicia non fixo máis que acentuar este fenómeno, potenciando os procesos de migración desde as terras interiores ás zonas costeiras, especialmente cara aos centros urbanos. Os procesos de suburbanización ou difusión periférica, que caracterizan o sistema urbano galego, son especialmente intensos nas rexións urbanas do litoral e os efectos sobre o patrimonio natural, a eficiencia dos ecosistemas, a súa funcionalidade e conectividade, a perda e a banalización da paisaxe, o aumento da mobilidade, a calidade do ar, a repercusión sobre o cambio climático, aínda que difíciles de cuantificar son significativos.

Estas presión, ao mesmo tempo que este desenvolvemento socioeconómico, supuxo transformacións intensas no territorio. Moitas destas transformacións foron recollidas pola poboación como perturbacións que necesitan dun modelo territorial para salvagardar a calidade de vida, a paisaxe e os valores deste territorio costeiro. Das respostas obtidas tralo cuestionario Delphi realizado a actores institucionais e sociais (ver Título I, Capítulo 3, O goberno do territorio e a participación) destaca a preocupación polo desenvolvemento urbanístico incontrolado no nivel municipal, expresado a través de diversas acepcións como a deficiente regulación urbanística no nivel municipal, a improvisación dos proxectos, a ocupación descontrolada do territorio, a falta de coñecemento urbanístico, a ausencia de planeamento urbanístico no nivel municipal, urbanismo desenfreado, etc.

Polo tanto, a ordenación do sistema costeiro convértese nunha cuestión fundamental para definir un modelo territorial que contribúa a garantir os equilibrios territoriais entre o interior e as rexións atlánticas. Polo que tamén resulta importante desde a óptica territorial atopar mecanismos para establecer as directrices e criterios en relación cos fenómenos urbanos e metropolitanos dentro da estrutura territorial rexional.

O Parlamento de Galicia tamén segue por este camiño a través da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, a cal establece que o Plan sectorial de ordenación do litoral a que fai referencia a disposición transitoria oitava da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, terá a natureza dun plan territorial integrado regulado na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia, co obxecto de establecer os criterios, principios e normas xerais para a ordenación urbanística da zona litoral baseada en criterios de perdurabilidade e sostibilidade, así como a normativa necesaria para garantir a conservación, protección e posta en valor das zonas costeiras.

O litoral é un sistema, é dicir, un conxunto complexo de elementos interrelacionados que dependen uns dos outros. A non elaboración dun instrumento que o xestione suporía a perda progresiva dos valores deste territorio debido á incorporación de usos e actividades incompatibles que desvirtúen e agraven a identidade da costa, ámbito representativo da Comunidade Autónoma de Galicia.

En definitiva, a ordenación, planificación e xestión do litoral constitúe non só unha vontade senón unha necesidade irrenunciable para dotar de coherencia todas as políticas públicas e asegurar, ao mesmo tempo, a mellora da calidade de vida e da paisaxe.

d) Consideración de alternativas. Xustificación da elección

Avaliar se o planeamento é resultado da selección entre varias alternativas e a xustificación da alternativa seleccionada

O papel que desempeña a paisaxe do litoral na vertebración da realidade territorial galega, entendendo a paisaxe como elemento identitario dunha rexión e, por extensión, dunha sociedade, supón asumir papeis produtivos, simbólicos e funcionais que só poden estar localizados neste contorno pero que deben dar servizo ao conxunto de Galicia. Así a articulación de medidas, especialmente as enfocadas ao desenvolvemento turístico ou económico, non poden polo tanto esquecer a delicada fraxilidade ambiental dos enclaves que as acollen. Calquera planificación, polo tanto, deste territorio terá sen dúbida ningunha repercusión no resto da Comunidade Autónoma.



Núcleo de identidade do litoral. Santo André de Teixido.

Tras descartar a alternativa 0 pola necesidade patente dun marco regulatorio da ordenación dunha área tan sensible como é o litoral, considérase que a alternativa 1 (Protección de 500 metros), aínda que é aceptable como medida urxente, non incorpora o coñecemento que hoxe se ten á disposición dunha xestión dinámica e flexible da ordenación territorial do litoral. Avanzando no nivel de protección e ordenación urbanística, finalmente seleccionouse a alternativa 4 (Modelo de xestión do litoral baseado no recoñecemento dos valores e elementos identitarios) para o POL, xa que ademais de recoller as características das alternativas 2 (Protección ambiental) e 3 (Protección ambiental e criterios de ordenación urbanística no litoral), achega novas opcións para unha ordenación do territorio de Galicia máis eficiente en termos ambientais, máis cohesionada desde a perspectiva social e máis competitiva en termos económicos.

e) Consultas e coordinación

Avaliar o grao de consenso buscado durante o proceso de planificación desde as perspectivas de: métodos e participación cidadá; métodos e consultas a outras administracións públicas; e coordinación con políticas, plans e normas

Durante o proceso de planificación do POL buscouse un alto grao de consenso, para o cal se fixeron enquisas e solicitudes de información aos municipios, aos restantes departamentos da Xunta, consultas a expertos e á poboación en xeral.

As consultas a expertos realizáronse utilizando o método DELPHI, cun cuestionario arredor de 7 áreas temáticas: modelo territorial, medio ambiente, sostibilidade, patrimonio cultural e paisaxe, modelo de desenvolvemento económico, poboación e actividade económica, calidade de vida e uso público, infraestruturas e enerxía.

Fixéronse exploracións participativas cos municipios, mediante unha serie de entrevistas co seguinte contido: recollida das necesidades de cada un dos municipios e a súa visión particular do modelo desexable de xestión do litoral, recollida de suxestións sobre accións e estratexias concretas en cada termo municipal, recollida das opinións e suxestións dos concellos en relación coas súas necesidades: o que esperan do POL, o que necesitan do POL, recollida de información sobre os elementos valiosos desde o punto de vista do patrimonio natural e cultural de cada termo municipal, infraestruturas e servizos con incidencia no ámbito de estudo, plans, proxectos e estratexias en curso.

Aproveitando o proceso de avaliación ambiental estratéxica, o documento de inicio do POL estivo exposto na páxina web da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental para que os membros do COGAMADS ou para que calquera persoa interesada achegase os seus comentarios.

10.1.3. Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia

Trátase de avaliar a relación do planeamento cos elementos territoriais estratéxicos identificados na análise obxectiva do contorno das Directrices de ordenación do territorio.

a) Paisaxe, patrimonio natural e cultural

Os patrimonios natural e cultural teñen unha gran responsabilidade na configuración da paisaxe constituíndo dous dos principais activos para o desenvolvemento futuro de Galicia. Existen paisaxes naturais de enorme atractivo, pero tamén se atopan paisaxes urbanas, núcleos rurais e paisaxes ligadas a actividades agrarias de enorme valor.

O POL xorde da reflexión e o compromiso por realizar unha política activa da xestión da paisaxe. Así, a paisaxe convértese na ferramenta de análise e proposta do POL, poñendo énfases na identificación das distintas unidades de paisaxe e na análise da estrutura física do territorio que abranguen como premisa para acceder á súa concreción formal, e polo tanto, garantir a compatibilidade do desenvolvemento urbano e rural co desenvolvemento e conservación da paisaxe.

Torre de Hércules.

b) Produción de alimentos

A produción de alimentos de calidade é un do principais activos da economía galega. Para aproveitalos é necesario favorecer os procesos de transformación e de comercialización de produtos do agro e do mar, en particular, aqueles que garanten un beneficio directo aos produtores de base galega.

O POL fomentará o aproveitamento en condicións de sostibilidade das actividades con potencialidade no litoral e que son clave na produción de alimentos. Neste sentido, inclúense criterios para o seu aproveitamento que favorecerán aos produtores de base galega como a práctica baixo modalidades ecolóxicas ou de produción integrada e potenciar os procesos que contribúan ao peche dos ciclos produtivos e á valorización económica dos recursos endóxenos.

c) Solo empresarial

É necesario conxugar eficacia e eficiencia na procura dunha maior rendibilidade dos investimentos en parques empresariais que favorezcan a súa función vertebradora da política territorial, ao seren deseñados en relación coas súas características funcionais e de localización.

Co POL a futura planificación das áreas empresariais será redirixida co obxecto de conseguir unha xestión dos recursos integrada coas características ambientais da zona costeira. Así mesmo, as áreas que vaian ser executadas deberán cumprir cos criterios de integración paisaxística recollidos na normativa deste Plan. En definitiva, o POL condiciona a localización de áreas empresariais desde o punto de vista da protección dos espazos de intererese do litoral, pero será a planificación sectorial ou urbanística competente a que afonde na función vertebradora, eficacia ou eficiencia destas áreas.

d) Turismo

É necesario delimitar a especialidade e a eficiencia na creación de ofertas nos destinos turísticos e que xeren combinación de produtos axeitados para cada espazo, singularidades locais, actitudes da poboación e que, ao mesmo tempo, permita unha certa flexibilidade na ordenación en función dos movementos e motivacións da demanda.

Ante a necesidade dunha xestión do turismo de acordo coa capacidade de carga do litoral, caracterizáronse os espazos turísticos do litoral galego, detectándose os puntos fortes e as debilidades existentes. A partir desta análise, realizouse unha serie de propostas estratéxicas adaptadas ás singularidades deste espazo á vez que se trata de xerar combinación de produtos.

De forma xeral, apúntase a necesidade de combinar o turismo de praia con extensión desta oferta cara a valores e atractivos etnográficos, culturais e de natureza. Do mesmo xeito, destácase a necesidade de conxelar e mesmo reducir a carga turística en certas áreas.

En definitiva, as propostas estratéxicas pretenden a regulación e restrición dos accesos a áreas estratéxicas de conservación, a desviación de turismo cara a destinos de interior, o fomento do uso do ferrocarril ou a consolidación de usos turísticos respectuosos co litoral.

e) Equipamentos e servizos básicos

Os equipamentos e servizos básicos determinan, en gran medida, o benestar e a cohesión social. A accesibilidade da cidadanía a eles supón un factor de competitividade territorial que os converte en elementos de dinamización da actividade socioeconómica.



Análise da coherencia [ámbito – análise – obxectivos – alternativas]

A través do POL favorecerase o acceso da poboación á información e ás dotacións e servizos. Partindo dos núcleos tradicionais, fotalecerase unha rede, que sobre todo no medio rural servirá para mellorar a súa situación con respecto ás áreas máis urbanas.

10.2. COHERENCIA INTERNA

A figura “Análise da coherencia [ámbito – análise – obxectivos – alternativas]” presenta as relacións das primeiras etapas, desde a determinación do ámbito de influencia ata a formulación das distintas alternativas, pasando pola análise obxectiva e a definición de obxectivos xerais para a planificación e específicos sobre as variables de sostibilidade ambiental.

En primeiro lugar, a través da análise das zonas costeiras conforme a delimitación das bacías vertentes o que concretou a delimitación do ámbito de xestión do POL. Esta determinación metodolóxica con respecto á delimitación do ámbito vén do mesmo xeito recollida no documento das DOT actualmente en elaboración.

A análise obxectiva deste ámbito permite poñer de manifiesto os condicionantes ambientais, económicos e sociais de partida. Tamén se analiza o contexto das políticas e programas cos relacionados a nivel europeo, estatal e autonómico e por suposto as variables que se consideran claves para promover a sostibilidade que foron identificadas no Documento de Referencia para a Avaliación ambiental estratéxica do POL.

Con esta situación, ademais dos normativamente establecidos polo contexto xurídico, os obxectivos do POL son coherentes coos establecidos nas DOT en elaboración conxugando os principios reitores para unha planificación sostible.

Para conseguilos propóñense catro alternativas, ademais da alternativa 0. Cada unha valorouse tendo en conta o grao de integración dos criterios de sostibilidade para cada elemento estratéxico no marco dos obxectivos xerais establecidos. Este método permite un achegamento gradual e obxectivo á valoración dos criterios, normas e principios xerais que un documento como o POL debe establecer.

Ante a necesidade de crear un marco que regule e ordene a área do litoral, descartamos a alternativa 0 (non facer nada, é dicir, seguir coa situación actual) e a Alternativa 1, posto que esta medida unicamente é válida como medida urxente a expensas da elaboración dun Plan de ordenación. Por iso, finalmente elixiuse a Alternativa 4 (Modelo de xestión do litoral baseado no recoñecemento dos valores e elementos identitarios) por ser a alternativa que recolle as anteriores (Alternativa 2 de Protección Ambiental e Alternativa 3 de Protección Ambiental e criterios de ordenación urbanística do litoral) e introduce novas características para conseguir o obxectivo principal: unha ordenación do territorio costeiro de Galicia máis eficiente en termos ambientais, máis cohesionada desde a perspectiva social e máis competitiva en termos económicos.

Toda estratexia de ordenación leva implícita unha serie de efectos previsibles que se concretan no momento da implementación sobre o territorio das actuacións derivadas dela. No caso do POL, isto prodúcese co posterior desenvolvemento da planificación en cachón.

Identificados estes efectos previsibles, é necesario o establecemento das oportunas medidas. O mesmo que ocorre coas DOT, tendo en conta o carácter estratéxico do POL non resulta operativo o establecemento de medidas correctoras ou mitigadoras que serán máis apropiadas a niveis de planificación que desenvolvan o POL e que posúan un maior nivel de detalle. Por iso se opta polo establecemento de medidas preventivas que garantan a incorporación dos criterios de sostibilidade territorial que inspiran o POL, tanto se se trata por interacción doutros instrumentos de planificación sectorial, como se se trata de figuras de planeamento de rango inferior que desesenvolvan o modelo territorial das DOT concretado polo POL para o ámbito do litoral galego.

A implementación dos criterios xerais de ordenación do territorio establecidos nas DOT xunto cos específicos máis pormenorizados que se concretan no POL terán incorporados criterios de sostibilidade territorial e do litoral. Ademais, para o planeamento en cachón repetirase a Análise de Compatibilidade estratéxica que outorgará garantías suficientes de sostibilidade territorial.

PLAN DE ORDENACIÓN DO LITORAL

XUNTA DE GALICIA

TÍTULO VIII

CAPITULO 3

Anexo 1: indicadores de sostenibilidade territorial

1. INDICADORES DE SOSTIBILIDADE TERRITORIAL..... 05



Beluso. Rias Baixas.

1. INDICADORES DE SOSTIBILIDADE TERRITORIAL

A seguir, proponse unha serie de indicadores que tratan de representar unha realidade en termos de evolución dos elementos estratéxicos e as variables de sostibilidade. Estes indicadores son o resultado de completar os propostos para as Directrices de ordenación do territorio cos indicadores específicos para o ámbito litoral (marcados en cor).

Estes permiten unha visión pormenorizada da evolución territorial con elementos de comparación entre a Galicia costeira e o interior. É importante considerar polo tanto as profundas interrelacións entre as variables que se dan no territorio.

1. Ocupación do territorio

- Superficie total
    - Porcentaxe de superficie construída
    - Porcentaxe de superficie de infraestruturas
        - Quilómetros de estradas
        - Quilómetros de vías de ferrocarril
        - Quilómetros específicos para a mobilidade alternativa
    - Porcentaxe de superficie natural
    - Porcentaxe de superficie protexida
    - Porcentaxe de superficie libre no primeiro quilómetro de costa
    - Superficie en desuso ou abandonada
- Mapa de asentamentos en relación coas superficies de nova construción
- Mapa de asentamentos en relación ás superficies de novas infraestruturas
- Evolución da urbanización por distancia á liña de costa
- Evolución da presenza de infraestruturas litorais
- Deslindamento do dominio público marítimo-terrestre

2. Paisaxe

- Evolución dos principais usos do solo
- Porcentaxe de transformación da paisaxe
- Diversidade de paisaxes
- Análise da fragmentación e a conectividade
- Actuacións públicas e privadas na conservación, xestión e ordenación da paisaxe

3. Patrimonio natural

- Superficie dos espazos naturais protexidos de Galicia
- Plans de ordenación e de xestión aprobados e en elaboración
- Porcentaxe de superficie natural protexida que posúe un plan de ordenación e xestión aprobado
- Actuacións públicas e privadas na conservación, xestión e ordenación de recursos naturais
- Contornos con valores litorais protexidos

4. Patrimonio cultural

- Espazos de interese histórico-cultural declarados, recuperados ou rehabilitados
- Actuacións públicas e privadas na conservación, xestión, e ordenación do patrimonio cultural

5. Socioeconomía

Poboación
- Poboación total e taxa de crecemento
    - Porcentaxe de habitantes no medio urbano
    - Porcentaxe de habitantes no medio rural
    - Porcentaxe de habitantes no litoral
        - Porcentaxe de poboación no primeiro quilómetro de costa
        - Porcentaxe de poboación estacional
    - Porcentaxe de habitantes no interior
- Densidade de poboación (hab./km^2)

Socioeconomía
- PIB por habitante
    - Taxa e entrada de risco e pobreza
    - Índice de Gini da distribución da renda

- Taxas de actividade e de desemprego
- Estrutura da poboación activa asalariada por industria e sector
- Nivel de estudos da poboación
- Profesionais sanitarios colexiados
- Defuncións por suicidio
- Porcentaxe de fogares unipersoais
- Porcentaxe de poboación de 65 anos ou máis
- Accesibilidade a equipamentos e servizos básicos (sanidade, educación, zonas verdes, espazos públicos, comercios de proximidade, etc.)
- Porcentaxe de participación nas eleccións locais
- Porcentaxe de persoas que utilizaron novas tecnoloxías
- Porcentaxe de gasto de PIB en I+D
- Diversidade de actividades produtivas con base en recursos litorais
- Grao de accesibilidade a praias e o seu contorno

Produción de alimentos
- Agricultura e gandería
    - Número, superficie total e superficie agrícola utilizada (SAU) das explotacións
    - Efectivos e explotacións de gando
    - Maquinaria agrícola
- Pesca e acuicultura
    - Pesca desembarcada en Galicia: toneladas e valor da produción
    - Produción de acuicultura mariña
    - Produción en toneladas e valor económico das distintas actividades relacionadas co mar
    - Porcentaxe de produción ocupada no sector pesqueiro por concello
    - Porcentaxe de produción ocupada na acuicultura
    - Porcentaxe de produción ocupada no marisqueo tradicional
    - Porcentaxe de desembarco e facturación das lonxas
    - Pesca desembarcada por portos de orixe
    - Pesca desembarcada por portos de destino

Aproveitamento forestal
- Superficie total forestal
- Porcentaxe de superficie forestal ordenada respecto ao total
- Porcentaxe de superficie arborada con especies autóctonas

Solo empresarial
- Persoas ocupadas e importe neto da cifra de negocios por agrupacións de actividade
- Número de empresas por sede social
- Demografía empresarial
- Porcentaxe de empresas que dispoñen de determinados equipamentos e servizos TIC
- Porcentaxe de superficie de solo empresarial en concellos da costa ocupado por actividades relacionadas co litoral

Turismo
- Establecementos hoteleiros e de turismo rural abertos por categoría
- Prazas estimadas dos establecementos hoteleiros e de turismo rural por categoría
- Grao de ocupación por prazas en establecementos hoteleiros e de turismo rural por categoría
- Estacionalidade
- Destino para pasar a noite

Equipamentos e servizos básicos
- Porcentaxe de poboación conectada a unha rede de abastecemento de auga
- Porcentaxe de poboación conectada a algún sistema de saneamento
- Rangos de accesibilidade e cobertura de atención sanitaria
- Rangos de accesibilidade e cobertura de instalacións educativas
- Rangos de accesibilidade e cobertura de instalacións deportivas
- Superficie de zonas verdes, servizos básicos e equipamentos en relación á poboación
- Porcentaxe de zonas verdes con superficies autóctonas
- Accesibilidade media ás administracións

Vivenda
- Construción de vivendas libres e protexidas
- Prezo de vivenda libre e protexida
- Relación entre o prezo da vivienda e os ingresos familiares
- Vivendas baleiras e desocupadas
- Porcentaxe de vivienda secundaria

6. Atmosfera

- Calidade do ar para a protección da vexetación na estación de fondo
- Índice de calidade de ar rural
- Índice de calidade de ar urbano
- Emisión de gases precursores de ozono troposférico
- Porcentaxe de poboación con exposición a ruído superior a 65 dB

7. Ciclo hídrico

- Dispoñibilidade de auga
- Distribución de auga por grandes grupos de usuarios
- Recollida e tratamento das augas residuais
- Consumo de augas por sectores (servizos, industrial, agrícola e urbano)
- Volume de auga reutilizada
- Volume de auga residuais tratadas
- Porcentaxe de perdas nas redes de abastecemento e saneamento
- Calidade das verteduras procedentes de augas residuais
- Calidade das augas, estado químico e estado ecolóxico
- Calidade das augas mariñas
- Número de verteduras directas ao mar
- Cumprimento da Directiva Europea de augas de Baño

8. Enerxía

- Produción de enerxía eléctrica
    - Número de instalacións de enerxías renovables
    - Potencia eléctrica instalada de enerxías renovables
- Distribución de enerxía eléctrica por sectores de uso
- Consumo de enerxía / PIB sectorizado
    - Consumo de enerxía eléctrica en fogares e sectores de actividade
    - Consumo de gasolinas, gasóleos e fuelóleos
- Intensidade de emisións de CO_2 de orixe enerxética

Porto da Coruña.

9. Xestión de residuos

- Residuos xerados polo sector industrial
  - Produción declarada de residuos perigosos por tipo e grupo de actividade
- Xeración de RU por habitante e composición
  - RU recollidos
    - Recollida selectiva de papel
    - Recollida selectiva de envases
    - Recollida selectiva de vidro
    - Recollida selectiva de residuos eléctricos e electrónicos
  - Porcentaxe de RU reciclados-recuperados
  - Porcentaxe RU rexeitados
- Xeración de residuos polo sector sanitario
  - Produción declarada de residuos por clase e centro sanitario
- Porcentaxe de solos contaminados
- Porcentae de solos contaminados recuperados
- Volume de residuos incinerados
- Volume de residuos a vertedoiros
- Volume de residuos recollidos nos areais
- Sistemas de control da xestión de residuos da frota pesqueira

10. Cambio climático

- Emisións de gases de efecto invernadoiro

11. Mobilidade

- Distribución modal do transporte
  - Infraestruturas intermodais
  - Número de prazas de aparcadoiro público por habitante e quilómetro cadrado
- Densidade da rede de estradas
  - Distribución modal do espazo público
    - Quilómetros de itinerarios peonís preferentes
    - Quilómetros de itinerarios ciclistas
    - Quilómetros de vías de coexistencia
    - Quilómetros de itinerarios reservados ao transporte público
  - Parque de vehículos
    - Número de vehículos por habitante e quilómetro cadrado
    - Vehículos matriculados anualmente
  - Persoas que viaxaron no transporte urbano regular xeral
  - Intensidade de vehículos nas estradas: número de vehículos por día
  - Intensidade de vehículos nos núcleos urbanos: número de vehículos por día
  - Emisións de CO_2 do sector transporte
- Accidentes con vítimas, e vítimas de accidentes de tráfico
- Aparcadoiros disuasorios para o acceso ás praias e o seu contorno
- Accesibilidade por medios alternativos a praias e o seu contorno
- Accesibilidade por transporte público desde o litoral e os asentamentos do litoral ás cabeceiras de comarca e provincia